



Manuscritos e impresos: Arquivo e Biblioteca do Museo do Pobo Galego. Rosa María Méndez García
• **En procura da tradición inmediata.** Dorothé Shubarth • **Biblioteca, cámara reservada.** Suso de Toro
• **A saga dos Baltar. De Padrón a Compostela.** Xosé Ramón Fandiño Veiga • **"Desembalando" a arte contemporánea da Biblioteca Baltar.** Mercedes Rozas • **Unha carta de Risco desde Berlín a Afonso Vázquez Monjardín.** Afonso Vázquez Monxardin Fernández • **Arquivos familiares: Unha xanela ó pasado.** Ramón Lojo Corbal • **Motivos sobre el paisaje de Galicia (1948).** Manuel Arroyo Núñez • **O río Ulla e as vías de comunicación a finais do Antigo Réxime.** Ramón Falcón Galiñanes • **Achegas dos galegos á cartografía de America dos séculos XVIII e XIX.** Iván Fernández Pérez • **O Papel da festa. O proceso da exposición dun documento aparentemente trivial.** Manuel Rial Santos

ADRA

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego
Nº 17 - Santiago de Compostela 2022 - 2023

ADRA · Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego
Museo do Pobo Galego - San Domingos de Bonaval, 15703 Santiago de Compostela

Consello de Edición:

Fátima Braña Rey
Rosa Méndez García
Gualteria Pintos Barreiro
Manuel Vilar Álvarez

Colaboracións:

Ana Mateos Vara
Isabel Vigo Rodríguez

Deseño e maquetación:

Juan Feáns

Impresión:

Tórculo Comunicación Gráfica

Asesoramento lingüístico:

Galego: Gualteria Pintos Barreiro
Inglés: María Vila Sieira

Depósito Legal: C-2367-2005

ISSN: 1886-2292

Obra da portada:

Esperanza Delgado Rosende
Collage

© da edición: Museo do Pobo Galego

© dos textos: As autoras e autores

ADRA é unha revista con periodicidade anual que comezou a súa andaina no 2005 co espírito de crear un soporte para a publicación de artigos de coñecemento científico e cultural desde Galicia. Tentando chegar a unha ampla audiencia ADRA distribúese a través de intercambio con máis de 150 bibliotecas europeas.

Os temas que se abordan son todos aqueles relacionados coa realidade galega desde calquera punto de vista e área de coñecemento, tendo especial incidencia a antropoloxía social acorde cos fins e misión do Museo do Pobo Galego. A lingua da Revista é o galego. Os artigos que publica son orixinais e inéditos e foron sometidos a unha avaliación por pares mediante o sistema dobre cego, con garantía de anonimato.

As opinións e feitos consignados en cada artigo son de exclusiva responsabilidade dos seus autores. O Museo do Pobo Galego non se fai responsable, en ningún caso, da credibilidade e autenticidade dos traballos.

Esta revista está incluída nas seguintes bases de datos:

IN_Recs (Universidad de Granada): <ec3.ugr.es/in-recs/ii/Antropologia-2010.htm>

Dialnet (Universidad de La Rioja): <<http://dialnet.unirioja.es/>>

5

Manuscritos e impresos: Arquivo e Biblioteca do Museo do Pobo Galego

Rosa María Méndez García

19

En procura da tradición inmediata

Dorothé Shubarth

25

Biblioteca, cámara reservada

Suso de Toro

29

A saga dos Baltar. De Padrón a Compostela

Xosé Ramón Fandiño Veiga

35

"Desembalando" a arte contemporanea da Biblioteca Baltar

Mercedes Rozas

49

Unha carta de Risco desde Berlín a Alfonso Vázquez Monjardín

Afonso Vázquez Monxardín Fernández

63

Arquivos familiares: Unha xanela ó pasado

Ramón Lojo Corbal

69

Motivos sobre el paisaje de Galicia (1948)

Manuel Arroyo Núñez

77

O río Ulla e as vías de comunicación a finais do Antigo Réxime

Ramón Falcón Galiñanes

103

Achegas dos galegos á cartografía de America dos séculos XVIII e XIX

Iván Fernández Pérez

139

O Papel da festa. O proceso da exposición dun documento aparentemente trivial

Manuel Rial Santos

Manuscritos e impresos: Arquivo e Biblioteca do Museo do Pobo Galego

Rosa María Méndez García

Resumo:

Presentamos unha visión xenérica do que foron estes últimos 15 anos na Biblioteca e Arquivo do Museo do Pobo Galego. Destacamos algúns dos ingresos máis senlleiros, a aplicación das novas tecnoloxías para a catalogación, conservación e difusión a través das redes e plataformas dixitais. As actividades e colaboracións con outras institucións, e o noso agradecemento ás persoas e entidades, que coas súas aportacións, traballo ou voluntariado permitiron que estes fondos bibliográficos e documentais estean accesibles para estudo, uso e goce de todas aquelas persoas interesadas en coñecer o noso rico patrimonio.

Palabras chave:

Museo o Pobo Galego, patrimonio bibliográfico, arquivo documental, voluntariado, Galicia.

Abstract:

We are going to show a general vision of the last 15 years in the library and archive of the Museo do Pobo Galego by highlighting some of the most significant entries and the application of new cataloguing technologies for the conservation and spreading of our archive through social networks and digital platforms. We also mention the activities and collaborations with other institutions and our appreciation to the people and entities whose contributions, work or voluntary work helped make the library's collection accessible for those who want to study, research or simply enjoy our rich heritage.

Keywords:

Museo do Pobo Galego, bibliographic heritage, documentary archive, voluntary work, Galicia.

No ano 2007, o lembrado Carlos García Martínez, director deste Museo, publicaba no número dous da revista ADRA un traballo titulado *Achegas para a xénese dunha biblioteca (nos trinta anos do seu comezo)*, xogando un papel fundamental na súa conformación que, como el manifestaba, “á volta dos anos pode considerarse como unha das notables de Galicia”, logo de iniciar o Museo a súa andaina sen dispor de ningún fondo bibliográfico.

Relataba el as vicisitudes e dificultades do departamento de *Biblioteca, documentación e bibliografía*, así denominado no nacente proxecto de Museo de trinta anos atrás. Quince anos despois queremos reatar ese fío e falar das novas incorporacións así como da importancia que adquiriu o arquivo documental. O traballo arriba evocado falaba das primeiras publicacións que fornecen distintos patróns, das bibliotecas privadas, dos seus posuidores e fondos, dun conxunto integrado polas doazóns de Xaquín Lorenzo, Taboada Chivite, Antonio Fraguas, Rodríguez Fraiz, Manuel Beias, rematando na chegada da biblioteca da familia Baltar.



Carlos García Martínez no seu despacho. (Foto Clodio González Pérez)

Nestes últimos anos, tanto a Biblioteca como o Arquivo seguiron medrando pouco a pouco, doazóns institucionais, persoais ou familiares que se incorporaron ao longo deste tempo con pequenas e grandes achegas cun cumprimento abano cronolóxico que vai desde o século XIII ao XXI. Este acervo documental que se nos

presenta en diferentes formatos (libros, folletos, mapas e planos, documentos en papel ou pergameo, manuscritos ou mecanografados, xunto a dípticos, cartaces, follas voandeiras, partituras, adhesivos...), abarca toda unha variada temática: antropoloxía, etnografía, arte, historia, xeografía, socioloxía, política, ecoloxía, economía, etc.

Resaltaremos aquí algúns dos ingresos máis sobresaíntes polo seu volume, rareza ou antigüidade:

- Dentro do apartado de documentación antiga salientamos o *Arquivo Ricardo Blanco Cicerón*, que ingresa no Museo do Pobo Galego no 2007. Fernando Acuña Castroviejo, daquela vicepresidente do Padroado do Museo e bisneto de Ricardo, trouxo -co acordo das súas irmás e irmáns Rosina, Margarita, Carlos e Darío- o arquivo particular do seu devanceiro, activo coleccionista nado en Tui, apoderado da Banca Simeón e membro impulsor e activo na *Exposición Regional Gallega* de 1909. A día de hoxe está xa dixitalizado, polo que pode ser consultable practicamente todo desde o catálogo en liña do arquivo. Tralo pasamento de Fernando Acuña (1945-2016), o Museo recolle tamén a súa biblioteca e arquivo, enviando (por expreso desexo do finado) os exemplares duplicados á Biblioteca da Universidade de Porto e ao Arquivo Municipal de Narón.

- As irmáns Blanca, Teresa e Rosario González del Blanco Pereyra doan ao MPG, no ano 2008, unha interesante colección documental (1401-1855) procedente da familia da súa nai, Rosario Pereyra de Miranda; facer aquí unha especial mención aos oito pergameos coas mandas testamentarias do que



Recepción do fondo Roberto González del Blanco

foi deán da catedral nado en Noia, Núñez d'Aponte. A esta hai que engadir, uns anos despois, unha nova achega con documentación persoal do pintor Roberto González del Blanco, o seu pai, debuxos, bosquexos, cartas, fotografías e unha serie de seis debuxos composteláns conforman este fondo.

- Documentos soltos de carácter privado (escrituras de compra-venda, testamentos, recibos de entre os séculos XV e XIX) son achegas da *Familia Peña Pájaro, Carlos Castelao ou Manuel Serantes Blanco*, entre outros.

- Libros, textos manuscritos, fotos ou cartas pertencentes ao escritor e sociólogo *Victoriano García Martí* (1881-1966) son cedidos ao Museo no ano 2011 pola familia Beiras García-Martí. Inclúen textos de carácter político que reflicten a defensa a ultranza que o autor fai da II República e da educación e igualdade das mulleres, ou de carácter máis social, como a atinada descrición de Santiago, xunto a un feixe de cartas de Castelao, Eduardo Blanco Amor ou Sofía Casanova. Esta documentación deu pé a unha exposición feita no Museo en colaboración co Museo Va-



*La sonrisa dun espírito. Gouche de Castelao.
(Fondo Fam. Bermejo Rubio)*


lle Inclán da Pobra do Caramiñal. A mostra deste fondo animou á familia Bermejo Rubio a entregar no Museo o "gouche" que Castelao lle fixera para a portada dun libro, que finalmente non se chegou a utilizar.

- Da afamada pianista *Rosita López Comunión* (1900-1986) chega todo un interesante conxunto de indumentaria, fotos, partituras, revistas, dípticos e unha rica colección de *ephemera* que nos aproxima á vida cultural do Santiago das décadas dos trinta, corenta e cincuenta do século pasado. Doazón de Xosé Manuel García Santamaria.

Ata hai ben pouco a correspondencia era, fóra da oral, a forma máis común de comunicación. De aí que sexa de grande importancia para o coñecemento tanto

das persoas emisoras ou remitentes como dos acontecementos que moitas veces se plasman ou comentan nestas cartas. Destacamos aquí algunhas coleccións:

- *Manuel Caamaño Suárez* mantivo, durante a súa estadía en Barcelona, unha cumprida relación epistolar con Ramón Piñeiro, un total de setenta cartas entre os anos 1960 e 1974. Amais disto, entregou tamén ao Museo unha nutrida colección documental referente ao PSdG e a súa actividade cultural na Coruña.



Cartas de Ramón Piñeiro a Manuel Caamaño (Fondo MCS)


- A familia *Fernández-Cid Fenollera* aportou tres cartas en 2014 que falan da amizade entre Alfredo Brañas e o pintor José María Fenollera.

- No 2009 a familia *Martul Tobío* (Luís, Minia, Pedro e Lázaro) entregan unha documentación, relativa ao exilio en México dos seus pais, Pedro e María de los Ángeles. Destaca a correspondencia entre os anos 1950-1980 de don Pedro Martul Rey (1909-1982), profesor exiliado e fundador do Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón, que inclúe máis de cincuenta cartas de Otero Pedrayo e outras alleas de Castelao (remitidas desde Breñaña) a Risco ou a Monxardín. A esta entrega familiar hai que engadirle a

colección de documentos políticos (1960-1980) e os máis de catrocentos cartaces de temática variada que nos fixo chegar Luís Martul Tobío.

O mundo do mar está representado por importantes achegas:

- A documentación doada polas irmás Avelina e Eumelia Lojo Lestón, datada entre 1833 e 1940, referida aos fomentadores de salga de Porto do Son, Carlos Maneiro e o seu herdeiro e sobriño Carlos Fernández, que amais de empresario foi politicamente moi activo exercendo de alcalde da vila. Os papeis referentes á industria da salga, as ordenanzas e bandos municipais, xunto á interesante correspondencia cos Deputados Provinciais (eleccións municipais de 1903) axudarán a ter un coñecemento pormenorizado do desenvolvemento político, social e económico desta vila e das vilas galegas no cambio de século.



Plano de Porto do Son, protesta pola construción dunha vivenda na zona do peirao (Fondo Fam. Lojo Lestón)


- Os herdeiros de José Costa Alonso entregan en 2018 diverso material vinculado coa súa actividade no Pósito de pescadores de Moaña. Esta doazón faise por mediación do patrón, Lino Lema.

- A profesora de antropoloxía da Universidade de Navarra, Rosa García Orellán, fixo entrega de diverso material documental recollido nos seus traballos de campo sobre o mundo da pesca en Terranova e sobre as mulleres en Pasaia.

- Empresas como *La Artística de Vigo*, dedicada á impresión metalográfica, de ámbito internacional, ou *Fundicións Franco* de Compostela, creador do pote de ferro con 3 pés, cederon ao Museo os seus documentos empresariais, libros maiores, facturas, relacións comerciais, etc.

No relativo á temática política podemos citar aquí a entrega por parte da extinta *Unidade Galega* do seu arquivo, que engloba *Esquerda Galega* e o *Partido Obreiro Galego*. As achegas seguiron coa doazón de Enrique Sáez Ponte referen-

te ao Partido Socialista Galego (PSG), ou o que tal vez sexa un dos máis senlleiros documentos, cedido pola *Fundación Galiza-Sempre*, a acta da Asemblea de Lugo.



1ª folia da Asemblea de Lugo (Depósito Fund. Galiza-Sempre)

Neste apartado podíamos integrar tamén a documentación do *Club Nacionalista Alén Nós*, (CNAN), que foi depositado no Museo ao desaparecer a entidade, acompañada de fotografías e casetes, onde se recollen, respectivamente, as imaxes e os sons dos participantes nos actos do Club (entre outros Barreiro Rivas, Beiras Torrado, Lisón Tolosana, Méndez Ferrín, Pujol, Trías Fargas...).



Mapa do Antigo Reino de Galicia (Fondo CGP)

De merecida cita é a colectánea de mapas e planos referentes a Galicia, acompañada dun notable conxunto bibliográfico relacionado coa cartografía, que lle debemos ao patrón *Clodio González Pérez* (2012).

Os ingresos son, como vemos, abundosos e de moi distinta procedencia e temática.

Nun último capítulo de *Varia* citaremos a doazón de libros de Marina Toba ou Vázquez

Varela, os fondos editoriais de *Edicións Positivas*, *Castrelos*, de *Tris-Tam* ou de *Polaquia*, editora hoxe pechada que foi pioneira na publicación de banda deseñada galega; a colectánea de xornais de Avelino Franco Grande que achega cabeceiras como *El Sensato* ou *El Cartel*, completa a recibida anterior-



Prensa s. XIX

mente de Ubaldo López Botana; os carimbos emitidos por Correos que nos envía puntualmente o filatélico Miguel Rozados; un lote de cartaces anunciando actuacións de Benedicto -integrante de Voces Ceibes- doados por Maite Angulo Carballal e a súa filla Minia; En 2014, de mans da familia do malogrado Xan Moreno recibimos a súa coidada biblioteca e arquivo que nos aproximan ao republicanismo e federalismo; un conxunto de libros pertencentes a Xosé María Álvarez Blázquez entregados por X. M. Álvarez Cáccamo en representación da familia.

Como se constata, por sorte contamos con moitas persoas e familias que consideran o Museo como o lugar idóneo que debe custodiar os seus legados, indo así do privado ao público para un mellor coñecemento da nosa historia desde fontes diversas.

E rematando este percorrido ingresan as bibliotecas de Fernando Acuña Castroviejo e Carlos García Martínez, ambas inmersas en labores de proceso técnico.

XESTIÓN BIBLIOTECARIA E RECURSOS HUMANOS

A procura de fondos que incrementaron tanto cualitativa como cuantitativamente o acervo documental e bibliográfico do Museo do Pobo Galego é de grande importancia, pois moitos deles corrían perigo de desaparecer, perdéndose deste xeito unha parte da nosa historia escrita.

Se decisivo foi o acopio, debemos ter presente que o obxectivo de calquera centro de documentación é o de por este á disposición da sociedade debidamente ordeado e clasificado, polo que é obriga inescusable desta institución buscar os medios humanos necesarios para levar adiante as tarefas de proceso técnico de rexistro, catalogación, clasificación -incluso a dixitalización- e descrición dos fondos de maneira que a súa consulta sexa doada.



Iago Martínez Abad creando a base de datos para o Arquivo

A conservación dos fondos nunhas instalacións con condicións de humidade e temperatura adecuadas, xunto á necesaria restauración dalgúns exemplares son tamén tarefas de cumprimento obrigatorio. Neste sentido, abordouse en 2010 a restauración e recuperación do fondo documental antigo, e a limpeza e restauración dos pergameos, un labor realizado por Xosé Ignacio García Fernández. Amais da divulgación, a

dixitalización é de grande axuda para preservar a documentación, sobre todo aquela máis sensible e con maior risco de deterioro.



Sonia Arrojo Vázquez clasificando a colección de carteis

É preciso suliñar os recursos humanos cos que conta a Biblioteca e Arquivo do Museo. Como hai quince anos, só hai unha persoa ao cargo. Aínda así, ao longo deste tempo houbo subvencións específicas que permitiron sacar adiante o proceso técnico das novas incorporacións ao arquivo (Subvencións de Amtega), ou á biblioteca (Axudas da Deputación da Coruña).

O voluntariado desenvolveu sempre un papel fundamental, colaborando naquelas tarefas puntuais nas que este pode aportar a súa formación e a súa experiencia; e tamén participando na preparación do material para a súa catalogación, seleccionando este para as exposicións ou mesmo redactando os textos para presentar nas redes. Son moitas as persoas que, dunha maneira ou doutra, colaboraron ao longo destes anos dedicándolle máis ou menos tempo. A risco de que queden nomes fóra, citamos as que están na actualidade: Ana Mateos, Encarna Otero, Mariví Pardo, Mercedes Pintos, Maria Tilve, a modo de representación deste ronsel ao que temos tanto que agradecer.



Celebración do Día da muller

Con tanto fondo acumulado e ser, a día de hoxe, unha biblioteca referente en Galicia, o seu funcionamento non pode continuar recaendo nunha persoa titular e no voluntariado ocasional. Sería conveniente ir pensando en ampliar o cadro de persoal estable, ao xeito doutras institucións similares, para poder cumprir as novas demandas que a sociedade actual reclama.

A DIVULGACIÓN/DIFUSIÓN

Para amosar e visibilizar os nosos fondos, empregamos diversas estratexias. A primeira é a consulta do catálogo en liña, agradecer aquí a contribución eco-

nómica e de material informático de Eduardo Beiras García-Martí que permitiu mellorar e axilizar as tarefas automatizadas da biblioteca e arquivo.



Visita de escolares ano 2022

Amais do acceso a través da nosa páxina web, estamos tamén presentes en plataformas dixitais como *Galiciana* ou *Europeana*. Pouco a pouco, parte dos nosos fondos van entrando en repositorios específicos como o *Fuero Juzgo*, na base de datos *Philobiblon* da universidade de California en Berkeley, ou en *Ovidiana*, especializado nas diferentes edicións da obra de Ovidio.

Son importantes tamén a organización de exposicións temporais realizadas directamente pola Biblioteca e Arquivo do Museo. Citamos apenas unhas cantas:

- *Homenaxe e solidariedade con Xapón* (2011) con motivo da catástrofe do tsunami.
- *Na flor da pel* (2012) exposición didáctica sobre as orixes do libro, baseada na nosa colección de pergameos.
- *O Nadal de don Antonio*, mostra de postais de nadal, manuscritas e adicadas a Antonio Fraguas.
- *Percorrendo Galicia páxina a páxina*, exhibición de guías e folletos turísticos desde 1890 ao 2000.

Do variado fondo da Biblioteca da Familia Baltar, ata o de agora a máis numerosa en volumes e riqueza temática, saíron tres memorables exposicións bibliográficas:



Exposición *Na flor da pel*

- *Arte na Biblioteca Baltar* (2011), coa colaboración da Patroa Mercedes Rozas, libros de arte de gran formato, moitos deles edicións numeradas.
- *Humoroteca: Humor na Biblioteca Baltar*, facendo especial fincapé no humorismo gráfico.
- *BibliotequEros: o erotismo nas bibliotecas do Museo do Pobo Galego* (2018) comisariada por Santiago Díaz.

A todo o anterior hai que engadir as mostras-homenaxe anuais ás persoas nomeadas no Día das Letras Galegas, ou as exposicións referentes ao ciclo festivo anual: Entroido, festas patronais, magosto ou Semana Santa.

A colaboración en proxectos culturais, os permisos de reprodución para variados fins tamén leva libros ou documentos fóra das nosas paredes dándonos a coñecer entre outros públicos. Exemplo disto son, en materia de préstamos, as exposicións que outras entidades organizaron contando con fondos temporalmente cedidos pola nosa institución:

- *Castelao grafista: pinturas, dibujos y estampas* (Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Madrid, 2017).

- *Turismo e fotografía en Santiago Catalá-Roca en Galicia* (Auditorio de Galicia, 2018).



Exposición de cartéis do MPG en Vilagarcía

- *Galicia de Nós a nós* (Fundación Cidade da Cultura, 2020).
- *Ricardo Carvalho Calero* (Parlamento de Galicia, 2021).
- *Granell: 46 anos de exilio* (Fundación Granell, 2022).
- *Deber de Baltar: medicina e compromiso* (Concello de Santiago, 2022).
- *María Casares* (Centro Gaiás, 2022).

Nos últimos tempos quixemos estar presentes nas redes sociais e dar a coñecer o noso traballo na páxina web do Museo ou abrindo contas institucionais en *Facebook*, *Twitter* (agora *X*) e *Instagram*. Nelas damos conta de novas incorporacións, ou datas sinaladas como o Día do libro, o 25 de Xullo, ou a historia singular dalgún exemplar.

Como vemos a través deste breve percorrido, a Biblioteca e Arquivo do Museo do Pobo Galego continúa medrando en fondos e servizos. Só queda desexar que a nova etapa que agora se abre teña unha longa e feliz andaina.



En procura da tradición inmediata

Dorothe Schubarth

Que me impulsou a meterme neste camiño á rebusca da tradición oral? Ensinaba naquel tempo, alá por 1970, na Academia de Música de Lucerna. Era un posto interesante e satisfactorio; no entanto por dentro vivía cun desasosiego permanente. Quería achegarme ás fontes da música, á música viva. E, para coñecer cantigas populares consultara documentos antigos, ata a idade media, e procuraba o rastro de como ao longo das xeracións e através dos séculos podían sobrevivir, adaptarse a novos ambientes, e como, por último, se perdían nun pasado distante xa esquecido.

Unha segunda fonte, que considerei moi importante, era coñecer a tradición oral viva nas illas lingüísticas alemás do leste de Europa. Estas illas borráronse en parte ao remate da segunda guerra mundial, cando por un pacto entre Hitler e Stalin obrigaron á xente a deixar as súas terras e integrarse ou en Alemaña ou en Siberia. Vivían antes pechados, autosuficientes e rodeados de veciños dunha lingua eslava ou de romeno, cos que tiñan escasa relación. Así conservaron a súa cultura e o seu xeito de falar. As súas tradicións desenvolvíanse á parte do país de orixe e tamén non se misturaban cos veciños do arredor. Unha vez vítimas da guerra, foron arrincados da súa terra e ficaron perdidos en campos de refuxiados, onde os encontraron os etnomusicólogos Johannes Künzig e Waltraut Werner. Estableceron contactos intensivos e coñeceron a súa vida e costumes.

Destes investigadores tomei as ferramentas. As edicións que deron a coñecer sobre o folclore recollido reflicten a forma de conducirse cos seus protagonistas. Publicaron discos, acompañados de cadernos amplos con transcripción de letra e melodía con fotos e comentarios. Nos comentarios seguen as pegadas cara atrás

buscando a orixe dunha cantiga ou canto, de como sobreviviron através dos tempos e dos camiños que percorreron.

O singular das devanditas edicións radica en que nos presentan as cantigas vencelladas cos individuos que as transmitiron. As cantadeiras non son anónimas, senón que se nos aparecen co seu carácter e a súa vida; de tal forma que detrás das cantigas está a persoa, que se identifica co seu tesouro. Por caso describen a dúas irmás cegas: a súa angueira consistía en coidar os nenos do lugar mentres os demais traballaban no campo; elas cantaban e contaban contos que os etnólogos lograron resucitar. De novo as cegas desempeñaban unha función e o interese polas súas cantigas e contos dábanlles a vida. A través da tradición inmediata, unha persoa transmite a cultura oral que custodia como parte de si mesma.

As miñas procuras e preguntas debían desembocar forzosamente nun camiño físico: desexaba coñecer xente de campo que me ensinase. Deste modo e con estes precedentes, despois de percorrer varias partes de España e outras terras, quedei entrapada en Galicia.

Como entrei nun país e nunha rexión con coñecementos mínimos de español e sen saber galego? Como desenvolver unha conversa entre fragmentos de palabras, olladas, acenos, lendo na expresión da voz e da cara, sen coñecer o idioma? De seguida da miña chegada a Galicia puiden participar nun curso de galego para mestras. As compañeiras recibíronme con certa incredulidade, ao contrario dos profesores, que me apoiaron. Eu estaba lonxe de pensar que un deles, aquel que menos entendía, máis tarde sería o meu colaborador e coautor do noso cumprido cantigueiro.

Aquel profesor era Antón Santamarina.

Despois diso ía encontrando paso a paso xente que me botaba unha man. No fondo establecíase unha rede de persoas interesadas coas que intentaba manter o contacto. Ás veces pregúntome como daba con tanta xente que se prestaba a facilitarme a entrada nun lugar ou nunha casa e, a un tempo, nunha sociedade. Non lembro onde coñecín aquel médico que me presentou a un crego amigo seu, que atendía varias parroquias do Courel, terra de montaña de difícil acceso, mala de labrar e pouco rendedeira. Aquel crego 'moderno'; deixara a sotana e vestía de paisano, quería ser un máis entre conterráneos. A súa homilía era dar consellos e buscar solucións económicas, preocupábase do ensino, dos doentes e dos vellos...Non só era respectado, a xente quería ben. Ningunha familia ou persoa era pobre demais como para non entrar na súa casa e intimar con ela.

Non ano 1978 fun, co apoio do crego, ás montañas do Courel. Desde o alto contemplaba as serras erguidas entre val e val, e por toda a paisaxe espaxíanse aldeas escondidas nas abas dos montes, algunhas sen estrada. Por alí pasamos, o abade e mais eu, monte arriba, monte abaixo, por camiños e carreiros pinos e tan bravos que ás veces semellaban leitos de regueiros. Paramos nalgunha cociña onde se xuntaban os veciños, estes encontros eran moi familiares e acolléronme con toda naturalidade. Os meus coñecementos da lingua non daban para falar, observaba e gravaba cantigas, contos e chistes sen saber valoralos, pero asistir a estas conversas, participar nas risadas, viña sendo a ocasión ideal para aprender.

Nunca seguín un plano á hora de achegarme á xente nin tiña un cuestionario previo, cada encontro seguía a súa propia dinámica. Como todos os etnógrafos pensaba que os vellos, e sobre todo as vellas, eran a mellor fonte porque aprenderan dos seus avós os seus saberes viñan de moi atrás. Contodo o fío da tradición oral entre avós, pais e fillos tronzárase había pouco, aínda estaba viva na nova xeración. Non obstante dábanlle pouco importancia, nunca cantaran por cantar senón acompañando os traballos comúns, as horas de fiada, de festa ou doutras endeitas. A presenza do canto conectado ás angueiras da vida era tan natural que nunca reparaban nel como un valor á parte. Terano botado a faltar no momento de desaparecer? O caso é que lles parecía raro que alguén lles pedise cantigas desconectadas da súa función e ambiente. E como a xente tiña as súas tarefas e preocupacións, souben axiña que nunca entras nunha casa sen tropezar con problemas: a pobreza, a loita coa terra que non producía, un membro da familia doente ou inválido, a morte dun animal, lideiras entre veciños, colleita estragada polo mal tempo...

O meu peor inimigo foi a televisión que extinguía a voz, a cantiga, o ambiente, a conversa. Estaba posta no centro das casas como un altar e non se podía apagar mesmo se ninguén quería vela ou escoitala. As voces e imaxes enchían o lar e acompañaban as actividades como antes as cantigas. As consecuencias eran notables. As representacións puñan a medida de cualidade en relación con eles, oíndo as emisións empezaban a compararse e a infravalorarse: 'Xa non teño voz', dicíanme, e ata se consideraban vellas e feas. Algunha vez mesmo sospeitaron que eu quería facer a burla, nestes casos cumpría gañar a súa confianza e non resultaba fácil.

Non son consciente de se sentían que me achegaba a eles con respecto e con amor cara a súa cultura, que eu valoraba. Pouco a pouco foi nacendo a confianza e a alegría ao ver que me gustaba e iso subiu a súa autoestima. Eu estudiaba as súas caras, as mans nas que tiñan gravadas a vida. O seu canto non era somente




Carlos García Martínez, director do Museo, e Dorothé Schubart na sinatura da acta de doazón do material recollido (2014)

canto, nel durmía e expresábase o individual, a súa persoa, conectado coa cantiga que executaban e na que puñan os seus sentimentos. Identificábanse coa protagonista, choraban e rían co que contaba a letra. Aprendín e sentín que o seu canto non era unha interpretación, non repetían o aprendido. Non, creaban e formaban a cantiga no momento de cantar e puñan na voz alegría ou tristeza, ironía ou donosura, se cadra violencia e anacos da súa propia vida. Pero apesar de todo, a reticencia e desconfianza estaban a flor de pel, aínda que reinaba tamén a curiosidade e a hospitalidade. Moitas veces ía soa de viaxe, alguén me indicaba un lugar, unha paisana ou mesmo un parente e así cheguei a localidades nas que non coñecía a ninguén e onde tropezaba ao azar cun rostro interrogante. O mellor nese tronso era abrir a conversa e explicarme: 'Sabería dicirme unha cantiga?' As reaccións podían ser orixinais, algunha vez a resposta foi unha risada tan alta que a sentían todos os veciños, aparecían un tras doutro e achegaban o seu comentario... neses instantes a curiosidade e a desconfianza andaban ás mesturas. Se cadra acordábanse dunha persoa destacada do lugar, de alguén 'que sabía moito das cousas dantes', esta era unha maneira de chegar ao obxectivo que eu buscaba, ou de dar con persoas valiosas que me abrisen portas. En máis dunha ocasión víanme cansa e ofrecíanme algo de comer e beber, mesmo me convidaban a pasar noite nas súas casas.

Destarte empezaron a xurdir memorias e a saudade dos tempos idos espertaba cos seus costumes e xuntanzas cheas de alegría. E con elas tamén as cantigas e

relatos que algún día se contaban, de súpeto atopabámonos nun terreo común. Eran momentos moi intensos, que esixían a máxima atención, quería agarralos, desexaba que nunca acabasen e, en tales procesos nacía un contacto persoal que máis tarde se volvía amizade. A xente quería axudar e presentábame as veciñas que sabían cantigas ou historias e pasabamos o tempo entre risas e contento. O vencello entre xeracións era moi importante. Acórdome que certo día coñecín unha anciá, que coa súa voz crebada cantaba o que sabía, ao seu pensamento retornaban os anos de moza e, de sócato, chegou o fillo dos traballos nos eidos. A cara da muller mudou e calou. Ese instante simbolizou para min o corte entre xeracións, pois aquel home, como tantos da súa quinta, emigrara e trouxera impresións e experiencias foráneas que taparan as súas lembranzas e borrarán a cultura incompatible coa vida que coñecera no estranxeiro. Aínda ben que era máis habitual que os descendentes animaran os pais, que lles axudasen a lembrar ou se uniran a eles para cantar. Con algunhas daquelas fillas puideren manter o contacto, aquela experiencia, iniciada nos anos setenta, trouxo unha riqueza á miña vida que se prolongou ata o día de hoxe.



Publicación do cancionero recollido xunto a Antón Santamarina

Biblioteca, cámara reservada

Suso de Toro



A biblioteca non é un concepto é un lugar. Que lugar?

Históricamente un lugar reservado nun dobre senso. Reservado a unhas persoas delimitadas que tiñan ou a posesión ou o dereito a entrar e gozalo. Naturalmente tamén tiñan que ter unha capacidade, limitada socialmente: saber ler. O lugar natural das bibliotecas era a corte real, a corte dun nobre ou os grandes conventos.

Tras o nacemento da imprenta xa Alonso Quijano, un nobre precario e decadente, ten a posibilidade acumular e gardar libros. E na época burguesa a biblioteca era un signo de ostentación que marcaba territorio de clase, un requisito necesario para acreditar riqueza e cultura, o status social.

A conquista do acceso ás bibliotecas, a creación de bibliotecas públicas e populares dos sindicatos foron conquistas sociais. A idea da biblioteca era un cénit ao que había que acceder para manter un status ou para alcanzalo. Había que ter biblioteca, habían de conseguirse bibliotecas.

A Biblioteca Baltar é, claramente, unha biblioteca burguesa nacida no comezo do século XIX e que chega ao seu culmen e final nos anos setenta do século XX. Sendo biblioteca particular e familiar tamén fixo función, se non pública, social. Sabemos con exactitude que lle permitiu tanto á escritora Rosalía como ao historiador e arquivista Murguía acceder a lecturas e informacións. (Até tal extremo debeu ser o contacto e a transferencia, Murguía mediante, que algún tomo dos arquivos oficiais do Reino de Galicia chegaron a facer parte da biblioteca Baltar. Foi xa no século XXI cando os

descendentes de Ramón Baltar, devolveron eses documentos ao seu lugar orixinal e natural, o Arquivo do Reino de Galicia.)

A biblioteca como lugar reservado, no sentido de limitado, socialmente pode que estea a volver ser. O abaratamento e abundancia dos libros foi permitindo que persoas comúns puidésemos ir acumulando libros nos andeis que fomos levantando, pequenas bibliotecas domésticas. Mais esas pequenas bibliotecas tamén pedían lugar, ocupaban espazo nas casas e, naturalmente, tamén costaron cartos.

Neste momento vivimos unha forte reorganización social, chamémoslle así, baseada na destrución da pequena burguesía e sectores de traballadores cualificados, un proceso de destrución social que conleva que os descendentes deses sectores sociais, os mozos e mozas que foron criados en lares con andeis de libros non podan repetir esa fórmula. A ruptura das leis laborais previas, o empobrecemento e o encarecemento non lles permitirán a moitos deles ter unha casa propia durante moito tempo, e ter un lugar físico para discos e libros. Está “todo estudado”, Internet suple e oculta dixitalmente esa carencia. É unha nova realidade, as bibliotecas privadas domésticas poden ser cousa do pasado ou privilexio dunha minoría.

Hai outro senso do carácter “reservado” da biblioteca. Un carácter limitado, realmente autolimitado. As bibliotecas públicas son un espazo único no que, afortunadamente, aínda se nos pide que gardemos silencio. Non teño dúbida de que o populismo, que é aparentemente gratuito, proximamente dirá que iso é cousa fóra de moda e que o natural nunha biblioteca será comportarse como en calquera outro lugar, falar a voces, enchufarlle música ao veciño e pór os pés nas cadeiras e nas mesas. Mais, polo de agora, a biblioteca é un lugar “distinto”, un lugar para o recollemento.

“O meu pai sempre tiña un libro na man”, contoume un día Jaime, un fillo de don Ramón Baltar Domínguez. A lectura é un modo de substraírse ao que o rodea a un, porque a mente sitúase noutro lugar, un lugar feito de imaxinación. A lectura é fuga. E o lugar natural para ese fugarse un é a biblioteca.

Don Ramón Baltar recibiu unha carga e un deber, conservar e continuar a biblioteca recibida das xeracións anteriores, mais para el foi unha carga desexada. Home obrigado pola vida e pola historia a traballar arreo e comprometerse coa sociedade e co seu tempo, por carácter era reservado e necesitado de distancia. O seu refuxio foi a biblioteca familiar.

A Biblioteca Baltar que custodia o Museo do Pobo Galego sen dúbida ten un argumento, unha historia máis ou menos oculta e implícita, a curiosidade dirixida en

todas direccións, o aprezo pola arte, o interese apaixonado pola nosa historia, a admisión da disidencia e a transgresión, a protección e o amor pola cultura galega...E moitas outras cousas, mais non debemos esquecer que foi o refuxio para un espírito fatigado, o labirinto do centauro Quirón. Un centauro benefactor, don Ramón Baltar Domínguez.



"Deber de Baltar" Medicina e Compromiso. Exposición no Colexio de Fonseca 2022

A saga dos Baltar. De Padrón a Compostela

Xosé Ramón Fandiño Veiga

A biblioteca Baltar do Museo do Pobo Galego

A egrexia familia Baltar ten unha significación moi importante para o Museo do Pobo Galego. Un dos seus moi destacados membros, o arquitecto Rafael Baltar Tojo (Santiago, 1933-2004) foi fundador, presidente da Xunta Reitora e vicepresidente do Padroado. E tamén porque o 30 de maio do ano 2009 a familia Baltar Tojo ofreceu ao Museo do Pobo Galego en depósito doazón a importantísima biblioteca familiar de máis de 18.000 volumes iniciada no século XIX polo ilustrado boticario José Baltar Varela (1787-1863), fundador da Farmacia Baltar de Padrón en 1816. Nos seus diferentes destinos como farmacéutico militar na Guerra da Independencia mercaba libros, revistas e xornais cos que acrecentaba a incipiente biblioteca e, especialmente, a valiosa hemeroteca iniciada no século XVIII polo escribán Lucas Baltar e o seu fillo Francisco Baltar Mariño.

José Baltar Varela non tivo fillos, a farmacia e a biblioteca pasaron ao seu sobriño Ángel Baltar Varela (1827-1895). Licenciado en Farmacia en 1862 tamén foi alcalde de Padrón e protector de Rosalía de Castro e Manuel Murguía: Casado coa tamén padronesa Ramona Cortés Giménez tivo 8 fillos e como varios deles estudaban en Madrid visitábaos con frecuencia e aproveitaba para mercar e incorporar á xa consolidada biblioteca as últimas novidades bibliográficas. O penúltimo dos seus fillos, Ángel Baltar Cortés (1868-1934), foi cirurxián do Hospital Real de Santiago e con Manuel Varela Radío fundador do famoso sanatorio Baltar, o primeiro sanatorio cirúrxico establecido en Galicia. Operou a Castelao

en 1914 dun desprendemento de retina e foi o seu mentor nos días de estudante universitario en Compostela, pero foi Ramón Tojo Pérez quen puxo en relación as familias Baltar e Castelao.

Ramón Tojo Pérez (1860-1944), avogado do Estado, foi un destacado político do Partido Conservador. Polo seu cargo de presidente da Deputación da Coruña foi elixido como membro fundador da Real Academia Galega á que apoiou incondicionalmente. Introduciu na política ao pai de Castelao, que chegou a ser alcalde de Rianxo. Derivada desa relación é moi probable que Castelao utilizase a biblioteca dos Baltar en Padrón, pois Ramón Tojo casara con Robustiana Baltar Cortés, depositaria da biblioteca.

Ramón Tojo continuou facendo medrar a biblioteca e ao morrer sen fillos a parte que lles correspondía da biblioteca pasou a un sobriño que tiñan adoptado como fillo, Ernesto Baltar Santaló. En 1977 os seus fillos subscribiron un documento no que facían constar que "por vontade de seu pai doaban ao padroado do Museo de Pontevedra unha serie de xornais, revistas, impresos e documentos dos séculos XVIII, XIX e comezos do XX, que foran adquiridos e conservados por don José Baltar Varela, don Ángel Baltar Varela, don Ramón Tojo Pérez e don Ernesto Baltar Santaló". Tamén se manifestaba no documento que o doado non podería saír de Galicia nin depositarse temporalmente noutras institucións e, que en caso de disolución do Museo, que pasase á Real Academia Galega.

Ao morrer Ángel Baltar Cortés, o resto das xa numerosas pólas da familia Baltar con dereitos de sucesión sobre a biblioteca, acordaron mantela unida e decidiron que se fixese cargo dela Ramón Baltar Domínguez (1902-1981), prestixioso médico que sucedeu a seu pai na dirección do sanatorio Baltar, que a coidou agarimosamente e aumentou notablemente. Os seus fillos, os irmáns Baltar Tojo, tamén optaron por manter a unidade da biblioteca e por facer un depósito doazón ao Museo do Pobo Galego, que, ademais de restaurala e catalogala, vana diseccionando en diversas seleccións expositivas como *Arte contemporánea na Biblioteca* (2011) e *Humoroteca na Biblioteca Baltar* (2013), comisariadas pola bibliotecaria do MPG, Rosa Mández.

Antonio Baltar Domínguez

Un dos membros da familia Baltar que apoiou a unidade da biblioteca foi o médico Antonio Baltar (1906-1970), fillo de Ángel Baltar Cortés e irmán, por tanto, de Ramón Baltar Domínguez, ao que a enxurrada represiva da Guerra Civil o arrastrou ao exilio arxentino. Rescatar a memoria deste insigne médico comprometido

cos valores culturais e políticos de Galicia é a pretensión desta achega á súa valía profesional e humana.

Membro dunha estirpe de médicos, Antonio Baltar Domínguez naceu en Santiago en 1906, onde estudou Medicina, aínda que tamén o fixo en París atraído pola escola de Histopatoloxía e na Universidade de Madrid, onde se licenciou. No ano 1933, xa especializado en Histoloxía patolóxica, ingresa no corpo de Médicos Inspectores Municipais de Santiago e pouco despois, becado pola *Junta de Ampliación de Estudios*, viaxa a Berlín para estudar na Pathologisches Institut Universitäts Frauen Klinik cos profesores R. Meyer e W. Stoeckel e a Breslau ao Neurologisches Institut co profesor O. Förster. Entre 1934 e 1936 desempeñou o cargo de profesor auxiliar de Histoloxía e Anatomía Patolóxica da Universidade de Santiago, ao mesmo tempo que concentraba as súas inquiredanzas na creación da "Agrupación al Servicio de la República" de Compostela e na elaboración dos seus escritos publicados da Revista *P.A.N.* (Poetas Andantes e Navegantes) co pseudónimo de Antón Martín.

Ao iniciarse a guerra civil, Antonio Baltar foi suspendido de emprego e soldo na Facultade de Medicina e vendo o futuro incerto que o agardaba por ter sido colaborador da República e declarado *enemigo de la patria* preferiu exiliarse a América, onde a súa muller, Mireia Dieste, filla e sobriña respectivamente dos escritores Eduardo e Rafael Dieste, tiña casa familiar. Tras dous meses en Montevideo, o matrimonio trasládase a Arxentina e participa nas actividades dos intelectuais galeguistas exiliados. En 1937 revalidou o título de doutor en Medicina na Universidade da Prata e funda un sanatorio en Avellaneda co tamén santiagués Gumersindo Sánchez Guisande, catedrático de Anatomía que tivera que seguir o camiño paralelo do exilio en 1936, que dirixiu o tratamento clínico no tramo final da enfermidade de Castelao e, por designación do goberno da República no exilio, pronunciou o discurso necrolóxico na Chacarita.

De 1939 a 1947, Baltar organiza o Laboratorio de Anatomía Patolóxica do Centro Galego de Bos Aires, funda o Hogar Gallego para Ancianos en Donselaar, a 50 quilómetros da capital federal, institución que Baltar ideara para axudar aos compatriotas que envellecidos e desvalidos na Arxentina, ao mesmo tempo que publicaba varios artigos sobre Ciencia e Cultura. Nunha das "Historias Verdadeiras" publicadas na revista *Galicia Emigrante*, agachado no pseudónimo Luis Estévez, explica as razóns que o empuxaron a trasladarse á Patagonia a exercer como médico dos mineiros de Chos Malal, lugar isolado do Neuquen, ao pé dos Andes: "O médico debe servir onde faga máis falla. En Buenos Aires haberá un médico por cada 300 habitantes, namentres que noutros sitios da Arxentina non chega a un

por cada 1000 kms. cadrados. Como eu sempre tiven o anxeio de rematar sendo médico rural na miña terra, e agora preséntaseme a ocasión de selo nesta onde atopei pan e liberdade”. Como lembra Núñez Búa (*Revoeira, Homes, Feitos, Verbas*, 1971): “Termando da saúde dos indios e mestizos, internándose nas serras por dous ou tres días para ir atender doentes, pasou tres anos a fío un médico galego que tiña feito cursos en universidades alemás, que se criou en pazos, que tiña na ría de Arousa, en Rianxo, praia de propiedade familiar con iate de recreo e que aos 24 anos tiña sido nomeado profesor da Universidade”.

Entre 1952 e 1953 exerce de secretario na Dirección Xeral de sanidade do Sur (Baía Branca). Ao ano seguinte é nomeado catedrático de Anatomía Patolóxica na Universidade de Cuyo (Mendoza), onde dirixiu o Laboratorio Anatomopatolóxico, pero en 1954 abandona a cátedra por atraerlle máis o aspecto social que desde o Ministerio de Sanidade pode exercer como director xeral de Sanidade de Cuyo na rama de medicina sanitaria e a loita anticancerosa. Logo traballou como patólogo en Bos Aires e aínda se especializou en Medicina Social da Organización Mundial da Saúde. Entre 1961 e 1964 coordinou un Plan Integral de Saúde de San Juan e estudou a organización da medicina social dos Andes Centrais e das serras pampánicas. Nos anos posteriores traballou na Coordinación Sanitaria Rexional en Córdoba.

Nos seus trinta anos de exiliado, o seu traballo profesional e científico non o arredou da constante preocupación polos valores culturais e do futuro político e social de Galicia. Relacionouse intimamente cos intelectuais galegos exiliados na Arxentina, sobre todo con Rafael Dieste con quen, máis alá da relación familiar polo casamento con Mireia, o unía unha grande amizade desde a mocidade, cando coincidían en Rianxo, onde a familia Baltar construíra unha casa de solaz sobre os cantís de Tanxil, presidida por unha monumental escultura granítica da Virxe de Guadalupe, labrada por Francisco Asorey. Así, en 1956 presidiu a Asociación Gallega de Universitarios, Escritores e Artistas (AGUEA), que organizou cursos de xeografía, historia, lingua e literatura galega, unha homenaxe a María Casares, coloquios sobre os problemas de Galicia coas intervencións de Paz Andrade, Rafael Dieste, Alberto Vilanova, Núñez Búa, Ramón de Valenzuela, unha velada necrolóxica dedicada a Carlos Maside, promoveu a exposición de Díaz Pardo en 1957 no Centro Lucense e, en 1959, un coloquio sobre *A parroquia galega*, dirixido por Otero Pedrayo. Como iniciativa da AGUEA, tamén dirixiu, xunto a Luís Seoane, a editorial Citania que nas súas coleccións “Martín Sarmiento”, “Idacio”, “Mestre Mateo”, “Dolmen de Dombate” e “Herba de namorar” publicou importantes libros de Parga Pondal, Paz Andrade, Cruz Gallástegui, González López, Díaz Pardo, Blanco Amor, Fernández del Riego, Luís Seoane, etc.

Pouco despois da celebración do Primeiro Congreso da Emigración Galega celebrado en Bos Aires en 1956, organizado polo Consello de Galiza, no que presentou un relatorio titulado *A Emigración Galega e a Cultura*, Antonio Baltar viaxou a Galicia co encargo da AGUEA de poñer en marcha un proxecto que, como continuador do Seminario de Estudos Galegos, se dedicase á investigación socio económica. As xestións de Baltar non foron ben acollidas polos intelectuais da chamada liña culturalista de Ramón Piñeiro, en aberta contradición coa actividade política que propoñían os galeguistas do exilio, e, ademais, a policía aconselloulle aos familiares de Baltar que, para evitar problemas, o convencesen de que abandonase Galicia. Tamén colaborou estreitamente con Díaz Pardo e Seoane no proxecto do Laboratorio de Formas de Galicia que incluía a restauración de Sargadelos e a creación dun Museo Galego de Arte Contemporánea. E como Antonio Baltar fora nomeado por Carlos Maside presidente da comisión de testamentos da súa obra, tratou de que o Museo promovido polo LF no Castro de Samoedo (Sada) incorporase a maior parte da súa obra, o que deu lugar a que este Museo leve o apelativo de Carlos Maside.

Antonio Baltar Domínguez morreu dun paro cardíaco en setembro de 1970 no Hospital Ribadavia de Bos Aires, a onde o trasladaran desde Córdoba para ser intervido. "A mi me ha quedado una gran tristeza, pero de esas tristezas que construyen", díxolle Eladio Dieste ao seu irmán Rafael en carta datada en Montevideo poucos días despois da morte do amigo e marido da sobriña de ambos.



Antonio Baltar con Teresa e Josefina, as irmás de Castelao.

“Desembalando” a arte contemporánea da Biblioteca Baltar

Mercedes Rozas

En decembro de 1931, Walter Benjamin propúxose desembalar a súa biblioteca, que levaba varios anos pechada en caixas, cubertas polo po do tempo. Para o filósofo foi todo un acontecemento, era un xúbilo volver a ver e acariñar cada un dos volumes que tanto lle custara xuntar. Foi un período da historia pouco propicio para que el se mantivese de maneira permanente nun mesmo lugar, debido a razóns de estudo ou, e sobre todo, a persecución política polas súas ideas e condición xudía. De feito, en menos dunha década cambiou quince veces de domicilio. E con el a súa biblioteca. A etapa na que escribe *Desembalo mi biblioteca* en 1933, coincide co seu afastamento definitivo de Alemania por mor da ascensión do partido nazi. Neste breve relato, Benjamin confesa a súa fascinación polos libros e a súa necesidade de ampliar, mesmo nos momentos de anemia económica -el chámalle “épocas espartanas”-, os seus fondos bibliográficos. Como todo bo coleccionista tiña un olfato especial para buscar, rebuscar e comprar, atesourando con mimo antigos libros infantís, novelas, ensaios, documentos e mesmo moitos xeroglíficos, simboloxía esta última á que por certo era un gran afeccionado. Parte da colección fora adquirida en Suíza, territorio que o mesmo que sucedía con Francia e Alemania, tiña entón un prestixio de transacción en relación a incunables e novidades de catálogos, revistas, libros ilustrados e igualmente tiradas de gravados e debuxos, en definitiva edicións sempre interesantes para bibliófilos.

Destes mesmos países procedían tamén moitas das publicacións que reuniu e conservou a familia Baltar tras varias xeracións. Tanto José Baltar Varela como o seu sobriño Ángel Baltar e o fillo deste, Ramón, gozaban con esa paixón do coleccionista que, como escribe Benjamin, vai acumulando recordos, momentos que

no caso da familia compostelá veñen acuñados por unha historia fragmentada pola Guerra Civil e o xugo de corenta anos de ditadura. A rede de compra chegaba igualmente a Madrid, Roma ou Bos Aires, cidade na que os exiliados galegos fornecíanos de exemplares, libros que “camuflados” sorteaban a vixianza do sistema. Ás veces semella difícil entender que a censura non detectase ameaza algunha nestas obras dedicadas a protagonistas desaprobados ou ata perseguidos polo réxime. As únicas explicacións posibles poderían ser a ignorancia dos propios censores, a quen personaxes como Duchamp resultaríanlles descoñecidos, ou ben a reputación social e profesional da que gozaba esta familia na chamada “fonte limpa” compostelá, vinculada ao mundo da medicina.

Desde o ano 2009 esta biblioteca está depositada no Museo do Pobo Galego (no 2005 fíxose a doazón por parte dos herdeiros de Ramón Baltar Domínguez) cun contido de aproximadamente 15.000 volumes, temática diversa e amplo alcance cronolóxico, abarcando desde o século XV ata ben avanzado o XX. Hai no arquivo un interese extraordinario polo mundo da arte con obras de impresións especiais ilustradas e de pequena tirada. Tanto nas publicacións como na obra gráfica, o inventario fai un alto significativo nas primeiras vangardas de inicios de século como o cubismo, a abstracción e o surrealismo, o que fai pensar que, durante a posguerra, co material documental que chegaba de fóra o círculo intelectual dos Baltar, naquela pequena cidade de provincias, estaba informado das correntes emerxentes que se desenvolvían no estranxeiro e que de forma explícita se afastaban do realismo costumista, enalzado como estilo nacional pola ditadura.

A arte desenvolvida en Galicia está considerablemente representada por pezas como un cartafol de Carlos Maside, argallado con retratos, entre outros, de Nóvoa Santos; Valle Inclán ou Manuel Antonio, apuntamentos de Manuel Colmeiro, prologados por Rafael Dieste e realizados polo artista do Deza antes dá súa marcha cara ao exilio; ou o conxunto de gravados integrados en *Paradojas de La Torre de marfil*, obra de 1952 de Luis Seoane, impreso en *Botella ao mar*. Polo número de reclamos, é indicativo o afecto que se tiña na casa a Seoane, que vivía neses momentos no exilio arxentino, pero seguía mantendo unha boa amizade coa familia.

No depósito ten un lugar destacado a figura de Castelao cunha edición de *As cruces de pedra na Galiza* asinado polo propio autor. Non hai dúbida de que a relación do intelectual e político cos Baltar foi moi intensa tanto nos anos de preguerra como posteriormente durante o exilio do galeguista en América; no limiar de *Castelao ante la medicina, la enfermedad y la muerte*, escrito por Ramón Baltar, Xosé Filgueira Valverde escribe: “Desde os anos do primeiro Castelao (...), a

familia Baltar xoga un papel moi importante na súa vida. A Casa de Tanxil estaba sempre viva nas súas lembranzas, á beira da “rolda” de amizades rianxeiras: os Dieste, Rañó, Arcos, Rey (...). Ángel Baltar Cortés, aquel cirurxián, “entendedor” da voz das paisaxes de Arousa, músico e poeta, foi o seu médico e o seu mentor nos días de estudante universitario.”

A ampla presenza de artistas foráneos na biblioteca o que transloce son as preferencias de Ramón Baltar por poñerse ao día no ámbito da arte moderna, de modo singular a que se tiña desenvolvido en París e Berlín desde os derradeiros anos do século XIX e primeiras décadas do seguinte. Velaí que se descubran nomes como os de Gauguin, Rodin, Man Ray, Degas, Bonnard, Matisse, Marc Chagall, Dalí, Le Corbusier, María Blanchard... ou mesmo Breton, do que existe un valioso exemplar de 1947, conmemorativo da Exposición Internacional do surrealismo, organizada por el mesmo, cunha portada e un obxecto con forma de seo feminino, obra de Marcel Duchamp. Poucos catálogos como este existen coa portada orixinal do axitador e pai do dadaísmo (O Moma de Nova York posúe un deles). Na cita francesa, amais de creadores como Picabia, Diego Rivera ou Giacometti, figuraba o galego Eugenio Granell. De igual época, pero editadas en Alemania, son as acuarelas e os gouaches de Kandinsky, que o pintor realizou entre 1911 e 1941, auténticadas pola súa muller Nina Kandinsky.



Pablo Picasso na Biblioteca Baltar

Capítulo aparte merece a atención tributada a Pablo Picasso, con máis de ducentas chamadas en distintos idiomas. Do autor malagueño cumpríronse no 2023 cincuenta anos do seu pasamento, o que dou pé á celebración do *Ano Picasso*, e non nos equivocamos se decimos que a Biblioteca Baltar é unha das de máis contidos picassianos en Galicia, con ensaios ou colaboracións de autores tan relevantes como Alberto Moravia, Vicente Aleixandre, Alberti, Camilo José Cela, Paul Eluard, Man Ray ou Eugenio d'Ors, aínda que pola erudición e coñecemento do artista salientaría a edición do crítico de arte británico John Richardson denominada *Picasso. Aquarelles et gouaches*. No museo cóntase tamén cos tomos de *Cahiers D'Art*, serie iniciada nos anos trinta polo coleccionista Christian Zervos, así como estudos especializados na súa cerámica, no cadro do *Guernica*, nas múltiples escenas de tauromaquia ou na Escola de París. Hai incluso auténticas xoíñas como a impresión de 1931, editada en Xenebra, da novela de Honoré de Balzac, *Le Chef-d'oeuvre inconnu*, con debuxos a pluma de Picasso.


Como curiosidade, Ramón Baltar, atento a todo o que saíra da man de Pablo Picasso, mercou unha escolma de obras escritas polo propio artista, entre elas dúas pezas de teatro, pouco coñecidas. A dicir dos entendidos, aínda que posúen o valor por si mesmas de formar parte do cosmos creativo do autor, carecen de grande calidade literaria. *Las cuatro niñas* é unha obra en seis actos, que malia a súa dificultade foi representada en varias ocasións, unha delas no Centro Pompidou; a outra leva por título *El deseo atrapado por la cola*, acaso a máis sonada. Ambalas dúas foron imaxinadas e producidas nos anos corenta.



Coa perspectiva e o acougo que dá o paso do tempo, a figura de Pablo Picasso tense analizado recentemente desde distintos puntos de vista con xuízos críticos, tanto artísticos como persoais, máis obxectivos. A nova historiografía intenta non meter no mesmo saco a súa arte e a súa traxectoria vital, procurando non mitificar gratuitamente certos aspectos que hoxe entendemos como aldraxantes.

Como artista, ninguén pode dubidar a estas alturas dun creador que rachou cunha

cadencia de séculos, agrandando a tradición ao innovar e anovar a arte contemporánea. O cubismo, impulsado desde aquela guarida do Bateau Lavoir por el e por Braque, non foi froito da improvisación, ten os seus acomodados en estilos anteriores como o impresionismo, postimpresionismo, fauvismo ou expresionismo, tamén na pintura clásica de Velázquez, Rembrandt ou Ingres, amais de na revelación da arte africana. O movemento foi, pois, en parte consecuencia de estéticas precedentes, resolvendo, por exemplo, moitas das cuestións e propostas de Cézanne. Con todo, aínda aceptando a tradición como asentamento, na aparición do cubismo tamén opera o azar como achado. É ben coñecida a frase



de Picasso, “eu non busco, atopo”, ou esa outra reflexión do seu procedemento (contida no libro *Picasso. Pintura y realidad*, rexistrada na Biblioteca Baltar) “esco-menzo cunha idea e logo vólvese unha cousa completamente distinta”, o que dá a medida da súa forma de traballar, unha execución que así e todo non desbota nin a bagaxe de coñecementos que o artista posuía, nin o carácter conceptual da corrente creada. Parece claro, como reflicten os moitos análises, que o cubismo non é só laboratorio, como quería crer Eugenio d’Ors. Había intuición e había racionalidade, suficientes elementos como para trazar unha estética que descompoñía e fundía as formas, unha estética de ópticas múltiples e sonos perseguidos.

Pero Picasso, tal e como se reflicte no depósito do museo, é moito máis que o creador do cubismo. Na súa ampla carreira existen variados camiños, de seguro vinculados, que conforman a tese total da súa produción. Con deliberada vontade, eses vicios eran modificados en moitas ocasións, alterando a súa liña de actuación e convertendo así a arte en algo desperto e dilixente, que participaba tanto da figuración clásica expresionista como da figuración ilusionista, a mesma que daba visualidade ao simultaneísmo das figuras.

Con todo, hai algo que non se proxecta nas publicacións que se gardan na biblioteca do museo, cronolóxicamente editadas antes dos anos oitenta, agás varios

catálogos de mostras levadas a cabo despois do falecemento do pintor e escultor en 1973. Velaí que en xeral descubren un achegamento historiográfico ao protagonista que concitou o xiro estético do século XX desde unha visión na que se contempla a validez universal da súa obra, unha mirada en moitas ocasións trazada por unha mitomanía que vadea os nós biográficos sen profundizar nas súas crebas. Porén, é necesario esmigallar o enorme *collage* que insire as distintas pezas tanto profesionais como vitais do seu percorrido sen caer na tentación de que os brillos non deixen ver as tebras. Picasso, no cincuenta aniversario da súa morte, é hoxe en día examinado desde parámetros menos amables e máis controvertidos, porque xa non é posible deixar de admirar a súa xenialidade como creador sen ao mesmo tempo considerar a súa faceta misóxina; bastaría con botar unha ollada a biografía de Dora Maar para ver o envilecemento ao que pode chegar un home afeito á liturxia da idolatría.

Nesta conmemoración haberá debates que aportarán interpretacións diversas coas que axustar a súa figura aos tempos que corremos sen esquecer tampouco os tempos nos que Picasso viviu, esa etapa das vangardas onde o recoñecemento ás mulleres-compañeiras era “normalmente” degradante. Afortunadamente a historia vai poñendo as cousas no seu sitio, investigando e verificando os datos que rematen o grande relato deste artista sen contar só medias verdades.



Walter Benjamin dixo que o instinto máis profundo que se atopa no desexo que experimenta o coleccionista (de libros) é “renovar o mundo”. Os Baltar, especialmente Ramón, acadou cuns fondos heteroxéneos, ricos en matices e adiantados ás circunstancias que lle tocou vivir, fondos que hoxe pódense desfrutar no Museo do Pobo Galego. Pablo Picasso quixo reformar os alicerces estéticos da contemporaneidade, remodelando o pensamento inherente á plástica contemporánea que superou porque tivo a habelencia, tamén, de ir sempre un paso por diante. Son as luces dun gran artista, que como tal adoece, así mesmo, de pesadas sombras.

BIBLIOGRAFÍA DE PABLO PICASSO NA BIBLIOTECA BALTAR:

ALBERTI, Rafael (1945) *Imagen primera de...Federico García Lorca...Miguel Hernández, Pablo Picasso, André Gide, Máximo Gorki...(1940-1944)*. Buenos Aires: Losada.

---(1971) *Picasso en Avignon: commentaires à une peinture en mouvement*. París: Cercle d'Art.

---(1971) *Gli 8 nomi di Picasso: e non dico più di ciò che non dico: (1966-1971)*. Roma: Grafica Internazionale.

---(1974) *Picasso: le rayon ininterrompu*. París: Cercle d'Art.


ALBERTO (1964) *préface de Pablo Picasso, étude d'introduction de Peter Martin*. Alberto. Budapest: Corvina.



ALEIXANDRE, Vicente (1962) *Picasso*. Milano: All'Insegna del Pesce d'Oro.

---(1961) *Picasso*. Málaga: El Guadalhorce.

AMON, Santiago (1973) *Picasso*. Madrid: Cuadernos para el diálogo.

APOLLINAIRE, Guillaume (1950) *Alcools, suivi de Vitam impendere amoris, dessins de Picasso*. Lausanne: Mermod.





ARAGON, Louis. (1965) *Shakespeare / Aragon-Picasso*. París: Cercle d'Art.

BALZAC, Honoré de (1931) *Le chef-d'oeuvre inconnu*; dessins à la plume par Pablo Picasso. Genève: Albert Skira.

BERGER, John (1973). *Ascensión y caída de Picasso*. Madrid: Akal.

BRASSAÏ (1964) *Conversations avec Picasso*. París: Gallimard.

---(1966) *Conversaciones con Picasso*. Madrid: Aguilar.

CABANNE, Pierre (1975). *Le siècle de Picasso*. París: Denoël.

CELA, Camilo José (1962) *Gavilla de fábulas sin amor*; ilustraciones de Picasso. Palma de Mallorca: Las Ediciones de los Papeles de Son Armadans

---(1965) *Gavilla de fábulas sin amor*; il. de Picasso. Barcelona: Alfaguara.

CRESPILLE, Jean-Paul (1969) *Picasso, sus mujeres, sus amigos, su obra*. Barcelona: Taber.

DAIX, Pierre (1964) *Picasso*. París: Éditions Aimery Somogy.

DIEHL, Gaston [1960] *Picasso*. París: Flammarion.

DUNCAN, David D. [1958] *The private world of Pablo Picasso*. New York: Harper and Brothers.

---(1961) *Picasso's Picassos: the treasures of La Californie*. London: Macmillan and Company.

---[1974]. *Goodbye Picasso*. New York: Grosset & Dunlap

ELGAR, Frank (1955) *Picasso*; París: Fernand Hazan.

ÉLUARD, Paul (1936) *Les yeux fertile; portrait et quatre illustrations Pablo Picasso*. París: G.L.M.

---(1947) *A Pablo Picasso*. Genève: Éditions des Trois Collines.

GALLWITZ, Klaus (1971). *Picasso Laureatus: son oeuvre depuis 1945; avec un essai de José Bergamín*. Lausanne: Bibliothèque des Arts.

GAYA NUÑO, Juan Antonio (1974). *Picasso*. Ed. Especial. Madrid: Aguilar

GUILLEN, Mercedes (1975) *Picasso*. Madrid: Siglo XXI de España Editores.

JAFFÉ, Hans L.C.[1964] *Picasso*. New York: Harry N. Abrams, Inc.,

LAFUENTE FERRARI, Enrique (1962) *De Trajano a Picasso: Ensayos*. Barcelona: Noguer.


LAPORTE, Geneviève (1974) *El amor secreto de Picasso*. Barcelona: Editorial Euros.

LARREA, Juan (1947) *Guernica, Pablo Picasso* New York: Curt Valentin.

---(1977) *Guernica: Pablo Picasso*. Madrid: Cuadernos para el diálogo.

LASSAIGNE, Jacques (1952) *La peinture espagnole*. Genève: Éditions D'Art Albert Skira





LECLERC, André. *Picasso*. México: Hermes, [s.a.]

LEYMARIE, Jean (1971) *Picasso: métamorphoses et unité*. Genève: Skira.

MARRERO SUAREZ, Vicente. *Picasso y el toro*. Madrid: Cálamo, [s.a.]

MERLI, Joan. *Picasso*. (1948) 2ª ed. Buenos Aires: Poseidón.

OLANO, Antonio D (1971) *Picasso íntimo*. Madrid: Dagur ed.

PALAU I FABRE, Josep (1966) *Picasso en Catalunya*. Barcelona: Polígrafa.

PARMELIN, Hélène (1959) *Picasso sur la place*. París: René Julliard.

---(1961) *Picasso en el ruedo*. Barcelona: Plaza & Janés.

---(1968). *Habla Picasso*. Barcelona: Gustavo Gili.

---(1959). *Picasso*. Madrid: Cid.

---(1961) *La vie et l'oeuvre de Picasso*. París: Bernard Grasset.

PICASSO, Pablo, André Villers; texte de Jacques Prévert. Diurnes: découpages et photographies / Pablo Picasso. París: Berggruen, 1962

-PICASSO, Pablo

-(1944) *Picasso*. México: Darro y Genil, 1944

-(1949-1950) *Picasso lithographe*; Préface Jaime Sabartès; catalogue Fernand Mourlot. Monte-Carlo: Éditions du Livre

-(1951) PICASSO: *Le Visage de la paix*. Paul Eluard París: Cercle d'Art.

-(1954) *Picasso: documents iconographiques*. Préface par Jaime Sabartes. Genève: Pierre Cailler.

-(1954) *La Guerre et la paix*. Claude Roy. Paris: Cercle d'Art.

-(1957) *40 Dessins de Picasso en marge du Buffon*. Paris: Jonquières.

-(1959) *Picasso: Las Meninas y la vida*. Texto Jaime Sabartés. Barcelona: Gustavo Gili.

-(1960) *Picasso: 30 cuadros inéditos: 1917-1960: [exposición]*. Barcelona: Sala Gaspar.

-(1962) *Les Déjeuners*, Texto de Douglas Cooper. Barcelona: Rauter.

-(1962) *Linogravures*. Paris: Cercle d'Art.

-(1963) *Linocuts*. London: Thames and Hudson.

-(1964) *Aquarelles et gouaches / John Richardson*. Bâle: Les Éditions Phœbus, 1964


-(1966) *Picasso 1900-1906: Catalogue raisonné d l'oeuvre peint/ Textos de Pierre Daix, Georges Boudaille*. Neuchâtel: Ides et Calendes.

-(1966) *Picasso: Nôtre Dame de Vie*; Hélène Parmelin. Paris: Cercle d'Art, 1966

-(1968) *Picasso azul y rosa / Introd.A.Moravia; biografía P. Lecal-dano*. 4ª ed. Barcelona: Noguer.

-(1970) *El deseo atrapado por la cola*. Buenos Aires: Proteo.

-(1964) *Les Dames de Mougins*; Texte de Hélène Parmelin. Paris: Cercle d'Art.



- (1965) *Le peintre et son modèle*; texte de Hélène Parmelin. París: Cercle d'Art.
- (1970) *El Entierro del Conde de Orgaz*; prólogo de Rafel Alberti. Barcelona: Gustavo Gili, 1970
- (1972) *Catalogue de l'oeuvre gravé ceramique 1949-1971*. Textos Georges Bloch: Berne: Kornfeld et Klipstein.
- (1973) *Las cuatro niñas*: obra en seis actos. Madrid: Aguilar.
- (1973) *Picasso Pintura y realidad: textos, entrevistas y declaraciones*. Recopilación y prólogo Juan Fló. Uruguay: Libros del Astillero.
- PICON, Gaëtan (1971) *La chute d'Icare de Pablo Picasso*. Genève: Albert Skira.
- PORZIO, Domenico et Marco Valsecchi (1974). *Connaître Picasso: l'aventure de l'homme et le génie de l'artiste*. París: Hachette.
- QUINN, Edward (1965) *Picasso: ocio y trabajo: la intimidación del gran pintor*. Madrid: Alianza.
- RAMIÉ, Georges (1974) *Céramique de Picasso*. París: Cercle d'Art.
- RAY, Man...[et al.] (1936). *Picasso: 1930-1935*. París: Cahiers d'Art.
- RAYNAL, Maurice, et al. *Histoire de la peinture moderne*. Genève: Éditions D'Art Albert Skira, 1949-1950
- SIMA, Michel. (1948) *Picasso à Antibes: photographies*. Textos de Paul Eluard e Jaime Sabartés. París: René Drouin.
- VALLENTIN, Antonina (1963) *Picasso*. London: Cassell.
- (1951) *Homage to Picasso on his 70th birthday: drawings and watercolours since 1893*. Penrose, Roland e Paul Eluard. London: Lund Humphries and Company.
- (1966) *Hommage à Pablo Picasso*. 2me. ed. París: Ministère des Affaires Culturelles.
- (1966) *Exposición Antológica Picasso*, Casa de Colón. Las Palmas de Gran Canaria: Cabildo Insular de Gran Canaria, 1966

-(1971) *Hommage a Picasso à l'occasion de son 90e anniversaire*. Paris: Société Internationale d'Art XXe Siècle.

Cahiers d'Art: Pablo Picasso (1932-1978). Christian Zervos dir. Paris

Unha carta de Risco desde Berlín a Alfonso Vázquez Monjardín

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

Resumo:

A presente nota ten como obxectivo fundamental dar a coñecer unha carta de Vicente Risco a Alfonso Vázquez Monjardín, meu avó, enviada desde Berlín o día 5 de xuño de 1930, e conservada nos fondos arquivísticos do Museo do Pobo Galego. Pero tamén, e empezando por aí, facer unha achega biográfica a un deses galeguistas de base, como foi Alfonso, que formaron parte da imprescindible urdime sobre a que os dirixentes teceron o movemento conformador da identidade política e cultural do país que vimos chamando galeguismo.

Palabras chave:

Vicente Risco, Mitteleuropa, Xeración Nós, Irmandade Galeguista, Alfonso Vázquez-Monjardín, galeguismo, epistolario.

Abstract:

The main purpose of this paper is to share a letter that my grandfather, Alfonso Vázquez Monjardín, received from Vicente Risco on June 5, 1930, while he was in Berlin. The letter is kept in the Museo do Pobo Galego archives. But in addition, and beginning there, to give a biographical account of one of these grassroots Galician, like Alfonso, who followed the leaders, and contributed to the movement that shaped the political and cultural identity of the nation we have been referring to as *galeguismo*.

Keywords:

Vicente Risco, Mitteleuropa, Nós Generation, Alfonso Vázquez-Monjardín, galicianism, epistolary.

Quen foi Alfonso Vázquez-Monjardín Quirós?

Alfonso Vázquez-Monjardín Quirós (nado Alfonso Vázquez Monjardín, pero uniu os apelidos mediados os cincuenta para que os fillos levasen o seu segundo tamén, polo que eran xa coñecidos en Ourense) foi un xestor comercial e axente de seguros que participou con intensidade en actividades organizativas do grupo galeguista de Ourense nos anos vinte e trinta do século XX.

Naceu na Coruña, o 24 de xullo de 1901, fillo de Luís Vázquez Quirós e Benita Monjardín Blanco, no seo dunha familia de confluencia de vellas fidalguías esmoredidas con raíces en Nigrán, Baiona, Santiago por parte paterna, e antecedentes de profesionais liberais e comerciais por parte materna, da Coruña e Ribadeo. Foi sobriño neto de José Vázquez Quirós, alcalde conservador de Santiago (1885-87), de boa lembranza pois durante o seu mandato restaurouse a escaleira helicoidal de Andrade en San Domingos de Bonaval –como se recolle na placa que se conserva no propio Museo–, expuxéronse, autenticadas, as reliquias de Santiago topadas pouco antes, e foi declarado Ano Santo extraordinario 1885 polo papa León XIII, o que propiciou o inicio do movemento xacobeo moderno¹.

Logo duns anos de nenez en Salamanca, radícanse a mediados da segunda década do século, en Ourense por mor do traballo paterno como inspector de ferrocarrís do estado. Despois de estudar perito comercial na Coruña, faise cargo da compañía Plus Ultra en Ourense en 1926 onde traballará ata o seu pasamento o 7 de setembro de 1960.

Casado en 1932 coa carballiñesa Emilia Blanco Rodríguez-Maneiro, foi pai de Xosé Lino, meu pai, –tamén organizador galeguista ourensán, activo nos anos setenta e oitenta do século pasado sobre todo na Agrupación Cultural Auriense e na Fundación Otero Pedrayo, testamenteiro de don Xoaquín Lorenzo e membro do Padroado do Museo do Pobo Galego–, e de Carmela, María Emilia, Quica e Alfonso. O avó Alfonso tería 14 netos dos que só chegou a coñecer a dous. Puxéronme o seu nome por estar el moi doente; de feito morreu cando aínda non tiña eu seis meses.

A partir da súa constitución en 1920, aparece como integrante da *Mocedá Galeguista de Ourense*, -versión ourensá das Irmandades da Fala, construída a seguir da anterior Irmandade Rexionalista de Prado Lameiro e Hixinio Ameixeiras- nucleada ao redor de Vicente Risco; nela exerceu como secretario de correspondencia e

1. <https://xacopedia.com/redescubrimiento>

foi representante seu –xunto con Roberto Blanco Torres e Arturo Noguerol– na IV Asemblea Nacionalista de Monforte, en febreiro de 1922, ao tempo que lle axuda a Vicente Risco na organización da mesma². En nome da *Mocedá* envía cartas a Teixeira de Pascoaes para promoveren a venda da obra do poeta de Amarante en Galicia a través do grupo galeguista ourensán,³ tal e como figura en *Nós*.

Tamén, desde o número 9, xaneiro de 1922⁴, aparece como Subxerente da revista, acompañando ao Xerente Arturo Noguerol ata a finalización do período de impresión en Ourense, no número 18, en xullo de 1923⁵. Desde a constitución da *Irmandade Nazonalista Galega. Delegación d'Ourense*, o 23 de marzo de 1922, aparece ligado a esta⁶. No *Boletín Oficial da ING* de 1 de abril de 1922, consta na directiva da mesma na calidade de *Segredario xeneral*, como apoio do *Conselheiro Supremo*, Vicente Risco, e xunto aos outros conselleiros, Antón Lousada Diéguez –*Espallamento*–, Roberto Blanco Torres –*Publicidade*–, Arturo Noguerol –*Economía Social*– e Florentino Cuevillas –*Finanza*–.

En xullo de 1926 participa na camiñata a pé que un grupo de galeguistas fai de Ourense a Santiago (Vicente Risco, Otero Pedrayo, Lois Feixóo, Antón Sánchez e Xavier Pardo) ao que se incorpora en Silleda xunto con Cuevillas⁷. Talvez os acompañasen, de facémoslle caso a *La Región* do día 13 de xullo de 1923, outras persoas, pois sinala “En Bandeira se les unieron los señores Bouza Brey y Núñez Búa, de Villagarcía; Filgueira Valverde, de Pontevedra; Cuevillas, Monjardin, Fernández Mazas y Augusto María Casas, de Orense. [...] De Santiago salieron el domingo a esperarlos en el Pico Sacro, un grupo de jóvenes amigos de los peregrinos ourensanos”.

Precisamente, colaborará nese ano 1926 con Fernández Mazas e con Augusto María Casas no lanzamento dos dous números da publicación *Galaxia*, (os correspondentes ás obriñas *O purgatorio de D. Ramiro*, de Otero Pedrayo; e *Muiñada de estrelas*, de Augusto M^a Casas) pois o enderezo da administración coincide, naquela altura, co da delegación de seguros Plus Ultra que rexentaba en Ourense, Progreso 93, tal e como se comproba nos créditos e na publicidade aparecidas na publicación.

2. Actas da Mocedá Galeguista. AHPO, Fondo Xoaquín Lorenzo, folio 5r

3. Correspondencia. Expolio Teixiera de Pascoaes, Biblioteca pública Albano Sardoeira. Amarante, Portugal

4. http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/publicaciones/numeros_por_mes.do?idPublicacion=1202&anyo=1922

5. http://biblioteca.galiciiana.gal/gl/publicaciones/numeros_por_mes.do?idPublicacion=1202&anyo=1923.

6. Actas da Mocedá Galeguista. AHPO, Fondo Xoaquín Lorenzo, folio 6

7. “No camiño de Sant-Yago”, ANT, 25 de xullo de 1926.

Unha crónica asinada por un Pi-ERRE, aparecida en *La Región* o día 21 de xullo, baixo o título de "*Notas de literatura gallega. Galaxia, novelas cortas en gallego*", dá conta da aparición desta colección.

Neste tempo tamén coincide con Fernández Mazas nalgunhas actividades recreativas como a montaxe dunha carroza que dá lugar a unha festa particular da que se conservan fotos de grupo en Montealegre, e, se cadra unha na que estarían os dous sós cun chapeu cun curioso debuxo no interior: cunha caveira pousada nun libro.

En setembro Afonso realiza unha viaxe a París por urxentes cuestións familiares, o que non lle impide levar encargos de Risco e Cuevillas, como vemos nunha postal que lle envía a don Vicente desde Burdeos o día 3 de setembro⁸. A citada viaxe motiva un humorístico poema de Vicente Risco, en francés, das semanas seguintes á chegada, no que o retrata como engaiolado coa vangarda e amigo do pintor Cándido Fernández Mazas. (Ambos documentos consérvanse na Fundación Vicente Risco.

O texto do poema, que nunca foi rematado, está escrito –e repasado– a man, e di así:

Alphons Monjardin/De la Galaxia,/De l'art fauve et fier/ De Monsieur Mazas,/ De la troupe hardie/ De l'esprit nouveau,/ Qui devant Breton/Ôle son chapeau./ Alphons Monjardin/ Qui vient de la France/ avec des nouvelles,/Des nouvelles á outrance.../ Du Surréalisme,/Des independants,/De plastique... /E de ... /Sois le bienvenu/ A ce.../ Avec ta reveu/ et le "Plus ultra"⁹.

Será Alfonso socio colaborador do Seminario de Estudos Galegos, e mesmo participa en 1928 na catalogación dun par de castros da terra de Celanova, xunto con Cuevillas¹⁰.

O 11 de maio de 1930 aparece na constitución da *Irmandade Galeguista de Ourense*, reformulación das anteriores *Moceda* e *ING*, na calidade de *Secretario primeiro*, xunto con Otero Pedrayo, quen asiste ao acto fundacional pero non asume

8. "Bordeaux 3/9/26. Bó viaxe pra facelo a pé. Isto e a meseta ben coidada. Inda non atopei o teu encárrago nin o de Cuevillas. Non o descuidarei. Apertas. Alifonso". Fundación Vicente Risco, FVR A-56-2

9. Alphons Monjardin/ Da Galaxia,/ arte salvaxe e orgulloso/ señor Mazas,/ audaz tropa/ novo espírito,/ Que ante Bretón/ Quitan o sombreiro./ Alphons Monjardin/ Que vén de Francia/ con noticias/ Noticias excesivas .../ Surrealismo,/ independentes,/ A plástica..... / E de...../ Se benvido / Neste..... / Co teu adeus/ E o "Plus ultra". Fundación Vicente Risco, FVR-A26-13.

10. *Catálogo dos Castros Galegos, Fascículo II, Terra de Celanova*, Publicacións do SEG, Nós, 1928, p. 9

cargo orgánico; Vicente Risco -*Presidente*-; Cuevillas -*Vicepresidente primeiro*-; Xoaquín e Xurxo Lorenzo, Leuter González Salgado, Manuel Peña Rey, etc.¹¹

Risco non ten moito tempo para organizar o novo grupo, pois parte en tren para Berlín o día 16, onde chega o 25 dese mes, previas paradas no País Vasco, París e Bonn. Do 5 de xuño é a carta que lle envía Risco a Alfonso obxecto central deste artigo.

Intégrase Alfonso xunto co resto do galeguismo auriense no *Partido Galeguista* desde a súa fundación en decembro de 1931 e milita nel, sen ocupar postos públicos, ata a Guerra Civil. Procesado en base á lei de responsabilidades políticas que concretaba a pertenza ao Partido Galeguista como obxecto de sanción, (BOE 13/02/1939)¹², tivo que pagar unha multa. Nesta época da guerra e posguerra manterá un estreito contacto con Valentín Paz Andrade, desterrado ás terras aurienses (Verín e Trives), de quen será padriño de voda no seu enlace con Pilar Rodríguez Prada na Capela do Santo Cristo de Ourense, o 8 de decembro de 1939.

No ano 1949 faise subscritor de *Bibliófilos Gallegos* e, desde 1950, convértese en accionista fundador da editorial *Galaxia* mentres continúa a súa vida profesional e familiar en Ourense.

Visita Buenos Aires a mediados dos cincuenta, onde se reencontra con dous irmáns que alí viven e moita outra familia e amigos emigrados e exiliados. Desta viaxe conservamos unha axenda cos enderezos e teléfonos dos contactos porteños e algunha fotografía con Núñez Búa, por exemplo, na súa casa de La Plata. Despois da guerra, continúa coas mesmas amizades galeguistas e sempre nun perfil baixo, participa entre outras varias cousas, na despedida a Eduardo Blanco Amor, trala viaxe que o escritor fixo a Galicia en 1958, do que se conserva unha fermosa e moi reproducida foto de grupo no restaurante Pingallo.

No Carballiño, lugar onde tiña unha segunda residencia familiar e hoxe unha rúa dedicada, morreu o 7 de setembro de 1960 e foi enterrado no cemiterio parroquial de San Roque de Señorín, o tradicional do Carballiño, pois esta grande vila ourensá era antes do seu despegue comercial unha simple aldea desta freguesía.

A CARTA

A viaxe de Risco por Europa, como é ben sabido, finánciase cunha bolsa de estudos da Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas

11. Actas da Moceda Galeguista. AHPO, Fondo Xoaquín Lorenzo, folio 7r

12. <https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/044/A00824-00847.pdf>

(JAE) na modalidade de formación libre en cuestións de antropoloxía. Desenvolveuse entre maio e outubro de 1930 e as súas impresións foron publicadas en 28 achegas na revista Nós entre xullo de 1930 e o mesmo mes de 1935. Formalmente aparecen divididas en dúas partes, unha –“Da Alemaña”– correspondente á viaxe, País Vasco, París, Colonia, Bonn e Berlín; e unha segunda, –“Mitteleuropa”–, onde nos relata, nos dez artigos finais, as súas impresións de Viena e Praga. A derradeira das colaboracións (maio de 1935, número 137-138) remata cun “continuará” que nos faría agardar futuras achegas, pero que xa non se producirían porque non aparece no seguinte número, o derradeiro, o estraño e séxtuplo (139-45), nominalmente de xuño-décembro 1935, que non foi distribuído por mor da Guerra Civil.

Esta experiencia, no que atinxe á viaxe ata Berlín e a estadía nesa cidade, foi recollida no libro *Mitteleuropa. Impresións d’unha viaxe*, cuxo colofón indica rematada a impresión o día 3 de abril de 1934 e recolle os artigos publicados ata fins do ano anterior. Desde esa data aínda haberá dez capítulos máis na revista Nós; cinco sobre Praga e cinco sobre Viena, que non entrarán no libro.

A Carta foi enviada aos catorce días da chegada a Berlín, (chegara o 23 de maio), e máis dun mes antes da saída da primeira colaboración sobre o tema en Nós, e di así:

Berlín 5 San Johan 1930

Sr. D. Alfonso¹³ V. Monjardin

Querido Alfonso: tardar, tardei, mais escribir, escribo. Ti eras o que debías vir pr’eiquí, anque non fora mais que pra evitar confluídos sentimentais, posto que eiquí refiren istes galegos que cecais o sepan por esperencias, que o problema sexual está resolto¹⁴. O como, nono sei, pois solo coñezo dous meios: por eliminación ou por descarga. Eliminación semella que nona hai, e pra descarga, abonda, ou polo menos abondaba no meu tempo, a pera. Ademais, non debe d’estar tan resolto cando tantos libros se pubrican sob’ise asunto.

13. Curioso que nunca os galeguistas da preguerra usasen o nome Afonso, conforme á tradición medieval e portuguesa contemporánea.

14. O avó debía ser bastante mullereiro e poda que isto lle causase problemas de decisión. Nunha carta de Ánxel Casal a Ben Cho Shey, de 28 de xaneiro de 1928, aparecen algunhas rexoubas. Dille, por exemplo: “Istes días estivo eiquí Monjardin, chegou o miércoles, había marchar o sábado e pode que inda está eiquí mañán, parece que lle fan boa vida as rapazas, leva un feixe de fotografías que arde o eixo”. (Biblioteca Deputación de Ourense, Fondo Ben Cho Shey, Epistolario, Ánxel Casal, nº 556). Por outra banda, o tema do “problema sexual” parece que o comenta polo miúdo con Felipe Fernández Armesto, que é quen o instrúe, xunto con Tobío, sobre a situación en Alemaña. (*Mitteleuropa*, 1934, Nós, p. 175 e ss.)

Tamén debía vir o Vilar Ponte pra deprender a orgaizar partidos políticos. Hai que propolo pra unha pensión pr'estudar iso¹⁵. Que s'estea un mes cos natio-nalsocialisten, outro cos comunistas, outro cos socialdemócratas, outro cos de-mócratas, outro cos republicanos, outro do Zentrum, outro cos populistas, outro cos conservadores, outro cos Stahlhelm, und so weiter¹⁶. Eiqui con tanto partido estaría nas suas gorrias.

Ben. E como vai a Irmandade¹⁷? Pubricáchedes o manifesto? Seica tendes 30 socios. Compre atender a iso enantes de nada. Compre ter actividade. Compre mover â gente, estimular, etc. Intrésame moito mais iso que todo. Prégioche que nono desatendas¹⁸.

Se o amor che fai padecer, ja ves com'eu m'aguanto eiqui na ausencia e na soedade, sen muller, meu Currinche, qu'iso si que é grave, e non o de ter duas noivas ou case case. Unha noiva é unha aproximación. Já m'entendes. Convenche eliminar ise confliuo sentimental. Eiqui resolveno moi doadamente: foden, e fican ceibos pra traballaren.

Mando ao Ramon¹⁹ unha carta do Blanco Amor que viña en avión, caiu ao mar, e pescárona no Brasil. Eu respondiulle contando todo o que pasara, e dicíndolle que s'entenderan pra todo do Ramón, mais tés ti que botar man d'iso²⁰. Coma

15. Máis alá do que houbese de chiste, o certo é que o sistema de acceso ás bolsas da JAE incluía a presentación por parte de persoas que tivesen participado en experiencias anteriores. Antón Vilar Ponte (1881-1936) foi un dos impulsores iniciais das Irmandades da Fala en 1916 e a voz principal do grupo pro-político coruñés. A súa vontade de que o galeguismo das Irmandades fixese profesión de fe republicana na assemblea de 27 de abril de 1930, na Coruña, foi rexeitada e os únicos consensos derivados (novo impulso ás Irmandades como tema cultural e formación, en paralelo, dun Partido Autonomista Republicano Agrario Autónomo -do que se encargarían desde Coruña-) non foron adiante. Villar Ponte será deputado da ORGA de Casares Quiroga en 1931.

16. Cita aquí ás principais agrupacións política da Alemaña do momento, incluídos os que chama, con humor, "Stahlhelm, und so weiter", ou sexa "cascos de aceiro, etcétera", pois efectivamente había un grupo paramilitar de excombatentes da primeira guerra mundial que se autodenominaban "Der Stahlhelm, Bund der Frontsoldaten" ou sexa "Cascos de aceiro, liña de soldados do fronte", atallado en "Der Stahlhelm".

17. Refírese á "Irmandade Galeguista", renomeamento na refundación da vella "Moceda Galeguista de Ourense" levada a cabo o día 11 de maio anterior, e na que participarían trece persoas: Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino L. Cuevillas, Alfonso V. Monjardín, Joaquín Lorenzo, Jorge Lorenzo, Isaac Forneiro Barandela, Julio Cortés Martínez, José Dacal, Leuter González Salgado, Ángel Martínez e Manuel Peña Rey). *Actas da Moceda Galeguista*. AHPO, Fondo Xoaquín Lorenzo, folio 7r.

18. Alfonso botáralle unha man a Risco na montaxe da Asemblea das Irmandades en Monforte en 1922, por iso confiara nel co cargo de Secretario Xeral desta nova Irmandade Galeguista de 1930, polo que lle pide ese esforzo. En calquera caso, o percorrido da mesma será ben curto. A formación en abril do ano 31 do conxuntural Partido Nacionalista Republicano Galego de Ourense -co que as fronteiras serán, por certo, abondo difusas- e a súa dobre integración no Partido Galeguista en decembro dese mesmo ano estarán aí. O galeguismo ourensán, así, entre 1918 e esta data cambiou de denominación máis de media ducia de veces sen cambiar de militantes nin tendencia xeral como galeguismo moderado e conservador: Irmandade Rexionalista de Ourense (1917), Irmandade da Fala de Ourense (1919), Moceda Galeguista (1920), Irmandade Nazonalista Galega (1922), Irmandade Galeguista (1930), Partido Nazonalista Republicán (1931) e Partido Galeguista (1931).

19. Ramón Otero Pedrayo.

20. O certo é que, fóra o chiste, a carta de Blanco Amor fora remitida a Allariz e de alí lla rebotou a súa muller. A misiva, interesantísima, dada a coñecer por Espino do Marco no artigo "Correspondencia Ris-

os da Cruña non rechuchan²¹, parécese que é tempo de ir preparando as cousas ao noso xeito. En canto eu volva e descanse, imonos pôr en campaña.

Tesme que informar: 1° da Irmandade d'Ourense- 2° das demais Irmandades – 3° do asunto do camiño de ferro²² – 4° da política. – 5° da candidatura do Ramón.

Aínda non vin nada de seguros, eso que vin ja moitas cousas. Isto é grande, grande de mais. Teño que coller o tren elétrico total-as mañás pra ir a Biblioteca, e pasar ó estacións.

O mais bonito son os parques e jardís; istes alemás teñen unha afeizón pol-a herba, que calquera diría qu'a comen. Onde poden, teñen herba: ata na via do trem. Isto e os arbres é o que fai bonito Berlín. As mulleres son feas. Vas pol-a rua e ves unha c'un cabelo loiro, coma ouro, e un brazos de nacre, volve a cabeza, e ten cara de can. Moito mais lindas no Rhin; alí si que son coma rosas, e non mours cachizas como "la niña de abajo".

Outra cousa preciosa son os cafés. O pior é que non teñen intimidade. Hai qu'estar n-iles de visita. Boeno, eu eiquí no vou ao café, nono tomo: no hai tertulia, e o café é un augapé que semella feito con fabas sen tostar. –Fíxate ben: as mesas dos cafés teñen mantel, e as dos restaurants as mais das veces, non.– Preciosas tamén pra os lambós, as Konditoreien. Din qu'o Montes²³, ao ver en todo-los cafés: Konditorei, Konditorei, perguntou qu'era aquilo de Konditorei. O Armesto²⁴ respondeulle –É o dono do Café. E o monte dixo: Caray, canto café ten ise Sr.!

O Tobío²⁵ e mais o Armesto son comunista²⁶, e no fondo, arredistas. Fundan o arredismo en fundamentos económicos. Ao mesmo tempo, o Armesto estivo en Chekoslovakia, boeno, en Praga, crar'está, e veu entusiasmado de como alí resolveron o problema da terra, que non foi con criterio comunista, senon d'unha sorte de socialismo individualista especial, a base do noso, da terra pra o qu'a

co-Blanco Amor" publicada no *Boletín Auriense*, 14-15, (1986), leva a data de envío do "6 de Johan", co que pode que a escribira antes e a mandara despois.

21. Estas cuestións políticas están moito máis especificadas na carta do día seguinte a Blanco Amor, citada na nota anterior. Refírese, en síntese, a que despois da IV Asemblea nazonalista celebrada na Coruña, o grupo coruñés, non adiantou nos seus traballos de formación dun partido autonomista, agrarista e galeguista, co que Risco se sentía liberado para emprender o seu camiño.

22. Tema constante na prensa o do orzamento e obras para a liña de ferrocarril de Zamora-Coruña; non aberta á circulación, por certo, ata 1958.

23. Euxenio Montes (1900-1982), escritor de Bande, residente en Berlín, correspondente de ABC que evolucionou desde o vangardismo e a escrita en galego a un falanxismo de primeira liña.

24. Felipe Fernández Armesto (1904-2002), "Augusto Assía", ourensán da Mezquita, era xa daquela, correspondente de *La Vanguardia* en Berlín. Posteriormente participaría na Guerra Civil no bando alzado e logo sería correspondente do mesmo xornal en Londres, onde manterá posturas aliadófilas e onde inaugura o programa galego da BBC en 1947.

25. Luís Tobío (1906-2003), Escritor e diplomático español, fundador do Seminario de Estudos Galegos, residente en Berlín dacabalo entre 1929 e 1930, co fin de ampliar os seus estudos de Dereito, foi o principal anfitrión de Risco na cidade. No mes de outubro voltará a Galicia, onde pasará a impartir clases de Dereito Romano e Historia do Dereito na Universidade compostelá. Escribiu un espléndido relato autobiográfico *As décadas de L.T.* (Edicións do Castro, 1995), onde fala abondo dos seus estudos e do seu contacto constante con Risco en Berlín.

26. "puxéronse en comunistas e rusófilos" sinala no *Mitteleuropa*, onde lles dedica amplas páxinas (120 e ss).

traballa, e d'inembargabilidade. A propiedade é unha función social, e a terra é pra quen a utiliza pra producir, e non responde nen de débedas, nen de trabucos, nen de nada. É unha sorte de agrarismo integral. Moravia, por eixemplo, é unha terra de labregos coma Galiza.

O Tobío ten a miña idea, de que a verba autonomismo, en lugar de nacionalismo, envolve unha recuada, que non debemos consentir. N-isto estou eu conforme.

Din que me van levar ver as frábricas de Stinnes²⁷. Teño gana de ver algo d'ise inferno industrial, cecais mais Torre de Babel que inferno. Eiqui os obreiros ganan moito, e o problema e o dos Arbeitlos (sen traballo). Mais a estes seica lles paga o Estado como se traballaran. En realidade, d'orgaización, Alemaña é algo grande. Demais. Hai unha verdadeira megalomania, ou pol-o menos megalofilia. Din qu'iste é o centro do mundo moderno, e poida que teñan razón. –Outro tema é o da nova arquitectura. Ben, eiquí todo ten, pol-o d'agora, estilo. Hai casas ojivais, románicas, renacemento, barroco, neoclásico, romántico, oriental, e moderno, mais todo ten o sello alemán. Adimais, hai moito estilo alemán puro. E as casas de vecindade d'estilo moderno, teñen un ar enormemente rural, singelo, aldean mesmo, o quan, junto coa herba que teñen diante, e co-as tradicións, cortinillas d'eincaixe nas feestras, que todas teñen, dalle un aspecto moi simpático.

(VS)

Son tantal-as cousas qu'eiqui hai qu'ouservar e estudar, que compre facer primeiro un programa, unha riola d'asuntos escollidos, senón non hai modo de se desenvolver, en de tirar proveito de nada. Pra estudar Alemaña, compre germanizarse primeiro. Compréndese moi ben eiquí, n-iste maremagnum, a precisión da orde, do método e da limitación d'asuntos. E do papeleteo e a estadística pra todo. Eu é o que vou facer. Vou faguer unha lista d'asuntos, enantes d'escibir nada porque quero qu'a miña estada eiquí sirva de proveito e dea de si un libro, pra o qual ja teño o proieuto²⁸. Deus me dea saude, forza e azos pra o levar a cabo. Porque compre documentarse ben.

Ben. En Berlín hai de todo, agás Volkskunde²⁹. Eu traballo en Bibliografía, na Staatsbibliothek³⁰ onde ja levo pasado varios días de sol a sol. – Cómese ben e

27. Hugo Stinnes (1870-1924) foi o maior industrial e home de negocios da Alemaña posterior á primeira Guerra Mundial. Empezou pola minería e metalurxia e estendeuse ao comercio, produción agraria, medios de comunicación, etc. En novembro de 1918 asina con sindicatos un tratado de paz social (xornadas de oito horas, recoñecemento da representatividade sindical, etc.), que crean un modelo de tintes socialdemócratas para atallar o descontento coa situación económica que funcionará ata a Segunda Guerra Mundial.

28. Ou sexa que a idea de converter as crónicas que aínda non empezara a publicar en Nós, no *Mitteleuropa*, xa estaba decidida mesmo antes de empezar a envialas.

29. Folclore. Refírese a que non dá atopado ou non se dedican ao que el pensaba, os profesores que buscaba en Berlín: falláronlle o profesor Thurnwald -estaba en África, o profesor Gamillscheg que non se dedicaba ao que a el lle interesaba e o profesor Hübner, que tampouco, etc.

30. Para a descrición e funcionamento desa biblioteca -que o deixa pasmado- (*Mitteleuropa*, p. 166 e ss.)

abundante, anque a comida e moi outra qu'a nosa, e ademais, pra esta gente debe resultar moi barato; quero dicir pra o que cobra en marcos, ora o que cobra en pesetas, craro que ten comido por servido, mais tampouco é tan afogante a cousa. O pior son as distancias, e anque as comunicaciós son baratas, resulta que a min, por eixemplo, a ida e volta â biblioteka, já me custa 80 cts diarios (de peseta, de marco son 40). E gracias que ando moito da pé³¹.

Que mais queres que che diga? Que me digas ti. Que traballedes pol-o que verdadeiramentne importa, pol-a nosa creación. Eiquí está un máis perto dos pobos que nos dan eixemplo: Chekoslovakia, Polonia, Lituania, Letonia, Finlandia, Flandes, agora ata a illa de Malta. E todo isto fíxose traballando coma nós, con esforzo, perseverancia, desánimos, disgustos, sudores, estudos, esposición da vida, da carreira, da liberdade, recolleita de datos, literatura, propaganda, alegría e tristura, esperanza e decepción, etc., etc. Porqué non imos faguer nós o qu'iles fixeron? Ou é que desconfiamos de nós mesmos e do noso pobo? Adiante, adiante, e adiante³².

Escribe, non señas preguiceiro.

Recibe unha fonda aperta de

V.Risco

t/c Waitz str 3 , bei Tornegg³³

Berlin. Charlott 4

Prof. Vicente Risco)

31. A pensión recibida foi de 450 pesetas ao mes durante catro meses e máis 600 pesetas para as viaxes de ida e volta. Debía axustar os gastos. (<http://archivojae2.edaddeplata.org/ficha/personas/7201/>)

32. Este ton optimista é propio de quen está máis ca animando, arengando a redobrar o compromiso a un "dos rapaces", como adoitaba chamar ao grupo de xente nova que lle botaba unha man. Nada que ver cos disparates minusvalorativos cheos de fel para os amigos e inimigos que aparecen na correspondencia con Losada Diéguez. Por exemplo: "Estanos ben empregado por querermos salvar a un pobo de cabrós coma é o pobo galego, de principios dos anos vinte, por querermos dotar de concencia nazonal a un pobo que quere perder o caraute de pobo, a un pobo suicida que quer perecer como tal pobo, que quer ser gobernado por alleos, educado por alleos, caso úneco no mundo, caso insólito, pro flagrante, patente, palpabel. E por moito que fagamos non conseguiremos impedilo suicidio de Galiza, non poderemos deter este istinto fatal qu'a leva â morte e ô anegamento na noxenta y-asquerosa Hespaña" (*Epistolario de Vicente Risco a Antón Losada Diéguez*, 2010 Deputación de Ourense, p. 109).

33. O enderezo sinala o número da casa, o 3 da Waitzstraße, moi preto da estación de Charlotemburg, e o nome da señora onde pára, Fran Tornegg, "unha judía divorciada, delgadiña e moi fea, de mediana idade, con algúns cabelos brancos, amable e falangueira" (*Mittleuropa*, p. 125). A casa desapareceu coa guerra e hai construción nova.

Sr. D. Alfonso V. Morjardin

Berlín 1 San Johann 1930

Querido Alfonso: tardar tardar, mais escribir, escribo. Tienes o que debias vir pr'ciqui, au que non fora mais que pra evitar conflitos sentimentais, posto que cigui refiroc' ite galegos que ceceis o sapian por experiencia, que o problema sexual esta resolto. O como, non sei, pois solo coñeco dous meios: por eliminacion ou por descarga. Eliminacion sencilla que nona hai, e pra descarga, abonda, ou pol-o menos abondaba no meu tempo, a pera. Ademais, non debe d'estar tan resolto cando tantos libros se publican sob' ise asunto.

Tamben debia vir o Vitor Ponte pra deprender a orgairar partidos politicos. Hai que propolo pra unha pensión pr'estudiar iso. Que s'extea un mes cos nacionalsocialistas, outro cos comunistas, outro cos socialdemocrotas, outro cos demócratas, outro cos republicanos, outro co Zentrum, outro cos poplistas, outro cos conservadores, outro cos Stahldem, unel se ueiter. Cigui con tanto partido estara na miña yonias.

Don. E como vai a Inmundaide? Publicachedes o manifiesto? Seia tundes 30 socios. Cuyga atender a iso esencial de nada. Cuyga ter actividade. Cuyga mover a gante, estimular, etc, p'it'isame unito mais iso que todo. P'igochu que nono desistendas.

Se o amor che fai pardecar, já ves con'cu me' aquanto cigui un amencia e na sociedade, ou unitor na Comiche, qu'iso si que é grave, e non o de ter dous noivas ou case case. Vamos, unha noiva e unitor aproximacion. Já me' entendel. Conveche eliminar ise conflitos sentimentais. Cigui resolvois unol d'edacamente: fader, e ficau ceitos pra traballaren.

Mando ao Ramon unha carta do Blauso tuor que irte en avión, cahe ao mar, e pasadrona no Mail. Lu responsable contando todo o que pasara, e dechidelle que s'entenderan pra todo co Ramon, mais tel ti que botar man d'iso. Toma os de Ponte non reclusian, parcaime que é tempo de ir preparandos as cosas no uesto gaito. Lu conto en volva e descansa, inoves por en campaña.

Tenue que informar: 1º da Inmundaide d'Orureu - 2º das demais Inmundaides - 3º do arinto do camiteo de ferro - 4º de politica - 5º da candidatura do Ramon.

Ainda non viu nada de seguros, as que viu já moitas cosas, isto é un grande, grande de mais. Temo que calter o tren electrico total - es manas pra ir a Bibliotica, e pasar o estacion.

O mais boiuto son os parques e jardins; ite' alemas tenen unha afeison pola herba, que cal quera d'ina que a comen. Ome parde, tenen herba: ita na via do tram. Isto e as robes e o que fai boiuto Berlín. As utilleres son fess. Vas pol-a ma e ves unika d'una cabalo leiro, como ou ro, e uns troncs de naeva, ovide a cabera, e ten cara de can. Moito mais lindas no Alriu; e' si que son comas rosas, e non moiras cachudas como la cinta de abajo.

Outra cousa preciosa son os cafes. O pior é que non tenen intimidade. Hai qu'atar unika de vi s'itar noeno, en cigui non ven a cafe, nono tomo: no hai tertulia, e o cafe é un negocio que sencilla feto un fader nono. Fipate ben: as mesas dos cafes tenen unito e as dos restaurantes as unito das mesas, non. Precias tambe pra as lambis, as Konditorien. Dia qu'o Monto, as vez en total os cafes: Konditorer, Konditorer, pergunter qu'era aquilo de Konditorer. O Anesto respondeite: - E' o douo do Cafe. E' o Monto dico: Caray, canto cafe ten ise Sr.!

O Tobio e mais o Anesto son comunistas, e no fondo, anedistas. Fundan o anedismo en fundamentos economicos. Se uneso tempo, o Anesto ativo en Chekosllovakia, Socus, en Praga, or' esta, e ven autansiamado de como e'li resolvois o problema da terra, que non foi con ceteros comunistas, senon d'unha sorte de socialismo individualista, especial, a base de uesto, da terra pra o qu'a traballa, e d'inevargabilidade. A propiedade é unha función social, e a terra é pra quea e utitice pra producir, e non responde deen de debedas, non de traballo, non de nada. E' unha sorte de agrarismo integral. Moravia, por ex'emplo, é unha terra de labregos como Galicia.

O Tobio ten a unika idia, de que a cerba autonomismo, en lugar de nacionalismo, unoloe unha veuza de, que non deberiamos coarctar. No' ite' eston en conforme.


Dico que me van levar a ver as fabricas de Stines. Temo que de ver algo d'ise inferno industrial, ceceis mais teme de Babel que inferno. Cigui os obreros ganau unito, e o problema e o dos Arbeitlos (ou traballo) Mais a ite' seia lles paga o Estado como se traballaren. Lu realidade, d'organizacion, Alemania é algo que de. Demais. Hai unha verdaderam magalomania, ou pol-o menos, magalofilia. Dico qu'ite é o centro do mundo moderno, e goide que tenen razón. Outro tema é o de una arquitectura. Ben, cigui todo ten pol-o d'agora, estelo. Hai casas oivais, románticas, romancuanto barroco, modernitas, romanticas, newitel e no demas, mais todo ten o selo alemán. Ademais, hai unito estelo alemán puro. E as casas de veuza de de estelo moderno tenen un ar supremamente novel, singular, aldoen uneso o qual junto coa herba que tenen de diante, e co'el tradicional cortinillas d'encaxe nas feestras, que todas tenen, dalle un aspecto unisimpatico.

Son tentant as cousas qu'asiqui hai qu'oservar e estudar, que sempre favor primario un programa unha via, d'asuntos escollidos, sobre non hai modo de se desesquivar, non de tirar proveito de nada. Pra estudar Alemaña, sempre germinarase primeiro. Comprendeise moi ben asiqui, no este no navegium, a precisión de orde, de métodos e de limitación d'asuntos. E do papelito e a este ditosa pra todo. Eu é o que vou facer. Vou facer unha lista d'asuntos, e antes d'escibir nada porque quero que a miña cidade asiqui sirva de proveito e lea de ti un libro, pra o qual ja teño o proxecto. Deus me dea saúde, forzas e azas pra o levar a cabo. Porque sempre documentarse ben.

Deu. En Berlín hai de todo, aquí Volkshunde. Eu traballo en Vriolografia, na Staatsbibliothek, onde ja levo pasado varios dias de sol a sol. — Comida ben e abundante, aunque a comida é moi outra qu'a nosa, e ademais, pra esta gente debe resultar moi barato; quero dicir pra o que cobra en marcos, pra o que cobra en pesetas, creo que ten comida por servido, mais temporero é tan afogante a cousa. O pior non es distancias, e aunque as comunicacións son baratas, resulta que a via por cizampuro, a ida e volta á biblioteca, ja me coste 80 ct's diarios (de peseta, de marco son 40). E grazias que ando moito da pe.

Que mais queres que che diga? Que me digas ti. Que traballades polo que verdadeiramente importa, pol-a nosa creación. Liqui esta un mais parte dos pobos que nos dan cizampuro: cheoslovakia, Polonia, Lituania, Letonia, Finlandia, Flandes, agora ata a illa de Malta. E todo iso, fíxose traballando como nós, con esforzo, perseverancia, desánuas, disquietos, sudores, estudos, esportión de vida, da carreira, da liberdade, recollida de datos, literatura, propaganda alegre e trística, esmoreza e decepção, etc, etc. Porque non nos facer nos o que eles fixerun? Ou é que desconfiamos de nos mesmos e do noso pobo? Adiante, adiante e adiante.

Esibe, non séas preguiçoso.

Deibe unha forte aperta de

 Risco

1/2 Waitzstr. 3, bei Tornegg
 Berlin. Charlott. 4.
 (Prof. Vicente Risco)

Arquivos familiares: Unha xanela ó pasado

Ramón Lojo Corbal

O confinamento decretado a mediados de marzo de 2020, supuxo dalgunha maneira a parálise da nosa actividade cotiá, pero o espírito humano é inqueda e curioso por natureza. Queremos saber que hai detrás dos outeiros, descubrir novos mares e atravesar todos os desertos.

Esa curiosidade tamén estaba latente en min, gacheira, esperando a ocasión que chegou coa pandemia e o peche na casa. Póndome ao día en materia de teletraballo, encontrei un artigo interesante sobre xenealoxía e dixitalización que me levou a revisar as anotacións do libro de familia feitas por un meu bisavó e que me legou meu pai.

Quixen remontarme alén do último ascendente indicado en tales apuntamentos e, irremediabilmente, o primeiro paso nesa busca secuencial e escalonada de nomes, datas de bautismo, matrimonios e defuncións, foi o Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela e os seus belísimos libros parroquiais. No entanto, esgotada esta vía de información e acudindo con desespero a protocolos notariais dixitalizados da USC en procura do seguinte devanceiro, o que finalmente descubrín supuxo unha mudanza da miña perspectiva sobre a riqueza da xenealoxía familiar, Explícome, máis alá da recolleita dunha serie de nomes e datas, constatee que podía coñecer parte da vida desas persoas, algo que me resultou fascinante.

A partir de aquí abríronse moitas portas que me induciron a investigar novas fontes e que me permitiron contactar con persoas dedicadas á divulga-



Ramón Lojo García (circa 1890)

ción da historia de Galicia. Así coñecín a existencia de *Galiciana*, o Museo da Memoria Mariñeira do Porto do Son e, por suposto, os fondos familiares depositados no Museo do Pobo Galego. Tamén coñecín, entre outras persoas, a José Manuel Vázquez Lijó, Rosa Méndez García e Santiago Llovo. Foi precisamente a través deste último como souben do fondo Lojo-Lestón que as miñas queridas “tías-curmás” Avelina e Melucha cederan xenerosamente e con bo criterio ao Museo do Pobo Galego. Aínda que, inicialmente, non me interesou moito a documentación citada por entender que se circunscibía ao tema da salgadura (en verdade, un tanto alleo á miña familia), trala descuberta por Vázquez Lijó dunhas cartas relacionadas coa prematura emigración do meu bisavó á Arxentina, decidín investigar co beneplácito de Rosa, quen amablemente puxo á miña disposición a totalidade do fondo durante o tempo que eu precisase.

A documentación permitíume saber que o bisavó Ramón Lojo emigrou a Buenos Aires con só quince anos, empurrado por carencias xurdidas ao verse o seu pai Manuel María apartado do seu posto de traballo como secretario do concello de Porto do Son. Embarcou no vapor *Brittania* e, despois de traballar durante tres anos na localidade de Magdalena para os irmáns Iguain, comerciantes de mercería e roupería, recibiu a encomenda dos irmáns Seguí para representar e dirixir unha nova casa que pensaban establecer en Paraná, onde

mesmo tivo tempo de namorar. Finalmente, cando soubo da morte do seu pai en outubro de 1879, volvería a Porto do Son para reunirse coa nai e as irmás. Aínda tornaría dúas veces a Buenos Aires en viaxes de negocios.

Todos os datos arriba citados púdenos coñecer grazas ao fondo Lojo-Lestón do Museo do Pobo Galego. A experiencia foi enriquecedora e até vome a dicir que, adictiva. O feito de descubrir historias do bisavó, do trisavó e outros parentes; de poder “encaixar” as distintas pezas en forma de cartas e documentos varios que ía encontrando; de reconstruír episodios desas vidas cos triunfos e decepcións; de coñecer como traballaban, vivían e amaban, as súas inquedanzas, gustos e maneiras de pensar... Todo iso introduciume nun novo mundo ignoto, do que eu era explorador e navegante. E para esas descubertas contaba cun instrumento único: un fondo bicentenario, perfectamente conservado (como só se pode



facen nun arquivo público) que me permitía viaxar ao pasado. Iso foi para min o Museo do Pobo Galego e, en particular o fondo lembrado, unha máquina do tempo coa que podía examinar unha época pretérita engaiolante cos seus actores principais e secundarios. Ou, se queredes, a miña Nao Victoria, coa que sucaba o mar da xenealoxía parental, dirixindo a ollada ao descoñecido mentres dicía contra min *Hic Sunt Dracones*.

Motivos sobre el paisaje de Galicia (1948)

Manuel Arroyo Núñez

Graduado en Xeografía e Ordenación do Territorio (USC)

Resumo:

Don Ramón Otero Pedrayo, o longo da súa vida e se facemos un peregrinaxe por calquera das súas obras sempre atoparemos ese vieiro que nos leva a ver e mirar a paisaxe de Galicia. Otero como xeógrafo fixo xeografía que as veces chamou: “ciencia da paisaxe”. Pois ben, dos ensaios e artigos sobre a paisaxe temos un pequeno ensaio pouco coñecido pero que reflicte ese sentimento e amor por a Nosa Terra. Faremos un percorrido por el.

Palabras chave:


A xeografía de Otero. A paisaxe, paisaxes galegos.

Abstract:

Don Ramón Otero Pedrayo, throughout his life and if we make a pilgrimage through any of his works we will always find that vision that takes us to see and look at the landscape of Galicia. As a geographer, Otero did geography that he sometimes called: "landscape science". Well, of the essays and articles on the landscape we have a little essay that is little known but that reflects that feeling and love for Our Earth. We will take a tour of it

Keywords:

The geography of Otero. The Landscape, Galician landscapes.



Na biblioteca do Museo do Pobo Galego temos un libríño doado pertencente á biblioteca de don José Vázquez Romagura galego emigrado na Arxentina. Escrito en castelán, da autoría de Ramón Otero Pedrayo titulado: *Motivos sobre el paisaje de Galicia*. Foi editado en Bos Aires pola editorial Kau e non ten data exacta de publicación, aínda que na páxina da fundación Otero Pedrayo está datado en 1948. Tamén coñecemos un exemplar desta obra na biblioteca do Mosteiro de Poio. Deste traballo dixo Antonio Fraguas en 1988 no seu artigo: *Don Ramón, o xeógrafo das paisaxes*, que publicou na revista Outeiro no seu número 28, que era o cumio sobre a paisaxe galega. Pois ben, o pequeno libríño recolle un ensaio que ten os capítulos seguintes:

- I. La primavera desde la Herradura compostelana
- II. El Fontán coloreado de vida y simpatía
- III. Poesía de legendarios bardos
- IV. Desde el Rodeiro de Trasalba
- V. El canto de cisne del viejo Miño
- VI. Magnolias, pazos, ondas
- VII. En el núcleo de la historia
- VIII. La ronda de las estaciones.

No índice e visto o seu contido pódese albiscar, nun primeiro momento, que temos ante nós un escritor romántico, mais nunha segunda e repousada lectura veremos aquilo que vía o xeógrafo das paisaxes de Galicia.

O capítulo primeiro da *la primavera desde la herradura compostelana* é unha descrición dos efectos da primavera sobre a paisaxe a través do seu horizonte do xardín da Ferradura de Santiago de Compostela, e comeza así:

Una grata sorpresa nos reserva el horizonte del hermoso parque, desenvuelto con cadencia y número de poema en torno al castro de santa Susana y su armoniosa corona de célticos robles.

Como xa sabemos polo ensaio *Sobor a paisaxe galega* (1954), para Otero sempre hai un horizonte que é o factor da paisaxe que impón valor ao espazo. Pero non se limita á primavera:

La ronda de las estaciones como danza de antorchas, unas veces ardientes, otras desfallecidas, circunda según la ley periódica de su existir algo inmutable que le sirve de centro y eje, de motivo. Considerar como definitivo este momento del paisaje de la Herradura Compostelana sería no entender su esencia e incapacitarnos para sentir y comprender la vida conjunta y fluyente del paisaje.

Esa é a lei para comprender calquera paisaxe de Galicia. A paisaxe é dinámica, nunca finaliza, todo se funde nun proceso e insiste noutros horizontes:

Tampoco podríamos comprenderlo sin el recuerdo de otros infinitos paisajes que hacia la montaña y hacia el mar, en todos los rumbos, viví en más allá del círculo mágico del horizonte de otros horizontes.

Pero Otero dinos que paisaxe é:

Pues el paisaje es, sin que intentemos matarlo al querer definirlo, el rostro de la naturaleza animado por el alma de la historia.

Cóntanse os horizontes próximos, os alonxados, eses que os peregrinos percorren para chegar a Compostela.

Otero fálanos no segundo apartado, como en tantas outras ocasións, do mapa de Fontán que cartografou a anatomía do relevo e as formas do perfil e limite

oceánico de Galicia. Alí no debuxo cartográfico corre a vida dos campos, dos pobos e as pequenas formas do fluír da historia.

Entre los mapas de Galicia ninguno existe que supere en belleza y poder de creación al que el matemático Antonio Domingo Fontán dibujó y grabó hace cerca de un siglo.

Podemos pensar que Otero ten diante a carta xeométrica de Galicia:

Querer clasificar las formas del paisaje gallego sería intento demasiado audaz, si llevará aquella intención científica que algún día inspirará al estudio de la naturaleza conjugada con la historia...No olvidemos que el paisaje actual de Galicia es un momento del largo proceso en que evolucionan, obedeciendo a tiempos diferentes, muy diversas fuerzas...He aquí un primero e imperfecto criterio: paisajes de ritmo lento, paisajes de ritmo acelerado.

Os primeiros están nas rexións montañosas e do interior, pois no val e na costa todos os medios son doados para os cambios da vida e a historia. Recordamos varios exemplos da xeografía galega. E finaliza:

Así contemplando en el Fontán, animado por el recuerdo de la fisonomía de Galicia, surgen diversos criterios de clasificación de sus paisajes. Una Galicia predominante esquistosa; otra esencialmente granítica. Regiones de ritmo lento, regiones de ritmo acelerado. Galicia interior de fuertes reservas arcaicas, Galicia abierta en valles y costas al soplo generoso del Atlántico.

O terceiro capítulo leva por título: *Poesía de Legendarios Bardos*. E temos que preguntarnos que ten que ver coa paisaxe de Galicia. Otero relata o poderoso encanto das terras de Ponteceso, Corme, Camariñas, Sires, Muxía e Camelle. Si lemos os poemas da obra: *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar*, publicado en 1958 en Madrid polos mozos de Brais Pinto, vemos que eses poemas teñen un 40% de termos xeográficos. Otero facía xeografía coa poesía. Ademais quen son os Bardos?. Segundo o dicionario de Eladio Rodríguez González de 1958, publicado por Galaxia, na voz Bardo di:

BARDO s. m. Nombre dado a los sacerdotes y poetas de los antiguos celtas. // Poeta heroico y lirico. // Los antiguos bardos eran poetas, cantores, músicos, historiadores y genealogistas. En Galicia, cuyo origen céltico ya pocos discuten, se dio por asenso unánime el calificativo de bardo a Eduar-

do Pondal, porque sus poemas *Queixume dos pinos*, publicados en 1886 evocan las pretéritas edades.

Otero Pedrayo sempre foi partidario da orixe celta dos galegos, tal e como manifesta no *Ensaio histórico sobre la cultura gallega* publicado en 1933. Pois ben, seguindo coa poesía lendaria dos bardos, dinos:

Eduardo Pondal, hijo del estuario de Ponteceso, vivió poéticamente las riveras que en arco curvado en voluntad titánica se tienden desde Finisterre a la torre de Hércules.

A paisaxe sempre teñen historia e xentes con vida. É un motivo para falar dos poetas que viron os horizontes atlánticos.

O cuarto capítulo levanos ao que se ve desde o *Rodeiro de Trasalba*, monte que queda a un quilómetro da súa casa de Cima de Vila e probablemente unha das camiñadas de Otero pola parroquia de San Pedro de Trasalba. É un fermoso texto xeográfico describindo horizontes próximos e lonxanos.

O capítulo quinto titúlase: *O canto do cisne do vello Miño*. Aquí como tantas outras veces Otero fai uso das metáforas para describir o sistema fluvial do Miño-Sil. Da desembocadura na Guarda describe:

Aquí fluye la historia y la geografía de las tres cuartas partes de Galicia. La marea cambia diariamente de aspecto semilunar en los bancos de arena. En la corriente, azul, acero, plata con ciertos soles ponientes, púrpuras encendidas, se funden las aguas de mil valles, unos serenos y parques de montaña, otros profundos, lentos, mimosos.

E así describe o Sil:

Viene de muy lejos y muy cargada de historia esta rama potente del Sil. En los montes Astures, de tonos de acero, aire cristalino y sencilla vida pastoral, una fuente al pie de Cuetos Albos se sintió enamorada del mar lejano y hacia él bajo su caudal conjurando las corrientes del horizonte de graves sierras dentadas que envuelven los valles.

Do Miño central comenta:

El Miño central crea terrazas estructurales, Orense o por lo menos el Oren-

se que se aproxima al río se instala en una de ellas, prodiga aluviones pasa lento en el regusto del paisaje, desde los Peares a Filgueira.

Fai tamén descrições das ribeiras da raia con Portugal, e os horizontes dende Santa Tegra.

No capítulo sexto, *magnolias, pazos, ondas*. Dende a torre do pazo de Fefiñáns móstranos a Ría de Arousa.

Desde la torre de Fefiñans se siente fluir la historia con el mismo ritmo con que las aguas del Umia fluyen por la tierra materna del valle del Salnes.

O capítulo sétimo, *no núcleo da historia*, máis metáforas para falarnos das cidades e vilas de Galicia é a paisaxe urbana, e dinos:

Pudieran clasificarse las poblaciones gallegas según un esquema parecido a este: de castro (Lugo, Tui, Mondoñedo), de cuesta o declive (Orense, Vigo), de orla de estuario (Betanzos, Vivero, Padrón, Pontevedra), de valle (Mondoñedo, Rivadavia), de istmo (La Coruña, Mugía), de cruce de caminos en resalte montañoso (Pontes de García Rodríguez). En todas se conjugan varios imperativos que a lo largo de la historia predominan sucesivamente.

Remata este fermoso ensaio coa ronda das estacións, un percorrido polo devalar do ano. Ccousa que fai Otero en todas as súas novelas e ensaios sobre a paisaxe. Sempre esa ronda das sazóns.

Hace que todos los paisajes de Galicia vivan en tensión de un espíritu misterioso que lucha por librarse de la ley de las formas.

Otero vía e miraba as paisaxes de Galicia, escribe ensaios e dálles un corpo unificador cheo de metáforas, sentimentos e formas de mirar e ver. Son escritos xeográficos onde describe as paisaxes galegas, os seus ritmos, formas e leis, facento teoría xeográfica. Na súa obra literaria plasma todo tipo de descrições paisaxísticas, claro síntoma da súa grande memoria de xeógrafo.

Que máis dicir deste fermoso ensaio?, A súa lectura danos un sereno e suave gozo de estar voando como pomba mensaxeira polas comarcas de Galicia. A obra do xeógrafo Ramón Otero Pedrayo ten na paisaxe o cerne e eixo da ciencia da xeografía.

Como autor do texto antedito quero agradecer ao Museo do Pobo Galego, as facilidades que me concedeu para as investigacións na súa biblioteca, xa que forman parte do contido dunha tese doutoral en redacción na Universidade de Santiago de Compostela titulada: *A Xeografía do Xeógrafo Ramón Otero Pedrayo*.

“Hactenus de hoc”

Santiago de Compostela, novembro de 2022

BIBLIOGRAFÍA

OTERO PEDRAYO, Ramón (1947) “Motivos sobre el paisaje de Galicia”. *Revista Galicia* números 411, 412, 413, e 114.

--- (1955) “Sobor a paisaxe Galega” No libro: *Cultura e paisaxe*. Galaxia.

--- (1958) *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar*, edición de Brais Pinto

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio (1988) “Don Ramón, O xeógrafo das paisaxes”. *Revista Outeiro* número 28.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958) Diccionario enciclopédico Galego-Castellano.



O río Ulla e as vías de comunicación a finais do Antigo Réxime

Ramón Falcón Galiñanes

Resumo:

O río Ulla conforma unha das principais concas fluviais do noroeste de Galicia. Na súa lonxitude discorre por un amplo espazo que posibilita o estudo de comarcas moi diferenciadas, tanto polas súas características físicas, como polas actividades socioeconómicas das comunidades humanas que viven na súa contorna. Os ríos funcionan ao mesmo tempo como barreiras e como vías de comunicación, xerando zonas de interrelación, ademais de constituír unha importante fonte de recursos para o desenvolvemento das comunidades. As pontes, as barcas e as cargas de tránsito serán o obxecto deste traballo.

Palabras chave:

Galicia, río Ulla, comunicacións, pontes, barcas, século XVIII.

Abstract:

The framework for this investigation settles on one of the main river basin in northwestern Galicia, the river Ulla. This river flows through a vast area, thus enabling the study of different regions with dissimilar physical and social-economic characteristics. Rivers work simultaneously as barriers and communication channels, generating inter-relation areas and constituting a relevant pool of resources for the development of communities. Bridges, barges and transit tolls will be the object of this work.

Keywords:

Galicia, Ulla river, communications, bridges, boats, 18th century.

O río Ulla e as vías de comunicación a finais do Antigo Réxime

Os ríos son un elemento físico fundamental para o desenvolvemento humano como fonte de recursos imprescindibles. Ao longo da historia os cursos fluviais aportaron auga de boca e para rega, proporcionaron pesca e tamén enerxía. Ao mesmo tempo serviron como importantes vías de comunicación, pero tamén poden constituír considerables obstáculos entre as comunidades das súas ribeiras.

En moitos lugares, os ríos foron a vía fundamental para o transporte de materias primas, da produción agraria e manufactureira, e por suposto, para a transmisión de coñecementos técnicos e información. Son vías fundamentais para a articulación social dos territorios, pero tamén foron unha canle que favoreceu a penetración de invasores ou a transmisión de enfermidades. Por elo, os ríos son presentados habitualmente coma un factor de comunicación imprescindible no desenrolo das sociedades, tanto en sentido lonxitudinal coma transversal. Porén esta condición só é válida para aos cursos fluviais de grandes dimensións e aqueles que presentaban unhas condicións óptimas. Non é este o caso do río Ulla.

O territorio galego está percorrido por numerosos ríos e milleiros de pequenos regatos que conforman unha extensa rede hidrográfica, pero a propia configuración do territorio e as condicións do seu caudal non posibilitan a súa navegación máis alá dos seus estuarios e o espazo de influencia das mareas. Por tanto, en ausencia de pontes numerosas e próximas entre si, a maior parte dos ríos galegos foron un importante obstáculo para as comunicacións entre vilas e cidades, e entre as múltiples comunidades rurais dispersas por todo o territorio; ademais dunha dificultade –cando non un impedimento- para o desenrolo dos intercambios comerciais e para a realización de melloras nas estruturas viarias. Así pois, o obxecto deste artigo é amosar ao Ulla como un condicionante da rede viaria a finais do Antigo Réxime, do estado das infraestruturas que o cruzaban e das súas alternativas.

A rede de comunicacións galega durante o período foi estudada por numerosos autores. Tanto as vías de comunicación co exterior, como as vías interiores foron analizadas dende diversas perspectivas historiográficas, tanto especializadas coma de ámbito local e dende outras disciplinas como a arquitectura. Son tamén imprescindibles as referencias sobre as barcas de pasaxe, obxecto polo momento de moi pouca atención, aínda que realmente valiosa por parte de etnógrafos e historiadores. En termos xerais, a penosa situación das vías de comunicación na Galicia moderna é sobradamente coñecida gracias a esta abundante bibliografía.

É evidente que a rede viaria galega estaba condicionada pola densa rede hidrográfica e a complexa orografía. Os ríos obrigaban a realizar importantes inversións para a construción de pontes ademais das continuas reparacións necesarias. En ausencia de pontes, as rutas máis sinxelas debían modificarse, realizando desvíos que aumentaban considerablemente a duración das viaxes.

O río Ulla erixíase como unha gran barreira de 130 quilómetros que discorria dende a Dorsal galega cara a ría de Arousa, e nas súas ribeiras asentábanse 104 freguesías e coutos que serán obxecto deste estudo. Ao norte localízase a cidade de Santiago, un dos principais mercados da época, e punto de paso imprescindible no camiño transversal norte-sur. O Ulla, como tamén o Tambre ao norte de Santiago, supoñían un importante obstáculo para as comunicacións na media distancia, aquelas que comunicaban unhas cidades con outras, e cos principais portos e localizacións de produción agropecuaria, vitivinícola ou manufactureira. Ao mesmo tempo, o Ulla tamén condicionaba as posibilidades de comunicación entre as comunidades asentadas nas súas ribeiras.

O Ulla e os seus abondosos afluentes foron sorteados mediante pontes, moitas delas construídas en época medieval, ou incluso de orixe romana¹. As pontes máis



Figura 1. Mapa *Gallaecia Regnum* (1611). Na ampliación observamos, de suroeste a nordeste: as pontes de Cesures (P. Sicuras), Ponte Veas (P. Veas), Sarandón (P. Sa-randon), Ponte Ulla (P. da Ulla), e Ponte Ledesma (P. de le Desma). Durante todo o s. XVII inclúense as mesmas pontes sen ter comprobado o seu estado real.

1. As representacións cartográficas de Galicia do século XVII e comezos do XVIII sinalaban sempre as pontes de Cesures-Padrón, Veas, Sarandón, Ulla e Ledesma sobre o Ulla: Mercator, 1611; Ojea, 1635; Cantelli Da Vignola, 1696; Fer, 1708. Nas elaboracións cartográficas de 1773 unicamente se recollían as pontes de Cesures-Padrón, Ponte Veas, Ledesma e a de San Justo: *Mapa Geográfico del Reyno de Galicia*, 1784. Por último, para comprobar a situación dos camiños, pontes e comunicacións será imprescindible recorrer á *Carta Geométrica de Domingo Fontán* elaborada entre 1817 y 1834

significativas foron reformadas ou reconstruídas no período de Felipe II, pero a falta de mantemento foi parello ao mal estado dos camiños (Eiras Roel 2008: 156).

Ante a falta de infraestruturas eficientes optouse por solucións máis rudimentarias: pontes de madeira, pontellas, vaos ou poldras sobre regatos e ríos pouco profundos, e o establecemento de barcas de pasaxe sobre os ríos máis caudalosos (Gallego Domínguez 1992: 156). Debemos engadir tamén as sinxelas pasarelas de madeira, instaladas sobre os cimentos das pontes arruinadas. As solucións para sortear os pequenos cursos de auga foron múltiples. Os camiños rurais estaban repletos destas instalacións, de custos reducidos e facilmente substituíbles, pero tamén moito máis fráxiles, e certamente máis perigosas para os transeúntes. O principal problema para o historiador destas instalacións efémeras é que apenas deixaron rastro documental.

En 1761 un Real Decreto de Carlos III impulsaba a mellora dos camiños, especialmente o que comunicaba a Corte coas cidades da Coruña e Ferrol, e tamén o camiño transversal que discorría entre A Coruña e Tui, pero o trazado destas vías deixaba enormes espazos rurais que só podían comunicarse mediante camiños de ferradura, intransitables para os carros de mercadorías.

Debido ás características do poboamento disperso do rural galego foise conformando unha densa rede de camiños secundarios, en condicións certamente lamentables, pero imprescindibles para conectar pequenos núcleos de poboación. A rede de camiños estaba composta por camiños que ían en tódalas direccións "*entre leiras e valados*" (Barreiro Gil 2001: 65), comunicando unhas poboacións con outras, e permitindo o movemento dos individuos. Estas condicións tamén contribuirían a reforzar tanto o autoconsumo das comunidades, coma o comercio de curto percorrido. Porén, non debemos confundir a calidade das rutas co volume do tráfico das mercadorías, que seguramente foi moito maior do que suxiren as condicións dos camiños (Sobrado Correa 2008: 306).

Neste escenario, as pontes eran imprescindibles para a rede viaria, e en consecuencia para o desenvolvemento das cidades e vilas. As pontes aseguraban tamén un control a diferentes niveis: seguranza, comercio e impostos, pero o custoso da súa construción e a preferencia pola súa disposición nas proximidades das cidades deixaba á meirande parte das poboacións e rutas sen acceso a estas infraestruturas.

A todas estas dificultades había que sumar as barreiras legais, que encarecían os custos do transporte e o comercio, favorecendo a dispersión dos mercados e a intensificación dos intercambios nas distancias curtas. Os impostos de circula-

ción eran o impedimento para o tránsito de persoas e mercadorías. Tratábase de cargas establecidas polos señores xurisdicionais, consideradas “un dereito implícito entre os privilexios de concesión de señoríos dende a Baixa Idade Media” (Gallego Domínguez, 1999: 51), aínda que tamén podían ser establecidos polas autoridades locais. Os ingresos destas cargas deberían dedicarse –por norma- á construción, reparación e conservación das pontes e dos camiños, aínda que para o seu financiamento tamén se recorreu a doazóns ou á execución de partillas entre veciños e localidades afectadas coa autorización da Real Audiencia. Porén estas obrigas adoitaban ser incumpridas por parte dos titulares destes dereitos, e os ingresos pasaban directamente ás súas arcas privadas. Foron numerosas as denuncias sobre cobros excesivos ou por falta dun mínimo mantemento desexable, de modo que aínda a finais do XVIII promulgáronse leis para evitar os abusos de cobro e a desatención do mantemento (Sobrado Correa 2008: 317).

En termos xerais non hai un consenso xeneralizado sobre a persistencia de facto destas cargas ou da súa rendibilidade para os señores xurisdicionais. Algúns autores sinalan que estas taxas continuaron condicionando o comercio ata o cambio de Réxime, e debido á súa rendibilidade mantiveron a súa vixencia. Outros sinalan a escasa repercusión destes ingresos e o progresivo abandono do seu cobro debido, precisamente, á súa insuficiente rendibilidade. O problema destas diferentes conclusións pode residir na consideración conxunta dos tipos de cargas, dunha parte os portádegos e da outra as barcaxes. Se ben o seu obxecto -cobro do tránsito de persoas e mercadorías- e a súa finalidade -mantemento e reparación de pontes e camiños- eran os mesmos, en realidade as barcaxes implantáronse como alternativa dos primeiros alí onde as pontes desapareceran, ou sinxelamente onde aínda non se construíran. Segundo os datos recollidos, nas escasas pontes existentes a finais do Antigo Réxime non había cargas de peaxe, agás na ponte de Cesures, aínda que si recolleemos numerosas reclamacións de séculos anteriores solicitando a exención de pago nas mesmas pontes que no século XVIII eran xa de paso libre. Porén, a documentación recollida sobre o espazo deste traballo apenas supón o 10% dos 465 documentos consultados sobre a cuestión en diferentes arquivos . O maior volume de expedientes refírese ás antigas provincias de Mondoñedo, Lugo e Ourense; por tanto resulta evidente que este problema e a súa evolución foi moi desigual ao longo do territorio galego nos séculos modernos².

En moitos dos expedientes de veciños cotexados, o seu principal obxecto era a reclamación de composición de pontes ou, máis estritamente, a súa recomposi-

2. Arquivo do Reino de Galicia, expedientes nas series de veciños, de particulares e de mosteiros e Arquivo da Catedral de Santiago.

ción. O custoso mantemento dos pavimentos e o continuo deterioro que sufrían provocaron que estivesen inutilizables durante longos períodos. As grandes cheas dos ríos eran o principal risco para estas construcións. As noticias destes sucesos indican que foron especialmente graves as enchentes de 1571, de 1709 ou as de 1787, que arrasaron case por completo as pontes do Ulla de forma alterna. O século XVIII parece un momento especialmente ruinoso para estas construcións.

Con todo iso podemos afirmar que confluíron unha serie de factores que provocaron un empeoramento da rede viaria galega dende o século XVII. As ambiciosas reformas viarias levadas a cabo pola administración borbónica entre finais do século XVIII e comezos do XIX foron lentas e, debido ao rápido deterioro, os resultados foron aínda máis serodios. Durante o período 1847-1865 nos camiños galegos había 587 pontes, das cales só un 37% eran de pedra, mentres que un 15% eran estruturas de madeira, amais dun considerable 34% de pontes sen clasificación exacta (García-Fuentes, 1995: 117).

Neste contexto resulta imprescindible coñecer a opinión dos principais ilustrados galegos da época. Os seus escritos sobre a cuestión son de moi diversa natureza, pero en xeral estes eruditos criticaban o mal estado das vías e a súa lectura convértese nunha enumeración de adversidades, pero tamén fixeron profundas críticas ás taxas e aos impostos, así como insistían na necesidade de melloras para articular un auténtico mercado interior.

Máis aló dos camiños, algúns ilustrados galegos tamén abordaron a cuestión da navegabilidade dos ríos, e aínda que as súas propostas parecen inviables, son moi reveladoras do seu ímpeto reformista. Pedro Antonio Sánchez sinalaba en 1787 o desaproveitamento dos ríos como principal "punto negro" para a articulación dun mercado interior en Galicia, chegando a propoñer ao río Miño como gran arteria natural para as comunicacións³. Unha proposta á que tamén se sumou Lucas Labrada, para que a provincia de Ourense puidese saír da "miseria" mediante a exportación dos seus viños (Labrada Romero, 1804: 126). Neste sentido, a proposta máis radical realizouna o aragonés Eugenio Larruga, propoñendo comunicar directamente a cidade de Santiago coa ría de Arousa aproveitando os cursos dos ríos Ulla e Sar, mediante un ambicioso proxecto cun sistemas de esclusas⁴.

"El rio Ulla (...) pasa á un quarto de legua de la Villa de Padrón , por el Puente llamado Cesures, que se halla en el camino de Santiago á

3. *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez*, M. Beiras Torrado (ed. lit.)Vigo, 1973, pp. 253-273.

4. Larruga, E: *Memorias...* Volumen XLII, Memoria CLXXX. Ríos y Pesca..., p. 283:

Pontevedra. Es navegable hasta el Convento de Herbón, un quarto de legua más arriba de Cesures, y pudiera serlo mucho más, si se le hiciesen algunas obras y se destruyesen las pesquerías que le interrumpen. Media legua mas abaxo de Cesures, se le une el rio Sar, que baxa de los contornos de la Ciudad de Santiago, hasta donde pudiera hacerse igualmente navegable, aprovechando sus aguas, y reduciéndolas á un canal, y particularmente desde Padrón, hasta introducirlo en el Ulla, por enfrente de Laíño. Convendría enderezar extremadamente tortuoso, y formarle alguna esclusa ó esclusas, para que en todas mareas pudiese navegarse, y para que las avenidas no causasen los estragos que suele experimentar dicha Villa y sus contornos".

(Larruga: Memoria CLXXX, 283)

Alén destas propostas, atopamos valiosas descrições das infraestruturas da época e, sobre todo, acertadas consideracións sobre as necesidades viarias. Un dos máis lúcidos foi o Padre Sarmiento. O seu texto máis relevante sobre a cuestión data de 1757 e poderíase resumir coa conclusión de que os camiños galegos comunicaban na vez de unir o territorio. Este ensaio é considerado como unha das bases para a redacción do Real Decreto de Carlos II Ido 10 de xuño de 1761 *para hacer caminos rectos y sólidos en España, que faciliten el comercio de unas provincias a otras, dando principio por los de Andalucía, Cataluña, Galicia y Valencia*⁵.

Entre os ilustrados galegos, José Cornide de Saavedra foi a voz máis autorizada nesta materia unha vez nomeado primeiro vogal da Junta Nacional de Caminos creada na Coruña en 1782. Entre os seus escritos atopamos documentos de natureza moi diversa, diarios de viaxe con intencións claramente didácticas, que servirían como traballo de campo para os seus rigorosos informes elaborados para a Junta Nacional. Pero sobre todo son os datos do seu *Informe sobre los caminos de Galicia* de 1786 os que transmiten a necesidade de reformas das principais infraestruturas, ao indicar que "fabricando de nuevo los puentes precisos se necesitan dos millones y doce mil reales sin contar el camino transversal"⁶. Neste informe detallaba que, sobre esa cantidade, deberían destinarse 60.000 reais para Ponte Veá, aínda que non se trataba dunha infraestrutura cualificada coma de urxente necesidade.

5. V.a, Sarmiento, Fray Martín: *De Caminos. Apuntamientos para un discurso sobre la necesidad que hay en España de unos buenos Caminos Reales y de su pública utilidad, y del modo de dirigirlos, demarcarlos, construírlos, comunicarlos, medirlos, adornarlos, abastecerlos y conservarlos*, 1757.

6. Cornide Saavedra: *Informe sobre los caminos de Galicia 1785-1786*. ARG, Cornide, Leg. 216 A, núm. 13.

As pontes sobre o Ulla

Segundo os datos que nos aporta o Catastro do Marqués de la Ensenada, en 1753 so serían utilizables dúas pontes sobre o río Ulla: a de Cesures sobre a vía que comunicaba Santiago con Pontevedra, e a de Ponte Ledesma, que aseguraba o paso terrestre no seu tramo central. As violentas enchentes do Ulla, a desidia das autoridades e a rendibilidade do sistema alternativo de barcaxes, unidas aos problemas de financiamento, provocaron que numerosas pontes permanecesen inutilizables durante longos períodos. Contodo, amosaremos a relación das pontes construídas sobre o Ulla, seguindo unha disposición de oeste a leste, dende a desembocadura cara o seu nacemento.

No tramo final do Ulla localízase a ponte de Cesures, infraestrutura impulsada polo arcebispo Xelmírez na Idade Media para reforzar o enclave de Cesures como principal porto da Santiago e dotalo de comunicacións marítimas. Esta ponte reforzou a súa importancia coas melloras do camiño transversal de Santiago a Pontevedra. Trátase da única infraestrutura deste espazo fluvial no que se pagaba o dereito de portaxe, pero só para o tráfico comercial, quedando exento o tránsito de persoas:

"...esta villa disfruta y cobra el derecho de pontazgo que se deduce a quatro maravedíes por cada caballería, un real por cada carro cargado de géneros, por cada carro de leña quatro mrs, por cada carnero o cerdo otros quatro mrs, a excepción de los días de domingo que son ferias francas..."⁷.

O tránsito por esta ponte era imprescindible para o tráfico entre Santiago e Pontevedra, pero tamén era fundamental para acceder á vila de Padrón dende o sur, sobre todo para aqueles que asistían ás súas feiras semanais. Todo elo configuraría o desenvolvemento urbano e mercantil da vila como principal núcleo da súa contorna.

O intenso tráfico desta ponte non se reflicte cuantitativamente na documentación localizada. En 1577 recollíase o contrato co prestixioso fontaneiro asturiano Pedro de la Bárcena de "hacer una fuente al pie del puente de la villa de Padrón", para proporcionar servizo e asistencia aos transeúntes, arrieiros e comerciantes, cun importe de obra taxado en 150 ducados⁸. Sobre asuntos fiscais e financia-

7. Archivo General de Simancas (AGS), Dirección General de Rentas, *Catastro de Ensenada, Respuestas Generales*, Libro 252/660 (de aquí en diante a referencia abreviada será AGS, DGR, CE, RG...).

8. Arquivo da Catedral de Santiago (ACS), Protocolos, 70, fols. 416r-417v.

mento, a finais do século XVII rexistrouse a petición dos veciños de San Tomé de Vilarromariz para "no contribuír a la composición del Puente del Padrón". Máis habituais foron as peticións para solicitar exencións ao portádego, como a dos veciños de San Miguel de Valga, ou a presentada polos de Santa Comba de Louro xunto cos de Padrón na segunda metade do XVI. Tamén a finais do XVIII hai constancia das reclamacións do mosteiro de San Martiño Pinario para non pagar portaxe en Cesures⁹.

En canto ás principais descrições do século XIX, Miñano cualificaba esta ponte como "magnífica", e Madoz sinalaba que a ponte era "bastante regular", mentres que sobre a contorna indicaba que o Camiño Real que ía cara Santiago, coma o resto dos camiños "están mal cuidados", ao igual que "los puentecillos que se encuentran con frecuencia"¹⁰.

A seguinte ponte río arriba era a de Ponte Vea, tamén coñecida coma *Ponte Real* ou *Ponte da Burga* -polas instalacións termais-, que comunicaba as freguesías de Couso e Reis. Posiblemente era de orixe medieval e foi destruída pola devastadora chea de 1571, para ser reconstruída no século XVIII baixo a dirección do arquitecto Miguel Ferro Caaveiro, quizais tralas propostas do informe de Cornide, e posteriormente derruído durante a guerra contra os franceses a comezos do XIX (Reimóndez Portela, 2009: 199).

A continuación localizábanse os restos das pontes de Ponte Sarandón e Ponte Ulla, dúas das máis simbólicas da época, posto que eran a principal vía de comunicación da cidade de Santiago coas comarcas ourensás, e paso obrigado da produción vitícola destas zonas cara o norte. Ambas pontes foron destruídas polas enchentes de 1571. Dende entón o tránsito de persoas debeu organizarse mediante un sistema de barcas, mentres que os arrieiros víronse na obriga de desviarse cara Ponte Ledesma ou Pontevea. descoñecemos a data exacta da reparación destas pontes, pero temos constancia de que antes do 1708 estaban novamente en uso, posto que nesa data unha nova inundación levounas por diante (Neira Pereira, 2014: 14). Esta vía era esencial para o abastecemento de Santiago, e foi entón cando o cabido compostelán iniciou as xestións para a súa reconstrución. A Coroa autorizou as obras en 1737, e os seus custos deberíanse partillar entre as vilas e veciños de "veinte leguas en contorno", ademais dos ingresos obtidos polas barcaxes.

9. Arquivo do Reino de Galicia (ARG), *Real Audiencia*, 148.350/76, 1682; 18.661/1, 1561; 1.186/12, 1571; e 267/52, 1778.

10. Miñano, 1827: VII, 269-270; Madoz, 1859: XII, 509-510.

Debido aos longos períodos de ruína da ponte de Sarandón a documentación sobre ela é escasa. Sabemos que no século XVI aínda se pagaba ao seu paso: en 1579 o mosteiro de San Martiño Pinario reclamaba o pago da renda da ponte de Sarandón aos arrendatarios Mateo Pérez de Quintana e Sancho López. As seguintes noticias datan de comezos do XVII, referidas ás obras de reconstrución. En 1606 rexistrouse un poder entre diversos comerciantes composteláns para adiantar unha fianza como depositarios das obras da ponte. Os seguintes documentos teñen como protagonista ao mestre das obras de reparación, Benito González de Araújo, que en 1608 asinaba un poder na cidade de Santiago para executar o cobro das cantidades estipuladas para a reparación, e ao ano seguinte asinaba un novo contrato para "acabar dos paredones manguardias y otras cosas relativas al mismo puente" que aínda estaba sen rematar¹¹.



Figura 2. O alcalde e varios concellais visitan as obras de Sarandón, 1926

En canto á de Ponte Ulla, ou simplemente ponte do Ulla, localizamos so dous documentos. O primeiro data de 1576, relativo ás débedas no arrendamento do servizo da ponte, que o prior de Sar reclamaba, nesta ocasión aos fiadores do arrendatario. O segundo é de 1713, polo que os veciños de Santa Cruz de Ribadulla reclamaron ante a Real Audiencia, para urxir ao Cabido de Santiago e ao

11. ARG, *Real Audiencia*, 1.370/35, 1579; ACS, *Protocolos*, 132, fol. 433r-433v, 1606; 135, fol. 545r-545v, 1608; 139, fols. 209r-210r, 1609.

monarca a perentoria reconstrución da ponte como se lles prometera tralo derrubamento de 1708¹².



Figura 3. Panorámica recente do río Ulla ao seu paso entre Ponte Ulla (Vedra) e Arnois (A Estrada). A imaxe amosa o fundamental desta localización para as comunicacións de Santiago de Compostela co sur e o interior. Na esquina inferior dereita, case en penumbra, a vella ponte reconstruída en 1835. Nun segundo plano o Viaducto do Ulla, ou ponte de San Xoán da Cova, do tren de alta velocidade construído no 2008. Ao fondo o vello viaducto do ferrocarril, a ponte Gundián, de 1958.

A ruína destas dúas pontes supoñía un importante revés para as comunicacións e o abastecemento da cidade de Santiago. A o longo do século XVIII iniciáronse diferentes xestións para a súa reconstrución, tras outra tentativa fracasada en 1773, ata que en 1787 unha nova enchente levou por diante gran parte dos restos que aínda quedaban en pé. Porén a eficacia e a rendibilidade do sistema de barcaxes establecido polo cabido compostelán minimizou a urxencia destas xestións. O *Diccionario* de Sebastián Miñano redactouse durante o período de reconstrución de Ponte Ulla, sinalando a presenza das barcas, e urxindo o remate das obras:

“...a orilla del río de su nombre, sobre el cual hay dos barcas capaces de conducir en cada una de ellas 40 personas. (...) Puente de Ulla, es llamado así por el hermoso puente comenzado y aumentado aunque no concluido, por el ayuntamiento de Santiago (...); pero se extraña que no se proceda prontamente a su conclusión anunciada repetidamente tres años ha, para lo que, según se dice, hay arbitrios señalados más que suficientes, y el que es de absoluta necesidad por su localidad en la carretera tan concurrida de tránsito de Orense a aquella ciudad. Se espera que tan ilustre corporación, dando de mano a otras empresas

12. ARG, *Real Audiencia*, 24.838/56, 1576; AHUS, *Protocolos Notariales*, 2.965/19, 1713.

de menos urgencia, concluya esta de tan imperiosa necesidad" (Miñano, 1828: Tomo VII, 157-158).

As obras de Ponte Ulla remataron en 1835, tratándose en realidade dunha nova ponte a pouca distancia da anterior. A de Sarandón tivo que agardar ata o século XX, iniciándose as obras en 1926 para inaugurarse en 1930, data ata a que se mantivo o sistema de barcaxes (Barreiro Molano, 2009: 195).

Cos avatares das pontes de Ulla e Sarandón, a ponte de Ledesma, máis coñecida coma *Ponteledesma*, converteuse na principal alternativa deste tramo. Comunicaba as freguesías de San Salvador de Ledesma e Santiago de Gres, no traxecto máis oriental da ruta entre Ourense e Santiago. Esta ponte resultou fundamental nesta época, porén nas Respostas do Catastro so se sinala que "no se paga nada, no produce utilidad alguna"¹³. A través dos fondos da Catedral compostelá podemos obter información moito máis interesante, aínda que se remontan ao século XVI. Refírense á adxudicación e financiamento de obras de reparación, tralos danos sufridos pola mesma riada de 1571 que se tería levado por diante tamén as ponte de Ponte Veá, Ulla e Sarandón. Estas obras contaron coa dirección de Juan de Herrera, mestre de obras da catedral de Santiago, que en 1572 establecía as condicións da poxa "para el remate de las mil varas de piedra necesarias para la obra del puente de Ledesma", adxudicadas aos canteiros Juan de Gante e Alonso Franco "a razón de 38 maravedís la vara". Só uns días despois, o 12 de setembro, os mesmos canteiros depositaron a fianza¹⁴ "nombrando como sus fiadores a Francisco González y a Pedro Fernández", tamén canteiros. As seguintes noticias datan da mesma década de 1570, xa sobre os repartimentos e cobros necesarios para o financiamento das obras, dende diferentes lugares da xeografía galega, tan distantes como as vilas de Noia ou Vigo¹⁵.

Para localizar as pontes do tramo máis oriental do Ulla debemos recorrer a expedientes e protocolos recollidos tanto na Real Audiencia, coma nos fondos da catedral compostelá. Aínda que como veremos, tratábase de infraestruturas de menor entidade que deberon estar dispoñibles de modo intermitente.

Continuando río arriba, moi próxima a Ponte Ledesma, localizábase a ponte de Remesquide que cruzaba o río Ulla comunicando as freguesías de San Pedro de Ribeira e San Tomé de Obra. A finais do século XVI os veciños de Piloño reclamaban a recomposición da ponte, seguramente afectada pola mesma chea de

13. AGS, DGR, CE, RG, Libro 253/728.

14. *Protocolos*, 056, fols. 262r-265v, e fols. 300r-301r.

15. ARG, *Real Audiencia*, 1.188/1, 1572; 23.717/35, 1574; ACS, *Protocolos*, 70, fol.379, 1577.

1571 que os anteriores. Será no XVIII cando se produzan novas reclamacións do mesmo tipo. En 1741 os veciños de Ribeira, Foxás, Loxo e Obra reclamaban a reedificación da ponte, que volvería solicitarse en 1788, nesa ocasión agrupando aos veciños de Obra, Piloño e Ribeira¹⁶. Continuando as pescudas sobre esta infraestrutura no século XIX, podemos confirmar que tales obras foron realizadas, pero para compoñer unha ponte de madeira, tal e como se recolle no *Diccionario de Madoz*.

Poucos quilómetros cara o leste, situábase a ponte de Basebe, que tamén cruzaba o río Ulla comunicando as freguesías de San Pedro de Salgueiros e Santiago de Novefontes. No Catastro non se recolleron mencións a esta ponte, que debeu permanecer arruinada e reconstruírse con posterioridade, xa que a finais do século XVIII os veciños de Piloño solicitaban á administradora da familia Porras o reembolso dos "gastos ocasionados en la reedificación del Puente Baseve"¹⁷. Finalmente as obras leváronse a cabo pero dun modo moi rudimentario, manténdose operativo no século XIX, pero como Miñano indicaba "está construído de tablas sobre vigas, y así no pasan carros por el puente ni por el río", mentres que con posterioridade, no *Diccionario de Madoz* sinalábase unicamente que se trataba dunha ponte de madeira¹⁸.




Figura 4: Localización das pontes sobre o río Ulla. A cartografía reflicte a división parroquial, en resalte as freguesías das ribeiras do Ulla. Elaboración propia.

16. ARG, *Real Audiencia*, 8.318/91, 1577; 15105/7, 1741; e 14.885/19, 1788.

17. ARG, *Real Audiencia*, 16.190/20, 1791.

18. MIÑANO: *Diccionario*, Tomo VI, p.275; MADDOZ: *Diccionario*, Tomo IX, p.696.

A comezos do século XVIII, os veciños de San Tomé de Insua xunto cos do couto de Caxide, reclamaban a composición da ponte de San Xusto¹⁹, unha infraestrutura que tampouco se recolleu no Catastro. Ao longo do século XIX debeu sufrir a mesma sorte que as anteriores, xa que aparece rexistrada no *Diccionario* de Miñano pero xa non no posterior de Madoz.

En definitiva o territorio do río Ulla era unha intensa zona de tránsito, atravesado polo camiño transversal norte-sur, e fundamental para a comunicación da cidade de Santiago cara o sur e leste. No mapa podemos comprobar as zonas de tráfico máis intenso. É coñecido o tráfico ininterrompido sobre a ponte de Cesures, pero sobre todo destaca o seu tramo central -entre Ponte Veá e Ponte Ledesma- que comunicaba a cidade de Santiago con Ourense e as comarcas produtoras de viño. Os camiños tradicionais desta ruta foron mudando co tempo, ben polas pontes dispoñibles en cada momento ou mediante barcas. O camiño carreteiro que comunicaba Santiago con Ourense veuse interrompido coa destrución das pontes de Ulla e Sarandón, obrigando a bifurcar o percorrido cara Ponte Veá e Ponte Ledesma²⁰. Segundo o informe de Cornide estas pontes non estarían nas mellores condicións para dar servizo a un tráfico intenso de carros, de aí o éxito -como veremos- das barcaxes de Ulla e Sarandón como principais alternativas para evitar maiores rodeos.

En canto aos dereitos de paso, vimos como a mediados do século XVIII terían desaparecido das pontes aínda en pé, agás na ponte de Cesures²¹. Nestas circunstancias semella evidente que a práctica das portaxes teríase abandonado por parte dos señores xurisdicionais, probablemente como algúns autores sinalan debido á súa escasa rendibilidade. Outra motivación debemos atopala nos propios dominios xurisdicionais que comunicaban estas pontes. Alí onde o señorío xurisdiccional era o mesmo, parece diminuír o interese polo cobro, igual que aumentaba a desidia polo mantemento das infraestruturas. Habitualmente arrendábanse servizos de barcaxe en lugares próximos, que serían máis eficaces xestionados por barqueiros locais mentres que as pontes permaneceron abandonadas á súa sorte. Quizais estas prácticas, e a continuidade xurisdiccional do territorio, poderían ser tamén o motivo dunha menor conflictividade xerada en torno ás pontes do Ulla con respecto aos procedementos iniciados noutras zonas de Galicia.

A ponte de Cesures conectaba dominios do arcebispo de Santiago -aínda que neste caso si se mantiñan as taxas de paso-, ao igual que as pontes de Veá e Base-

19. ARG, *Real Audiencia*, 16.281/22, 1707.

20. Rey Castelao, Ofelia: *Aproximación a la historia rural...*, p.130.

21. ARG, *Real Audiencia*, 24.838/56, 1576.

be que comunicaban freguesías adscritas ao mesmo dominio do prelado, e Ponte Ledesma comunicaba termos do conde de Altamira.

Neste aspecto resultan máis representativas as pontes que unían xurisdicións de diferente titularidade. Nestes casos, as pontes de paso libre convivían con barcas de pasaxe a pouca distancia ou como alternativa, e que reportaban uns ingresos máis cuantiosos para os señores, ou cando menos, aseguraban o cobro de forma máis eficaz. O caso máis significativo foi o da Ponte Ulla, que comunicaba a freguesía de Arnois -Couto da Veiga, adscrita ao señorío do cabido compostelán-coa de Santa María Madanela de a Ponte Ulla, de xurisdición reguenga. A instalación da barcaxe trala destrución da ponte converteuse nun lucrativo negocio, chegando ata ben entrado o século XIX.

Descoñecemos o ritmo co que as portaxes foron abandonadas en cada caso, pero parece probado que, agás en Cesures, a mediados dos XVIII foron substituídas polas taxas de barcaxe. Porén estas taxas non deben entenderse exclusivamente coma un imposto neto, xa que comportaba un traballo diario de un ou varios barqueiros e a prestación dun servizo. Os ingresos destas barcaxes para os señoríos obtíñanse mediante o arrendo dos dereitos de explotación, de xeito que eran os barqueiros os que cobraban directamente polos traslados.


As barcaxes

A instalación de servizos de barcaxe era un privilexio inherente aos dereitos xurisdicionais. A súa explotación era indirecta, arrendando o servizo a barqueiros. Habitualmente outorgábanse mediante poxa pública, por períodos de varios anos, polo que resultaba un mecanismo de cesión e explotación moito máis dinámico fronte ao sistema de foros, de duración incerta e sempre máis prolongada.

As barcaxes instalábanse nos tramos fluviais distantes das pontes dispoñibles, pero tamén eran a alternativa máis eficaz cando unha ponte quedaba inutilizada. A ausencia de pontes no Ulla favoreceu a proliferación das barcas, converténdose nunha importante fonte de ingresos para os señoríos. Estableceuse unha distancia mínima dunha legua entre dous portos, e aí onde as pontes foran destruídas, a lei ordenaba que parte dos ingresos das barcaxes foran destinadas á súa reconstrución, pero esta finalidade sempre contou coa oposición dos barqueiros "que verían así desaparecer unha considerable fonte de ingresos", da que tamén se beneficiaban os señores (Gelabert González, 1972: 290). Porén vimos como a miúdo convivían os servizos de barcaxe con pontes próximas, aínda transitables pero deterioradas. En consecuencia, diversos intereses eco-

nómicos e o desinterese das autoridades, fixeron imposible a reconstrución de moitas pontes.

Segundo os etnógrafos, existían diversas modalidades de barcas. Dunha parte as *barcas de pasaxe*, capaces de transportar cabalerías, gando e carros, e outras de menor tamaño, para o traslado de persoas. Estas barcas eran rectangulares, co piso plano e a proa e a popa inclinadas cara afora para facilitar a entrada e saída dos carros. O seu tamaño variaba segundo o tránsito do lugar e o tipo de tráfico que transportaba. As que operaban en lugares de tráfico máis intenso terían maiores dimensións. Sebastián Miñano sinalaba na década de 1820 que na Ponte Ulla existían "dos barcas capaces de conducir en cada una de ellas 40 personas" (Miñano, 1827: VII, 157).



Figuras 5 e 6. Reconstrución das barcas pequenas en Agronovo, Santa Cruz de Ribadulla, fotografía de Henrique Neira.

Á esquerda, representación de barca de pasaxe empregada no río Tambre, (Berreo - Sigüeiro). Dimensións: 3 m. de eslora, 1,60 m. de manga e 70 cms. de puntal.²²

Pola súa banda, as coñecidas como *barcos de dornas*, eran embarcacións de menor tamaño, "de unha soa peza, escavados en troncos das árbores", para o transporte de persoas (Gallego Domínguez, 1992: 338). Poderían transportar ata catro persoas con vultos pequenos. Pero a variedade debería ser maior en termos xerais, con tamaños intermedios, xa que o sistema de barcaxes de Ulla e Sarandón constaba de tres barcas, "una para carros, outra para mulas, y la tercera para viajeros" (Gelabert, 1972: 291).

22. Alonso Romero (1989): "Las barcas del río Tambre (Galicia): Estudio comparativo con las barcas del Támega y otras embarcaciones fluviales". Jornadas de Estudio de Marco de Canaveses, 1988-1989, Vol.1,65-79, ilustración en páxina 69.

Tomando coma referencia as Respostas do Catastro de Ensenada, ao longo do río Ulla navegaban 18 barcas que operaban dende diferentes lugares. Na mesma desembocadura do Ulla localizamos as barcas da freguesía de Isorna, de marcado carácter litoral pola súa fronte occidental, pero eminentemente fluvial na súa cara leste, enfrontada ás freguesías de Catoira e Louro -Cordeiro-. As dúas barcas do lugar de Quintáns eran de Rafael Carou e Antonio Rial, e a outra dos irmáns Baltasar e Domingo Ibáñez. Ademais había outras dúas barcas no lugar da Vacariza, e ofrecían o servizo de transporte complementario a outra con base en Louro. A pesares do carácter fluvial da súa actividade, os declarantes indican que “el título que tienen para ello es solo por ser marineros y estar matriculados sin que sepan tengan otro (oficio)”²³. Estas catro embarcacións cobraban por igual: “por cada persona que pasan en ellas levan a dos quartos, por una caballería a ocho quartos, por un par de bueies o bacas real y medio”. Polo tanto, 8 maravedís por persoa e 32 por unha cabalería. Do mesmo xeito, declararon uns rendementos idénticos, de 500 reais anuais cada embarcación.

En Louro -Cordeiro- localizábase outra barca, que prestaba un servizo complementario ás dúas anteriores. No interrogatorio indícase que “hay una barca, en el río Grande (...) corre por cuenta de don Francisco de Vigo”, pero que “tiene su pasaje en el río nombrado de las Bacarizas”, situado na ribeira oposta do río Ulla. A continuación aclaraban que “trae pasaje, le corresponde de cinco días uno, y no mas por aver otras pertenecientes a diversas feligresías”, de xeito que aplica uns portes idénticos aos expresados anteriormente: “por cada persona ocho maravedís, por una cavallería treinta y dos, por un buei o vaca diez y seis”. O propietario tiña contratado un barqueiro da localidade -Manuel de Espinosa- que declaraba por esta dedicación 200 reais anuais, mentres que para o total da barca indicaba un rendimento de 400 reais²⁴. Unha utilidade que, por unha soa xornada semanal semella moi elevada ao comparala coas declaradas polas barcas de Isorna, aínda cando aquelas se alternaban diariamente para dar o servizo, posiblemente dous ou tres semanais cada embarcación.

En San Xulián de Requeixo existían dúas barcas de pasaxe²⁵. A primeira rexistrada como *Lancha de Pasaxe*, era de Ignacio de Otero ao que lle acompañaba o seu fillo Tomás, ámbolos dous mariñeiros. Tamén se recolle a presenza dunha *barca grande*, cunha propiedade repartida por igual entre cinco titulares, tres deles veños da vila e dous máis de Santa Cristina de Campaña²⁶.

23. AGS, DGR, CE, RG, Libro 241/586.

24. AGS, DGR, CE, RG, Libro 242/153-154, e 162.

25. Actual parroquia de Pontecesures. Durante o Antigo Réxime, pertencente á xurisdición de Padrón, no outro lado do río Ulla, mentres que a propia localidade de Cesures, co seu porto, pertencía á freguesía de Iria Flavia.

26. AGS, DGR, CE, RG, Libro 253/20, e 253/25.

Na freguesía de Padrón, pero emprazadas no porto de Cesures, indícase a presenza doutras dúas lanchas de pasaxe, que tamén contaban con cinco propietarios cada unha. Tamén se recollen catro *Barcos Grandes*, aínda que estes dedicaríanse exclusivamente ao transporte marítimo: "*estos no hacen otro viaje mas de la conducion de Sal a los Alfolies, generos y texa a distintas partes de las rías circunvecinas*"²⁷. As utilidades destas barcas son expresadas de modo xenérico, válidas tanto para estas embarcacións como para as anteriores de Requeixo.

Continuando río arriba, localizábanse as barcas de Herbón e Carcacía. En Herbón había dúas, propiedade de don Pedro de Otero e de don Antonio de España. Ámbas dúas eran manexadas por barqueiros, a primeira por Juan Buceta Miguéns e a segunda por Domingo Antonio Chacón. As únicas referencias que localizamos sobre a súa utilidade corresponde aos barqueiros -200 reais para Buceta e 50 para Chacón- e ningunha sobre o rendemento para os propietarios. En San Pedro de Carcacía operaban catro *barquillas*. Dúas de particulares, outra do cura, e outra do Santuario da Nosa Señora da Mercede, no lugar de Bandín. Para todas declaráronse 150 reais de utilidade, engadindo que "*la de dicho cura la trae arrendada Pedro Duro (...) por la tercia parte de la ganancia que regulan en diecisiete reales*"²⁸.

En San Andrés de Trobe operaba unha barca de escasas prestacións. Era de Jacob Barcala, con base no lugar do Pozo, e indican que "*sirve para asistencia de unos molinos y tiene poca utilidad de pasaxe por no estar en Vereda Real, y servir solo para el uso de los comarcanos*" e a pesar dese pouco uso declaraba unha utilidade de 150 reais anuais. Tamén aportan un dato moi interesante que non é habitual no resto de declaracións, como é o arrendamento do lugar de embarque, sinalando que o barqueiro "*paga a Francisco Vázquez (...) seis ferrados de trigo y un par de capones por el directo dominio del sitio en que se asegura la barca*". En canto á freguesía de Santa María de Paradela tamén se rexistrou unha barca, pertencente a Catalina Besteyro, pero nas declaracións indícase que "*no sirve de pasaxe y solo es para diversión*"²⁹.

Por último, as barcas de Sarandón e Ulla, as máis orientais que localizamos, suplían a ausencia das respectivas pontes derruídas. A barca de Sarandón comunicaba as freguesías de Santa Mariña de Ribeira e San Mamede de Ribadulla, aínda que a ponte á que substituíra comunicaba as de Ribeira e San Miguel de Sarandón. Nas Respostas de ambas freguesías recóllese a existencia desta barca, porén a

27. AGS, DGR, CE, RG, Libro 252/699-700; 252/703; 252/703, e 253/28-29.

28. AGS, DGR, CE, RG, Libro 253/30-32 e 244/684.

29. AGS, DGR, CE, RG, Libro 254/78, e 253/493.

única información aportada –en Ribadulla- é que pertencía a don Juan de Abral-des, dono do couto³⁰.

A continuación, a barca mencionada no interrogatorio do Couto da Veiga. Trátase evidentemente da barca de Ponte Ulla que comunicaba as ribeiras do río entre Arnois e A Ponte Ulla, establecida pola Xustiza e Rexemento da cidade de Santiago. No momento da elaboración do Catastro, o arrendamento recaía en Andrés de Souto, veciño de Ribadulla, que pagaba ao cabido compostelán 1.641 reais³¹.

Grazas ás investigacións de Gelabert coñecemos a evolución das condicións económicas das barcas de Sarandón e Ponte Ulla durante gran parte do século XVIII. Foron instaladas a instancias do cabido de Santiago trala enchente que destruíu ámbalas dúas pontes en 1709, e aínda saían a poxa en 1834, antes da conclusión das obras da Ponte Ulla. Unha década antes, Miñano indicaba sobre esta parroquia que "hay dos barcas capaces de conducir en cada una de ellas 40 personas" amais de lamentarse polo retraso nas obras da ponte (Miñano, 1857: VII, 157). Pola súa banda, no *Diccionario de Madoz* da década de 1850 aínda se incluía a mención ás barcas, pero nese momento xa en mans de particulares, e así se mantiveron en funcionamento como servizo aos veciños ata ben entrado o século XX.

Durante o século XVIII estes servizos de pasaxe funcionaban con tres barcas, "una para carros, otra para mulas, y la tercera para viajeros", e resulta moi interesante como ao longo de todo o período analizado por Gelabert -de 1740 a 1787- as tarifas de paso mantivéronse constantes: dous marabedís por persoa, as cabalerías "en baleiro" catro, e seis se ían "cargadas", os carros de bois 16 marabedís en baleiro e o dobre cargados (Gelabert, 1972: 291). De por parte durante o inverno, dende finais de setembro, tódalas taxas se duplicaban, mentres que os veciños das localidades próximas ao río ou con propiedades a un e outro lado estarían exentos.

O Cabido compostelán sacaba o servizo a poxa pública por períodos de catro ou seis anos. No comezo da serie analizada os remates eran semellantes nas dúas barcas, de 1.620 reais durante toda a década de 1740. Dende entón prodúcese un aumento de ambas, pero superior no caso da de Sarandón, que no período 1753-1757 chegou aos 4.620 reais anuais, mentres que a de Ponte Ulla só aumentou ata os 2.641 reais por ano. A seguinte poxa tivo un remate á baixa -3.257 e 1.800 respectivamente-, mentres que para o sexenio de 1764 a 1769 invertéronse, e a barcaxe de Ponte Ulla superaba á de Sarandón -4.385 fronte a 3.750 reais-

30. AGS, DGR, CE, RG, Libro 245/25.

31. AGS, DGR, CE, RG, Libro 254/141-142.

por primeira vez na serie histórica, feito que só se repetiría no último período analizado, 1784-1787. Estes datos serviron a Gelabert para realizar un brevísimos pero brillante análise da conxuntura económica relacionando os arrendamentos das barcas coa evolución dos prezos do gran.

Podemos comprobar como as barcaxes se corresponden aproximadamente coa localización das pontes, aínda que observamos tamén como se produce unha maior intensificación dos servizos de barcas no tramo final do Ulla. Segundo os nosos datos, as únicas infraestruturas viarias sobre o río Ulla a finais do XVIII serían as pontes de Cesures e Ponte Ledesma. Sobre un espazo tan amplo proliferaron as barcas de pasaxe en Herbón, Carcacia, Trobe, Sarandón e Ponte Ulla, coas que suplir a ausencia das pontes devastadas polas cheas.

Sobre todo o espazo de estudo, localizamos un total de 18 barcas, aínda que non todas eran de pasaxe, nin tampouco todas se corresponderían co transporte estritamente fluvial. As barcas de Requeixo, como as de Padrón -con base no porto de Cesures-, ofrecen algunhas dúbidas sobre a súa dedicación exacta. Identifícanse como *Lanchas de Pasaxe*³², que deberíamos entender estritamente como embarcacións auxiliares a barcos de maiores dimensións. No caso das barcas de Isorna, cuxos propietarios tamén se declaraban mariñeiros, queda probado que a travesía das súas barcas era eminentemente fluvial, realizando travesías a través




Figura 7: Localización das barcas sobre o río Ulla. Elaboración propia.

32. AGS, DGR, CE, RG, Libro 252/699, 703 e 704

do Ulla de forma complementaria coas de Louro. Seguramente o carácter costeiro desta parroquia pola súa fachada occidental obrigaba a tódolos navegantes a estar matriculados. Por último, excluiremos tamén a barca "para diversión" que posuía Catalina Besteyro en Paradela³³.

En definitiva, reduciremos a rede de barcas de pasaxe sobre o Ulla a 14. Os titulares rexistrados destas barcas eran habitualmente veciños, barqueiros de profesión, ou ocasionalmente labregos con dedicación parcial, aínda que sempre prestarían o servizo coa autorización dos señores xurisdicionais, que rara vez aparecían na documentación consultada. Os únicos casos son os das autoridades eclesiásticas, coma o cabido catedralicio de Santiago, responsable das barcas da Ponte Ulla e Sarandón. Na freguesía de Carcacia localizábanse outras dúas barcas propiedade do clero. Unha que pertencía ao cura párroco e outra ao Santuario da Nosa Señora da Mercé, que se destinaría tanto para transportar os fieis como para obter algúns ingresos extraordinarios.

Tamén a fidalguía aparece representada neste grupo de titulares. As dúas barcas que operaban dende Herbón eran propiedade de don Antonio de España e don Pedro de Otero. O primeiro con residencia na cidade da Coruña, e o segundo da localidade de "Villa Nueva" -sen máis referencias toponímicas-. Estes fidalgos tamén parecen ser os únicos propietarios foráneos do lugar no que operaban as barcas. Amais do cabido compostelán, e de Francisco de Vigo, veciño de Santa María de Merza, con numerosas propiedades dispersas por varias comarcas de Galicia. Deste modo podemos concluír que os fidalgos titulares destas actividades eran foráneos ás localidades das barcaxes, e terían este servizo como auténticos negocios, por suposto arrendando as barcas, ou empregando barqueiros locais. O resto por tanto serían veciños a título individual ou agrupados.

Os arrendamentos declarados eran moi desiguais, aínda que é certo que descoñecemos os datos de tódolos casos, pero non cabe dúbida que as barcaxes de Ponte Ulla e Sarandón eran moi superiores ao resto, chegando a de Sarandón a arrendarse por 4.620 no período 1753-1757. Mentres que a barca de Carcacia, propiedade do párroco, arrendábase a Pedro Dura, "por la tercia parte de la ganancia, que regulan en diecisiete reales". As diferenzas son máis que notables, froito da enorme diversidade de condicións que xa vimos en cada caso.

Atendendo aos rendementos declarados destas barcas, presentan en conxunto unha media de 250 reais anuais, excluíndo as barcas de Sarandón e Ponte Ulla,

33. AGS, DGR, CE, RG, Libro 253/493.

sinxelamente porque descoñecemos os datos, pero seguramente serían moi superiores vistas as cantidades das poxas. As perspectivas de negocio terían sido extraordinarias, xa que as poxas celebradas en 1753 para o seguinte quinquenio incrementáronse nun 57% e nun 60% respectivamente con respecto ao período anterior. Á marxe destas, as barcas que comunicaban Louro e Isorna eran as que presentaban maiores rendementos, lembremos que funcionaban en días alternos, declarando 500 reais anuais as catro de Isorna, e 400 a de Louro. Neste caso debemos considerar tamén a maior distancia do traxecto, e que non suplía a ningunha ponte, razón pola que as tarifas tamén serían superiores.

En termos xerais, estas taxas de pasaxe estarían reguladas polas autoridades locais, xurisdicionais ou incluso reais de ser o caso, pero os abusos deberon de ser frecuentes á vista das denuncias (Gallego Domínguez, 1992: 340). Sen embargo nas nosas investigacións, entre os 465 expedientes xudiciais consultados sobre pontes e barcas, ningún corresponde a este asunto no curso do Ulla. Debemos lembrar que a través do Catastro so podemos coñecer as tarifas das barcas de Isorna e Louro. Por outra banda sabemos que as tarifas das barcas de Sarandón e Ulla permaneceron inalterables durante case un século, e por parte sinalar tamén que non todas presentan tarifas para os mesmos conceptos.

En calquera caso, parece que os rendementos e as taxas destas barcas non conseguen amosar o rendible destes servizos. Poderíamos intuilo para os casos de Isorna e Louro, e sobre todo para os xa estudados de Ponte Ulla e Sarandón. Estas últimas barcas son o exemplo de como este servizo se tería convertido nun negocio de tal magnitude que un dos seus principais obxectivos deixara de ser unha prioridade. Amais de garantir o tránsito de persoas e mercadorías, os seus ingresos deberían destinarse á reconstrución das pontes ás que eran alternativa, pero esta finalidade contaría coa oposición frontal dos arrendadores das barcaxes e coa compracencia do cabido compostelán.

Ademais de cubrir as carencias dalgúns datos que resultan fundamentais sobre esta actividade, como as tarifas, permisos e rendementos tamén sería moi interesante obter información da súa actividade cotiá, como algunha clase de rexistro sobre tráfico de persoas e das mercadorías que transportaban, pero dificilmente se terían elaborado en orixe. Sen dúbida, teremos que seguir indagando sobre a cuestión.

En definitiva, os datos recollidos sobre pontes e barcaxes, confirman a mala situación das comunicacións durante toda a época moderna, e tamén que as melloras foron moi lentas xa entrado o século XIX. A pesar disto, o establecemento de

barcas foi unha solución moito máis áxil fronte á lentitude na reparación das pontes, por desidia nunhas ocasións ou por incapacidade noutras. A proliferación das barcaxes indica a necesidade de comunicación dos individuos, para desempeñar labores agrícolas e comerciais a un e outro lado dos cursos fluviais, pero tamén para asuntos máis cotiás como establecer relacións persoais.

BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO GIL, Manuel J. (2001) "O Atraso económico e o sistema de transporte terrestre na Galicia do século XIX". *Revista galega de economía*, 1: 63-82.

BARREIRO MOLANO, Olalla (2009) "Proxecto de reforma de dúas pontes sobre o río Ulla: Sarandón e Pontevea". *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, 12: 195-201.

EIRAS ROEL, Antonio. (2008) "El comercio de Galicia y con Galicia en la economía mundial del siglo XVIII. Para un estado de la cuestión". *Obradoiro de Historia Moderna*, 17:155-178.

GARCÍA-FUENTES, Manuel (1995) *La red viaria interior de Galicia en el siglo XIX (1840-1865)*. A Coruña.

- (1999) *Galicia incomunicada por red viaria en el siglo XVIII*. A Coruña.

GALLEGO DOMINGUEZ, Olga (1992) "Barcas y barcajes de los monasterios cistercienses en la provincia de Orense". *Actas, Congreso Internacional sobre San Bernardo e o Cister en Galicia e Portugal (1991, Ourense-Oseira)*: 337-368.

GELABERT GONZÁLEZ, Eloy (1972) "Dos indicadores de la coyuntura económica en la Galicia del siglo XVIII: los barcajes de Ulla y Sarandón, 1740-1787". *Compostellanum*, 1-4: 289-295.

- (1978) "Aspectos del sistema de transporte entre Galicia y Castilla en los siglos XVII y XVIII". *Archivos Leoneses. Revista de estudios y documentación de los Reinos Hispano-Occidentales*, 63: 109-121.

LABRADA ROMERO, Lucas (1804) *Descripción económica del Reyno de Galicia*. Ferrol: Imprenta de don Lorenzo José Riesgo Montero.

LARRUGA, Eugenio (1788) *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España, con inclusión de los reales decretos,*

órdenes, cédulas, aranceles y ordenanzas expedidas para su gobierno y fomento, tres series previstas. Madrid.

MADOZ, Pascual (1846-1850) *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid.

MANSO PORTO, Carmen (2011) "Cartografía Histórica de José Cornide en la Real Academia de la Historia: el Mapa General del Reino de Galicia y los de sus diócesis (1760-1772)". *Abrente*, 42-43: 237-302.

MIÑANO, Sebastián (1826-1828) *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*, 10 tomos. Madrid.

NÁRDIZ ORTIZ, Carlos (1991) "La formación y transformación de la red viaria en Galicia". *Boletín Académico ETSA*, 14: 35-48. A Coruña.

NEIRA PEREIRA, Henrique, NEIRA PEREIRA, Xerardo (2014) *Sarándón: anacos de Historia. Das barcas do río Ulla en 1876 ó dirixible de 1935*. Santiago de Compostela.

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel (1990) *A Estrada Rural*. Pontevedra.

SARMIENTO, Fray Martín, PENSADO TOMÉ, José Luis (ed.lit.) (1975) *Viaje a Galicia de 1745*. Salamanca.

SOBRADO CORREA, Hortensio (2008) "Obstáculos Estructurales al desarrollo de los intercambios comerciales en la Galicia de la Edad Moderna". *Obradoiro de Historia Moderna*, 17: 303-324. Santiago de Compostela.

Fontes cartográficas

Mercator, Gerard: *Gallaecia Regnum*, en *Atlas sive Cosmographicae Mediationes de Fabrica mundi et fabricati figura*, Impr. Jodocus Hondius, Amsterdam, 1611; MPG

Ojea, Fernando: *Gallaecia Regnum (descripta a F. Fer Ojea Ord. Praed. et postmodum multis in locis emendata et aucta)*, en *Novus Atlas*, Impr. Apud Guilj Blaeu, Amsterdam, 1635; MPG

Cantelli Da Vignola, Giacomo: *Regno di Galicia*, en *Mercurio Geográfico*, Domenico de Rossi, Roma, 1696; MPG

Fer, Nicolas de: *Gallaecia Regnum (Mis au jour Par N. de Fer Geographe de sa Majesté Catholique)*, París, 1708; Instituto Geográfico Nacional, Madrid, 2004.
MPG

Mapa Geográfico del Reyno de Galicia, Imprenta Tomás López e Hijos, Madrid, 1784.

FONTÁN, Domingo: *Carta geométrica de Galicia, dividida en sus provincias... levantada y construida en la escala del cienmilesimo*. Paris: Lémercier Bernard et Cie., 1845

(Todas consultadas no Catálogo da Cartoteca do Instituto Geográfico Nacional, Mapas Generales, signaturas: 41-M-15, 41-I-24, 30-G-1 e 41-I-23 respectivamente).

Achegas dos galegos á cartografía de América dos séculos XVIII e XIX

Iván Fernández Pérez

Observatorio Astronómico Ramón María Aller

Universidade de Santiago de Compostela

Código ORCID: 0000-0002-1078-9186

Resumo:

Neste artigo pretendemos lembrar as figuras dos navegantes galegos que, nas misións e expedicións nas que participaron, realizaron descrições e levantaron mapas de distintas zonas de América que contribuíron ao coñecemento e desenvolvemento destes territorios. Prestaremos especial atención aos principais planos e cartas nos que mariños galegos, en maior ou menor medida, participaron nos traballos dos seus levantamentos.

Palabras chave:

Cartografía de América, Mariños galegos, Século XVIII, Século XIX

Abstract:

In this article we want to remember the figures of the galician mariners who, in the missions and expeditions in which they participated, made descriptions and drew maps of different areas of America that contributed to the knowledge and development of these territories. We will pay special attention to the main plans and charts in which galicians mariners, to a greater or lesser extent, participated in the work of their surveys.

Keywords:

America's cartography, Galician mariners, 18th century, 19th century.

Introdución

No século XV e seguintes tivo lugar a denominada era dos descubrimentos. O obxectivo inicial foi o de atopar rotas marítimas para que os navíos dos países atlánticos europeos puideran traer directamente as cobizadas especias de Asia, e así deixar de depender do monopolo que exercían sobre estas mercadorías os comerciantes venecianos e xenoveses. Como froito desta busca, as distintas potencias europeas atoparon territorios descoñecidos.

O reino de Portugal foi pioneiro na busca destas rotas. Entre os principais fitos dos descubrimentos debidas ás expedicións patrocinadas pola coroa lusa está a descuberta da illa de Madeira (1419), das illas Azores (1427), o paso ao océano Índico polo cabo da Boa Esperanza (1487) ou a chegada de Vasco de Gama á India (1498). Posteriormente Xoán de Nóvoa, natural de Maceda, dirixiu a terceira expedición lusa á India na que descubriu a illa de Ascensión (1501) e a de Santa Elena (1502).

O reino de Castela comezou as súas exploracións polo Atlántico máis tarde que o de Portugal, debido aos seus esforzos na denominada reconquista da Península Ibérica tras a invasión árabe. O seu principal fito foi o patrocinio da expedición dirixida por Cristóbal Colón para a busca dunha rota ás indias cara o oeste, e que deu lugar á descuberta para Europa da existencia do continente americano.

A descuberta de América polo reino de Castela e polas principais potencias europeas trouxo como consecuencia que se levase a cabo unha serie de expedicións para coñecer polo miúdo estes territorios, describilos, cartografalos e establecer colonias iniciando un período de expansión política e económica, grazas entre outras cuestións, á explotación dos seus recursos naturais. Foron relativamente frecuentes as leas sobre a posesión de certos lugares entre as potencias colonizadoras e os nativos, ou entre distintos países europeos entre si.

Mariños galegos trasladáronse a distintas zonas do continente americano, especialmente no hemisferio sur, e participaron en diversas misións de exploración.

Os precursores

Nas biografías de Pedro Sarmiento de Gamboa, os irmáns Gonzalo e Bartolomé García de Nodal e de Francisco Seijas y Lobera cítanse, entre outros méritos, que foron cartógrafos salientables, porén, nos seus legados atopamos varios manuscritos e poucos mapas.

O lugar de nacemento de Pedro Sarmiento de Gamboa é incerto (algunhas fontes indican Pontevedra e outras Alcalá de Henares) e tivo lugar arredor de 1532. Era fillo de Bartolomé Sarmiento, pontevedrés, e de María Gamboa, de orixe vasca, e pasou a súa nenez na casa paterna de Pontevedra. Nos anos cincuenta do século XVI atopábase en terras americanas dos actuais Panamá, México e Perú.

Participou na exploración das illas Salomón entre 1567 e 1568 nunha expedición dirixida polo berciano Álvaro de Mendaña. Froito desta misión redactou *Relación de Pedro Sarmiento de Gamboa cuando en 1567 fue por el Mar del Sur con Alvaro de Mendaña*, manuscrito que se conserva no Arquivo Xeral de Indias (en adiante AGI).

En 1569, o vicerrei Francisco de Toledo encomendoulle a Sarmiento escribir sobre a historia do Perú.

Así, na Biblioteca Nacional de España (en adiante BNE) consérvase o manuscrito atribuído a Sarmiento titulado *Dictamen sobre el dominio de los Incas y el de los Reyes de España en los Reinos del Perú, valle de Yucay, 1571 incluído na colección Papeles referentes a Perú en los siglos XVI y XVII*.

Ademais, en 1572 rematou a obra *Historia de los incas*, da que existen edicións en Arxentina e en España.

O seu biógrafo Fraga Vázquez indica que unha incursión do corsario inglés Francis Drake en agosto de 1578 polo estreito de Magallanes, induciu o vicerrei Toledo a encargarlle a Sarmiento o trazado de cartas e o estudo da flora e fauna da zona, coa finalidade de establecer un sistema defensivo no territorio. Esta expedición rematou en 1580 coa chegada de Sarmiento á Península e co informe que lle transmitiu ao rei Filipe II sobre os resultados da misión, que Sarmiento deixou escrito en *Relación y derrotero del viaje y descubrimiento del Estrecho de la Madre de Dios, antes llamado de Magallanes*, manuscrito que se conserva nos fondos da Biblioteca Real. Outra copia manuscrita consérvase na BNE dentro da colección *Papeles referentes al Estrecho de Magallanes*.

Tras ser informado, o rei acordou establecer un forte na zona para o que se organizou unha nova expedición e nomeou a Sarmiento gobernador e capitán xeral do estreito. A expedición saíu en setembro de 1581 e tras varias penalidades, con Sarmiento ao mando de cinco barcos, chegaron ao estreito de Magallanes en febreiro de 1584, fundando varias cidades na zona. Tentou regresar á Península en 1586 pero foi apresado por ingleses e franceses. Finalmente,

en setembro de 1590, puido chegar ao Escorial e redactar como froito desta misión *Sumaria relación de Pedro Sarmiento de Gamboa, gobernador y capitán general del Estrecho de la Madre de Dios, antes nombrado de Magallanes, y de las poblaciones en él hechas y que se han de hacer por Vuestra Majestad*, manuscrito que se conserva no AGI.

Ao ano seguinte foi nomeado almirante dunha das armadas que protexían as naves que ían a América, cometido no que estaba Sarmiento cando morreu fronte ás costas de Lisboa en 1592.

Os seus manuscritos sobre as expedicións ao estreito de Magallanes foron editados nas publicacións *Viage al Estrecho de Magallanes por el Capitan Pedro Sarmiento de Gamboa en los años de 1579 y 1580 y noticia de la expedición que después hizo para poblarle* (Madrid, 1768) e *Los viajes al estrecho de Magallanes* (Madrid, 1988) con notas de María Justina Sarabia Viejo.

No AGI consérvanse varias misivas e informes de Sarmiento.

Os irmáns Gonzalo e Bartolomé García de Nodal eran naturais de Pontevedra, Gonzalo naceu en 1569 e Bartolomé en 1574. Ambos os dous mariños sentíronse motivados para explorar o cono sur de América tras publicar Willem Schouten en Ámsterdam no ano 1618 a experiencia da viaxe realizada a Terra do Fogo e realizaron importantes descubertas.

Filipe III enviounos a comandar esa viaxe, que comezaron en setembro de 1618, nas carabelas *Nuestra Señora de Atocha* e *Nuestra Señora del Buen Suceso*. Realizaron estudos hidrográficos e cartográficos moi precisos sobre todo na zona do estreito de Le Maire que renomearon como de San Vicente, e calcularon a posición do cabo de Fornos con máis exactitude que Schouten. No ano 1619 avistaron as pequenas illas de Diego Ramírez, bautizadas así en honra do piloto da expedición.

Froito desta misión redactaron *Relación del viage, que por orden de su Magestad, y acuerdo de el Real Consejo de Indias, hicieron los capitanes Bartholome Garcia de Nodal, y Gonzalo de Nodal, hermanos, naturales de Pontevedra al descubrimiento del Estrecho nuevo de San Vicente, que hoy es nombrado de Maire, y Reconocimiento del de Magallanes*, manuscrito que se conserva na BNE.

Neste traballo inclúese o mapa denominado *Reconocimiento de los estrechos de Magallanes y S. Vicente*, que se conserva na BNE e cuxa autoría se atribúe ao

cosmógrafo Pedro Teixeira e a Manuel de Rueda. Outro exemplar custódíase na Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos.

Na BNE consérvase tamén o manuscrito *Memorial hecho por el capitán Gonzalo García de Nodal para dar a Su Magestad, en nombre de todas las Rías de Galicia, con muchos papeles importantes para el gobierno de esquadras y armadas...*

Segundo Sixirei Paredes, Bartolomé finou no ano 1622 por mor dun naufraxio nas Baamas e descoñécese o lugar e data do falecemento de Gonzalo, aínda que se cre que puido acontecer sobre 1632. No AGI consérvanse algúns manuscritos dos irmáns Nodal.

O mariño Francisco de Seijas y Lobera (tamén citado como Seixas y Lobera) naceu en Mondoñedo en 1650. Estudou artes liberais en Salamanca e pouco despois foi vivir cuns parentes a Sanlúcar de Barrameda, onde se espertou a súa afección ao mar. Participou en diversas expedicións en barcos de distintas nacionalidades.

En 1685, a instancias do Consello de Indias é chamado a Madrid coa misión de escribir varios libros coa finalidade de recoller as súas experiencias e saberes náuticos. Desta época resultarían o *Theatro Naval hidrográfico* (1688) e a *Descripción geográfica y derrotero de la región Austral-Magallánica* (1690), dos que existen exemplares na BNE. O seu biógrafo Francisco Díaz-Fierros indica que son os seus únicos libros impresos coñecidos, aínda que é posible que escribise algún máis.

Posteriormente pasou a terras americanas, aos actuais México (en 1696 atopá-molo como alcalde maior de Tacuba) e Perú, pero tivo conflitos cos vicerreis que lle causaron distintos problemas. A última etapa da súa vida pasouna en Versalles, traballando para o rei Luís XIV. En Francia redactou a obra de 14 volumes titulada *Memoria sobre el gobierno de las Indias españolas, realizada por don Francisco de Seijas y Lobera para servir a la verdadera unión de las dos coronas de España y Francia* que se conserva no Ministerio de Asuntos Exteriores francés. Un destes volumes titulado *Gobierno militar y político del Reino imperial de la Nueva España* viu a luz en México en 1986.

Finou arredor de 1705 en Versalles.

José Quiroga Méndez

A biografía deste persoeiro preparada por Sabina de la Cruz García trata os diferentes datos publicados sobre as orixes de José Quiroga Méndez (ou Joseph

Quiroga Méndez). De la Cruz indica que naceu no lugar de Fabás ou Fabal entre 1706 e 1708. Respecto a outros autores cita ao biógrafo Alberto Vilanova, que a partir dun documento que atopou no Arquivo Xeral da Nación de Bos Aires, afirmou que naceu en 1708 nunha aldea do bispado de Lugo chamada Fabal, pertencente á parroquia de Vilasante, concello de Cervantes. Tamén cita ao historiador arxentino P. Guillermo Furlong que sitúa o seu lugar de nacemento no ano 1707 na aldea de Fabal da parroquia de Adina, concello de O Grove (Pontevedra), así como a Martínez Teijeiro quen asegura que Quiroga naceu no ano 1706 no lugar de Fabás, parroquia de Pravio e concello de Cambre (A Coruña).

Segundo indica Dosil Mancilla, outro dos seus biógrafos, Quiroga formouse como garda mariña e, nunha das prácticas de navegación nas que participou, coñeceu a un xesuíta que lle transmitiu a súa vocación misioneira. Así, en 1736 ingresou na Compañía de Xesús e seguiu a súa formación no colexio dos xesuítas en Santiago de Compostela e no colexio de San Ambrosio en Valladolid. Foi ordenado sacerdote en 1741 pero o seu propósito era partir cara América do Sur para desenvolver alí a súa vocación. Así, en 1745 saíu dende O Porto de Santa María cara as costas do Río da Prata. Establecido en Bos Aires, a súa primeira misión foi unha comisión para establecer os límites das propiedades territoriais. Como resultado desta, Quiroga levantou o plano de Bos Aires coñecido como *Plano de Charlevoix*, por ser este xesuíta francés quen o incluíu na súa *Histoire du Paraguay*.

Entre 1745 e 1746 participou nunha expedición ao longo da costa meridional, dende o Río da Prata ata o estreito de Magallanes. Segundo Dosil Mancilla, non se conseguiu o obxectivo de establecer misións, posto que atoparon poucos indíxenas, pero si se determinaron latitudes e levantaron mapas, entre eles este, conservado na BNE: *Mapa de la Costa de los Patagones conforme al Descubrimiento hecho de orden de S.M.C. el año de 1745 por el P. Joseph Quiroga*. No rexistro da copia dixital desta obra que se pode ver na Biblioteca Dixital Hispánica indícase que segundo Julio Guillén Tato o mapa non sería obra de Quiroga.

No Arquivo Cartográfico de Estudos Xeográficos do Centro Xeográfico do Exército consérvanse tres mapas levantados por Quiroga durante esta misión dos que por razóns prácticas acortaremos os títulos:

- *Descripción de el Puerto de San Julian: situado en 49 grados y 12 minutos de latitud Austral, y en 311 grados y 40 minutos de longitud de Tenerife.*

- *Descripción de el Puerto Deseado: situado en 47 grados y 44 minutos de Latitud Austral, y en 313 grados y 16 minutos de Longitud de Tenerife.*

- *Descripción de la entrada de el puerto de Santa Cruz, y de Río Gallegos.*

Respecto a esta misión na costa da Patagonia, Pedro de Angelis publicou en 1836, dentro da súa obra *Colección de obras y documentos relativos a la historia antigua y moderna de las Provincias del Río de la Plata* o diario de Quiroga sobre esta expedición:

- *Relación diaria que hace al rey nuestro señor, que Dios guarde, el P. Joseph Quiroga de la Compañía de Jesús, de el viage, que hizo de orden de su Magestad a la costa de los patagones, en el navío S. Antonio, mandado por D. Joaquín de Olivares, que salió del Río de la Plata, siendo Gobernador y Capitán General de esta Provincia D. Joseph de Andonaegui. Año 1745.* O manuscrito con esta relación consérvase no AGI e inclúe unha serie de bosquexos de diversos sectores da costa da Patagonia.

A citada relación publicouse posteriormente en Madrid no Anuario da Dirección de Hidrografía dependente do Depósito Hidrográfico en 1867 (reeditado en 1880 polo mesmo organismo) e tamén en Bos Aires nos Anais Hidrográficos publicados polo Ministerio de Mariña a través do Servizo Hidrográfico en 1926.

Aínda que non foi redactado por Quiroga é de salientar a publicación por De Angelis do *Diario de un viaje a la costa de la mar magallánica en 1745, desde Buenos Aires hasta el Estrecho de Magallanes. Formado sobre las observaciones de los PP. Cardiel y Quiroga.* Este traballo foi escrito polo P. Pedro Lozano a partir dunha reimpresión dun fragmento da *Histoire du Paraguay* de Pierre François Xavier Charlevoix.

En 1749, Quiroga rematou un plano das misións da Compañía de Xesús entre os ríos Uruguai e Paraná que se gravou e imprimiu en Roma en 1753. O mapa consérvase nos Estados Unidos na Biblioteca John Carter da Brown University.

En 1752 incorporouse á expedición cartográfica dos territorios das antigas misións xesuíticas establecidas como consecuencia do Tratado de Madrid de 1750, no que se procuraba unha liña divisoria entre os dominios portugueses e españois, coa finalidade de solucionar as continuas leas pola posesión da colonia do Sacramento. Quiroga, que era contrario ao Tratado, foi enviado á terceira partida de demarcación como capelán, pero amais desta labor colaborou na realización de traballos cartográficos. Concretamente, Quiroga levantou este mapa conservado na Real Academia de Historia:

- *Mapa de la expedición al río Paraguay para la demarcación de límites entre España y Portugal / por el P. Josef Quiroga, capellán de la expedición que se empezó a 24 de mayo de 1753.*

Na obra de De Angelis antes indicada aparece a transcripción de dous traballos de Quiroga sobre a comisión:

- *Descripción del río Paraguay desde la boca del Xauru hasta la confluencia del Paraná.*

- *Breve noticia del viaje que hizo el Padre José Quiroga por el río Paraguay con la partida que fue a poner el marco en la boca del Jaurú (1753-1754).*

Do primeiro poden consultarse copias dixitais na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes ou na Biblioteca Nacional do Brasil (en adiante BNB). O segundo aparece na obra *Colección de Documentos inéditos para la Historia de España por el Marqués de la Fuensanta del Valle*, publicada en Madrid en 1892.

Sobre a comisión de límites tamén se conserva no Museo Naval de Madrid (en adiante MNM) a seguinte documentación na que participou Quiroga dentro da colección *Comisiones de límites. Año 1754-1760. Tercera partida del sur de Brasil*:

- *Diario de demarcación de la tercera partida, la cual empezó el día 11 de noviembre de 1753. (Manuel Antonio de Florez, C. de F. Atanasio Varanda, T de. F. Alonso Pacheco, A. de N. Manuel de la Quintana, T. de Infantería, Jose Quiroga, jesuita) Diario de las observaciones astronómicas de la tercera partida. Borradores y varios papeles sueltos de las tres partidas.*

Non atopamos moitos datos das súas ocupacións con posterioridade a esta expedición ata 1763, ano na que se creou na universidade de Córdoba unha cátedra de matemáticas superiores que Quiroga rexentou ata 1766.

En 1767 produciuse a expulsión dos xesuítas. Quiroga, que se atopaba naquel momento en Bos Aires no colexio de Belén, pasou a Cádiz en 1768 e, posteriormente, foi desterrado a Boloña.

Nesta última cidade redactou un tratado sobre a arte de navegar que foi publicado o mesmo ano do seu falecemento polo seu sobriño Manuel Méndez Quiroga. O traballo levou por título *Tratado de el arte verdadero de navegar pro circulo paralelo a la equinocial; que para utilidad de la Marina Española da a la luz públ-*

ca D. Manuel Méndez Quiroga; con dos figuras mathematicas i un tratadillo al fin sobre la aguja de marear. Na BNE consérvase un exemplar.

Segundo Dosil Mancilla, Quiroga é autor das seguintes obras inéditas:

- *Sobre el modo de hallar la longitud en el mar por el sol, luna, planetas y estralas (sic) fijas (en latín, na Biblioteca Marítima Española de Martín Fernández Navarrete)*
- *Descripción en general de la Provincia del Paraguay (o orixinal consérvase no Arquivo Histórico de Santuario de Loyola na provincia de Guipúscoa).*
- *Longitud contada desde Isla de Fierro. Pueblos, latitud austral (citado en El padre José Quiroga de Guillermo Furlong)*
- *Tabla de la latitud y longitud de los Pueblos Guaraníes (copia conservada no manuscrito Paraguay Natural de José Sánchez Labrador)*
- *Crisol Náutico en la cual se demuestran muchos errores de la navegación; ó arte de navegar que hasta ahora practicaron los Pilotos y se da solución a las principales dificultades que ocurren en la náutica y nuevas luces a la geografía (citado en El padre José Quiroga de Guillermo Furlong)*

Juan de Lángara y Huarte

Nado na Coruña en 1736. Tamén nomeado como Juan Francisco. O seu pai Juan de Lángara y Arizmendi foi un dos primeiros alistados na compañía de gardas mariñas de Cádiz e foi o primeiro tenente-xeneral da Armada procedente das promocións de dita compañía. O seu irmán Cayetano tamén foi un destacado militar.

Segundo o seu biógrafo, Marcelino González Fernández, Juan de Lángara y Huarte ingresou como garda mariña en 1750 e despois foi enviado a París para perfeccionar os seus estudos. Ao seu regreso a Madrid e durante dez anos (1755-1765) levou a cabo importantes misións polas costas de España, África e as Indias Occidentais. Posteriormente realizou varias viaxes ás illas Filipinas. Nunha delas, en 1773, calculou a lonxitude en alta mar medindo a distancia da Lúa a unha estrela.

En 1774 efectuou unha expedición científica durante seis meses polo Atlántico norte e sur na que fixo observacións, practicou novos métodos de navegación astronómica, corrixiu erros en cartas náuticas, adestrou a outros mariños e explorou

algunhas illas, poñendo en práctica os últimos adiantos e métodos nos campos da física, a navegación, a mecánica e a astronomía. Entre outras, explorouse a illa de Trindade. Consérvanse mapas da illa como froito desta misión, cando menos, no AGI, no MNM e no Arquivo Xeral de Simancas.

O seu biógrafo González Fernández indica que foi autor do traballo *Posición de la Isla de Trinidad en el Océano meridional, su situación, la de la Isla de la Ascensión y del Islote Martín Vas, así como la de la isla de Fernando Noroña*.

Posteriormente, Lángara participou en distintas accións militares durante varios anos. A este respecto, na BNE consérvase unha colección titulada *Papeles referentes a la guerra entre 1779 e 1780* na que se atopa correspondencia de Lángara.

En 1781, Lángara envía desde a illa de León (na actual vila gaditana de San Fernando) ao marqués González de Castejón, un plano de Xibraltar, copiado a partir dun mapa de Jacques Nicolas Bellin.

Tamén se conserva na BNE o *Manifiesto del Excmo. Señor D. Juan de Lángara, en respuesta a otro que hizo la convención de París, luego que supo la entrega de Tolon...*, documento que data de 1793.

En 1795 foi designado capitán-xeneral do departamento de Cádiz. Un ano despois nomeárono secretario de Estado e do Despacho Universal de Mariña (equivalente a ministro de Mariña). En 1798 ascendeu a capitán-xeneral da Armada e recibiu o nomeamento de director xeral de dita institución. Desempeñou os devanditos cargos ata finais de 1799 en que foi designado membro do Consello de Estado.

Nestes anos, Lángara, xunto con Felipe Bauzá e Fernando Selma, levantou varios mapas por orde do rei.

No MNM e na BNE consérvanse:

- *Carta Esférica que comprehende una parte de las Islas Antillas: las de Puerto Rico Santo Domingo Jamayca y Cuba con los bancos y canales adyacentes.*
- *Carta esférica que comprehende las costas del Seno Mexicano.*
- *Carta Esférica de una parte del Canal Viejo de Bahama: y placeres adyacentes desde Punta de Maternillos hasta la de Ycacos.*

No MNM consérvase tamén:

- *Carta esférica de las costas del Reyno de Chile comprendidas entre los Paralelos de 38 y 22° de Latitud Sur.*

Neste caso non figura F. Selma. Participaron Juan Moreno Tejada, F. Bauzá e P. M. Gangoiti.

Na Real Biblioteca consérvase:

- *Carta esférica de las costas de la América Meridional, desde el paralelo de 36° 3' de latitud S. hasta el Cabo de Hornos.*

Na BNB consérvase o mapa:

- *Don Juan de Langara's survey of the River Plate.*

Como militar chegou a acadar o grao de almirante. Finou en Madrid o 18 de xaneiro de 1806.

Deixou os resultados dos seus estudos e memorias en diferentes manuscritos, moitos deles conservados no MNM:

- *Defensa militar por el teniente de fragata D. Juan de Lángara en favor del teniente de navío D. Francisco Morales de los Ríos, por la pérdida de la fragata "Hermiona", el 31 de mayo de 1762.*

- *Diario de navegación de la fragata "Santa Rosalía" en su comisión para observar longitudes el año 1774.*

- *Diario de la navegación de la escuadra y convoy del mando del Excmo. Sr. Marqués de Casa-Tilly, teniente general de la Real Armada, 1776-1777.*

- *Diario del brigadier D. Juan de Lángara, comandante del navío "Poderoso", con la escuadra y convoy a continuar las operaciones militares contra los portugueses en sus posesiones del Brasil, 1777 a 1778.*

- *Diario de navegación del navío "Poderoso" de Montevideo a España, 1778.*

- *Diario del brigadier de la Real Armada D. Juan de Lángara, comandante de la escuadra destinada a cruzar sobre las costas de España y en las islas Terceras, 1779.*

- *Extracto histórico de las operaciones de la escuadra de instrucción, 1787.*

No Arquivo Histórico Nacional consérvase o expediente de concesión do título de cabaleiro da orde de Calatrava. Outros manuscritos de Lángara consérvanse no AGI e no Arquivo Xeral de Mariña Álvaro de Bazán. Un colexio público de Ferrol e unha baía na Arxentina levan o seu nome.

José de Varela y Ulloa

Nado en Vilareda, aldea do concello de Palas de Rei (Lugo), posiblemente en 1739. Daniel Rojas Lanús indica que seus pais foron Juan de la Cruz Varela Varela e Carmen González de Ulloa, pero damos máis credibilidade ás probas para o nomeamento do seu irmán Pedro, quen chegou a ser almirante e ministro de Mariña, como cabaleiro da orde de Carlos III, nas que consta que o seu pai era Pedro Sánchez Varela Ulloa e a súa nai, María Teresa Noguero.

Formouse na academia de gardas mariñas de Cádiz, onde obtivo unha ampla formación en matemáticas e noutras disciplinas como debuxo, artillería, construción, manobra e linguas estranxeiras.

En 1773, Varela observou a desaparición dos aneis de Saturno e informou disto nunha comunicación co título *The Disparition of Saturn's Ring, Observed by Joseph Varelaz, Lieutenant of the Royal Navy of the King of Spain, and Professor of Mathematics, in the Academy of Guard-Marine at Cadiz. In a Letter to Dr. Morton, que foi publicada no volume 64 das Philosophical Transactions.*

Xunto con Vicente Tofiño, comunicou as *Observaciones astronómicas hechas en Cádiz, en el Observatorio Real de la Compañía de Cavalleros Guardias-Marinas, por el Capitán de Navío Don Vicente Tofiño de San Miguel, Director de la Academia de Guardias-Marinas y por Don Josef Varela, Capitán de Fragata de la Real Armada, y Maestro de Matemáticas de la misma Academia, que foron publicadas en dous volumes en Cádiz nos anos de 1776 e 1777.*

Varela combinou a faceta docente e investigadora con distintas misións que lle foron encomendadas ao longo da súa traxectoria. Así, en 1774 participou na determinación da latitude e lonxitude da illa de Trindade, preto das costas do Brasil,

na expedición dirixida por Lángara Huarte. Dous anos despois foi comisionado para participar nunha expedición francesa dirixida por La Borde no buque *Boussole* ás illas Canarias e as costas africanas. En 1779 tomou parte nunha misión cuxo obxectivo era comprobar a exactitude de cronómetros para a determinación de lonxitudes. Posteriormente, Varela participou na determinación dos límites das posesións españolas e lusas en América do Sur, logo da sinatura do pacto de San Ildefonso. En concreto, liderou a primeira partida de demarcación, na que tamén participou, entre outros, o enxeñeiro coruñés Bernardo Lecoq.

Como froito destas misións elaborou distintos traballos cartográficos. Así, Varela é autor dos seguintes mapas conservados na División de Mapas e Xeografía da Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos (acortamos os seus títulos por razóns prácticas):

- *Plano del Río Uruguay desde Yapeyu hasta la Estancia de Sn. Gregorio.*
- *Plano topográfico que comprende una parte del Montegrande, el Río Yacuy, los establecimientos y misiones del Uruguay, los yervales que actualmente poseen los indios guaranias y el curso del mismo Uruguay desde la boca del verdadero Pepiri o Peguiri hasta el paso que llaman de Concepcion.*
- *Plano topográfico que comprende la parte septentrional de la Laguna de Merin con las vertientes que bajan a ella de la cuchilla general, el sangradero de la misma laguna, el arroyo de Fahin, el Piratini y la boca del Río Grande de Sn. Pedro.*
- *Plano topográfico que comprende una parte de los Yervales pertenecientes a los pueblos de las misiones del Uruguay, la cresta que divide aguas a este río y al Yacuy y la picada que llaman de Sta. Victoria por donde se sale a los dominios de Portugal.*
- *Plano topográfico que comprende las vertientes del Arroyo Ycabaqua, las del Río Negro y la cresta que divide aguas al Yacuy y al Uruguay hasta la Sierra de los Tapes o Montegrande.*
- *Plano topográfico que comprende la costa del mar desde la ensenada de castillos hasta el Río Grande de Sn. Pedro, el arroyo del Chuy, la Laguna de la Manguera y la de Merin, contodos los arroyos que desaguan en esta, el Piratini, las cabeceras del Río Negro y las del Ycabacua, las vertientes que bajan de la Cuchilla general al Yacuy y al Uruguay, los establecimientos y*

misiones españolas del propio Uruguay, los establecimientos portugueses mas inmediatos a dichas misiones y el curso de una gran parte del Uruguay con la boca del rio a que los demarcadores pasados dieron el nombre de Pepiri.

Tamén é autor de dous mapas conservados na Biblioteca John Carter da Brown University:

- Plano topográfico que comprende los Arroyos de Tahim, Bayeta, parte de las Lagunas Merim, Manguera, y sus Contornos en que se manifiesta la linea perteneciente a los Dominios de Portugal establecida en cumplimiento del Tratado Preliminar de Limites de 11 de Octubre de 1777, por los Primeros Comissarios de las Coronas de España, y Portugal en el Año de 1784.

- Plano topográfico, e individual que comprende los Arroyos de Chuy, S. Miguel, Tahim, y Bayeta: la Laguna de la Manguera, la Lengua de Tierra que media entre ella y la Costa del Mar, y parte de la Laguna Merim, y sus Contornos En que se manifiestan las lineas divisorias pertenecientes a los Dominios de España y Portugal, a quella marcada de Encarnado, y este de Amarillo, establecidas en esta America Meridional en cumplimiento del Tratado Preliminar de Limites de 11 de Octubre de 1777, por los Primeros Comissarios de las dos Coronas en el Año de 1784.

Na BNB colección de Angelis, figura como autor Francisco Joao Roscio e como colaboradores Sebastiao Xavier da Veiga Cabral da Camara e máis Varela Ulloa nos seguintes mapas:

- Plano topográfico e individual dos arroyos de Chuy e de Sao Miguel e os seus arredores...

- Plano topographico e individual que comprihende os arroyos de Chuy e de S. Miguel de Itaym.

Tamén se conservan mapas da Comisión de Límites atribuídos a Varela no MNM cuxos títulos acortaremos por razóns prácticas:

- Plano topográfico que comprende la costa del mar desde la ensena[da] de Castillos hasta el Río Grande de Sn. Pedro: el Arroyo del Chuy, la laguna de la Manguera y la de Merín, con todos los Arroyos que desaguan en esta, el Piratini, las cabeceras del Río Negro y las del Ycabagua, las vertientes

que bajan de la Cuchilla general al Yacuy y el Uruguay, con la boca del río a que los demarcadores pasados dieron el nombre de Pepiri.

- Plano topográfico que comprende los Arroyos del Chuy, S. Miguel y Tahirin, las Lagunas de la Manguera y Merin, los arroyos que bajan a esta desde la Cuchilla General y el Piratini que desagua en el Sangradero de la misma laguna.

No MNM tamén se conservan, entre outros, estes manuscritos:

- Diario de las observaciones astronómicas hechas por los individuos de la primera partida de demarcación de límites al mando del capitán de la Real Armada D. José Varela y Ulloa.

- Diario de las observaciones de latitud y longitud que sirvieron para corregir los planos que se levantaron por los geógrafos de la primera división de la demarcación de límites con la Corona de Portugal en la América Meridional, que estuvo a cargo do capitán da Armada D. José Varela y Ulloa.

Ao longo da súa traxectoria obtivo varios graos militares: alférez de fragata (1766), alférez de navío (1768), tenente de navío (1774), capitán de fragata (1776), capitán de navío (1779), brigadier (1789) e xefe de escuadra (1791). Foi membro da Academia de Ciencias de París dende 1775 e socio benemérito da Real Sociedade Bascongada. En 1794, José de Varela y Ulloa embarcouse en Cádiz no barco *Asía*, nunha misión que tiña como destino A Habana e finou vítima da febre amarela nesta cidade o 23 de xullo dese ano.

Basilio Antonio Villarino Bermúdez

Nado en Noia en 1741, concretamente na parroquia de Santa Cristina de Barro. Posiblemente formado na escola de náutica de Ferrol, ingresou na Armada en 1762.

Chegou a Montevideo en 1774 como segundo piloto da Real Armada. Fixo unha copia do *Mapa de las tierras del interior de Montevideo*, conforme as dimensións marcadas polo primeiro piloto Pablo Franco, a pedimento do cabido de dita cidade. Aparece asinado en novembro de 1774.

A partir de 1779 explorou e cartografou distintas zonas da actual Arxentina. Villarino finou en 1785 nun enfrontamento con indíxenas e deixou escritos varios diarios conservados no Arquivo Xeral da Nación (Bos Aires, Arxentina):

- *Diario de la descubierta al Río Colorado. 1779.*

- *Diario de los reconocimientos del Río Colorado, Bahía de Todos los Santos, e internación del Río Negro hecho por el 2º Piloto de la Real Armada don Basilio Villarino. 1780.*

No AGI atópase:

- *Diario del viaje al Puerto de San Antonio [...] a levantar el plano de aquel puerto y de allí abrir el camino por tierra al río Negro. 1781.*

Na obra de De Angelis: *Colección de obras y documentos...*, Tomo VIII, Volume B, Bos Aires, Editorial Plus Ultra, atópase:

- *Diario de la navegación emprendida en 1781 desde el río Negro, para reconocer la Bahía de Todos los Santos, las islas del Buen Suceso, y el desagüe del río Colorado.*

- *Diario del piloto de la Real Armada D. Basilio Villarino del reconocimiento que hizo del Río Negro en la costa oriental de Patagonia...*

En canto a mapas, no MNM atopamos atribuídos a Villarino:

- *Descripción geográfica de la Costa Oriental Patagónica: comprendida entre 39°43' de latitud y entre los 310°42' y 315°26' de longitud del Meridiano de Tenerife.*

Desta descrición tamén existe un exemplar no AGI e outro no Arquivo Xeral Militar de Madrid (en adiante AGM).

- *Plano de la Parte Septentrional del golfo de Sn. Jorge: Con la lancha del Paquebot de S. M. Sn. Sebastian.*

- *Plano del Puerto de Sn. Antonio: situado en la Costa Patagónica en la latitud 40°49' y 311°42' de longd. de Tenerife.*

Participou tamén no levantamento do “*Plano que comprende desde el Río Sauce hasta el Puerto de S. Jose en la Costa orienta Patagonica*”.

No AGM atopamos tamén os seguintes traballos:

- *Carta reducida de Rio Negro.*

- *Descripción geográfica de la Costa Oriental Patagonica: comprendida entre 40° 25' y 43° 10' de Latitud Sur 311° 15' y 314°14' de Longitud de Tenerife.*

Outro exemplar desta descrición atópase na Fundação Biblioteca Nacional (Río de Xaneiro, Brasil).

- *Plano de la Costa Orientl. Patagónica: comprendida entre 41°-9' y 39°-41' de Lad. S y entre 313°-54' y 314°-47' de Tenerife en el qe. se figura el principal desague del Rio Colorado las diversas Yslas y Canales de su ynmediacion las dos Bahias Anegada, de todos los Santos con las Yslas y Bajos contenidos en ellas, La derrota o navegacion qe. con seguridad se puede haser desde el Rio Negro al Colorado...*

- *Plano del Rio Negro.*

- *Plano del Rio Negro nombrado por los indios Rio Grande en la Costa Oriental Patagonica: Situado en 40°55' de longitud sur segun exactas observacions. que hice en tierra y en longitud de 313°03' merid. de Tenerife.*

Martín-Merás atribúelle tamén xunto con outros autores o:

- *Plano que contiene la costa del Brasil comprendida entre los 25°30' y los 29°15' de latitud S. la ya. de Sta. Catalina, y sus adyacenters.*

Joaquín Gundín

Nomeado tamén por algúns autores como Joaquín Varela Gundín ou Joaquín Varela Segade. Nado en Melide, o propio Gundín indica nunha autobiografía que naceu o primeiro de xaneiro de 1746. En maio de 1758 comezou a súa carreira militar en Ferrol como grumete. En 1774 dirixiuse desde Galicia ata Montevideo onde comezou un longo periplo na América meridional e en 1776 foi enviado ás illas Malvinas onde estivo tres anos. En 1779 pasou ao Río da Prata e en 1783, como piloto da Real Armada, foi destinado á primeira partida de demarcación da comisión de límites da América meridional, na que estivo ás ordes de Varela Ulloa, e onde levantaron planos entre a costa norte do Río da Prata e as principais cabeceiras do río Uruguai. Máis tarde comisionárono para levantar unha carta dun treito do río Uruguai.

A proposta de Varela Ulloa, foi destinado para levantar un plano da costa setentrional do Río da Prata, comprendida entre a illa Martín García e o forte de Santa Teresa. Segundo Varese, Gundín escribiu o *Diario de la demarcación de límites y reconocimiento de la costa septentrional del Río de la Plata*. Posteriormente realizou distintas misións na enseada de Barragán, Bos Aires e Montevideo. En 1814 foi apresado tras a capitulación desta cidade e puido fuxir a España chegando a Cádiz en xaneiro de 1823. Acadou o grao de capitán de fragata. Non se coñece a data do seu falecemento. Dado que Gundín aparece na relación do *Estado General de la Armada* do primeiro de xaneiro de 1833 pero non así no de 1834 cremos que tería lugar entre 1832 e 1833.

No MNM consérvanse os seguintes planos, cuxos títulos acortaremos por razóns prácticas:

- *Plano de la costa Septentrional del Río de la plata: desde la Colonia del Sacramento hasta el Puerto de Martín chico.*

- *Plano de la Costa Septentrional del Río de la Plata: desde la Colonia del Sacramento hasta la Punta de Sn. Gregorio.*

- *Plano de la costa Septentrional del Río de la Plata: desde la Punta del espinillo hasta la de Jesús Mara.*

- *Plano de la costa Setentrional del Río de la Plata: desde el Cerro de Montevideo hasta la Punta de la Ballena, u occidental de la ensenada de Maldonado.*

- *Plano del Puerto de la Colonia de Sacramento: en la costa septentrional del Río de la Plata.*

Martín-Merás menciona tamén a participación de Gundín no levantamento destes mapas:

- *Carta Plana que manifiesta la Costa septentrional del Río de la Plata: desde la Ysla de Martin Garcia hasta el Fuerte de Sta. Teresa, los Arroyos que desaguan en ella desde sus cabeceras ú orígenes, y las Yslas adyacentes...*

- *Plano de la costa del Uruguay que comprende desde el arroyo del Miguete a la laguna de la Palma o de Difuntos.*

A súa biógrafa, Fabiana Olivero, indica que Gundín é autor dun mapa titulado *Carta Esférica del Río de la Plata*, datado en 1791.

Francisco Antonio Mourelle de la Rúa

Tamén citado como Maurelle de la Rúa. Nado en Corme. Segundo a súa partida bautismal a data de nacemento foi o 17 de xuño de 1750, porén, no seu expediente persoal figura o 21 de xuño de 1755. Ingresou na academia de pilotos de Ferrol en 1763. Chegou a ser xefe de escuadra da Armada malia que non pasou pola academia de gardas mariñas.

Realizou distintas expedicións como as levadas a cabo nas costas americanas do Pacífico (San Brais en 1775 e Alaska 1779), e entre 1780 e 1781 realizou unha travesía de ida e volta dende México a Filipinas. Nestas misións, Mourelle tomou notas e redactou escritos que foron editados en español, francés e inglés.

Dentro do arquipélago que forman as illas Discovery, preto de Vancouver no Canadá, nomeouse a illa Maurelle na súa honra.

Na expedición de 1775 Mourelle colaborou como piloto no levantamento dos seguintes mapas que se conservan no AGI:

- Plano del puerto de la Trinidad, situado bajo la latitud Norte de 41 grados 7 minutos y en la Longitud Occidental de San Blas 19 grados 4 minutos, descubierto y levantado por el comandante de esta Expedición y Teniente de Navío Don Bruno de Ezeta y Dudagoitia, el Teniente de Fragata Don Juan Francisco de la Bodega y Quadra y el piloto Don Francisco Maurelle; en el viaje que hizieron en descubrimiento de las Costas Septentrionales de la California de orden del Excelentísimo Señor B[ailí]o Frey Don Antonio Bucareli y Ursúa Virrei de la Nueva España año de 1775.

- Plano de la Rada de Bucareli, situada bajo la Latitud N. de 47 grados 24 minutos, y en la Longitud occidental de San Blas 19 grados 40 minutos, descubierto y levantada por el comandante de esta expedición el Theniente de Navío Don Bruno de Ezeta Dudagoitia, en el biage de los descubrimientos de las costas septentrionales de California, que hizo de orden del Excelentísimo Señor Virrei Frei Don Antonio María Bucareli y Ursúa el Año de 1775.

Unha segunda expedición saíu de San Brais en 1779, neste caso con Mourelle co emprego de alférez de fragata. Froito desta misión consérvase este mapa no AGI:

- *Carta reducida de las Costas y Mares Septentrionales de Californias formada hasta el grado 58 de latitud por las observaciones hechas por el Teniente de Navío Don Juan Francisco de la Bodega y Quadra y el Alférez de Fragata Don Francisco Antonio Mourelle, cuya costa se representa por medio de sombras de tinta y quanto se manifiesta por la sombra encarnada pertenese á la de Monseur Bellin impreza el año de 1766.*

Entre 1780 e 1781, Mourelle na travesía de ida e volta entre México e as illas Filipinas, explorou o grupo de illas Vavao no arquipélago de Tonga. Na illa de Kapa, Port Maurelle chámase así en lembranza súa.

No AGI consérvase o *Expediente sobre la solicitud de ascenso de Francisco Antonio Mourelle, alférez de navío de la Real Armada y piloto del Departamento de San Blas, y concesión de hábito de la Orden de Santiago, por sus méritos en las navegaciones hechas en California septentrional y en las islas Filipinas. Inclúese neste expediente a Navegación hecha por el alférez del Navío de la Real Armada y comandante de la del Rey, nombrada "la Princesa", Don Francisco Antonio Mourelle, desde el puerto de Manila, en las islas Filipinas, [...] para el Puerto de San Blas, en las costas occidentales de la América [...]*"
Año 1781.

No AGI consérvanse tamén estes mapas resultado da mesma:

- *Plano que representa el placer o yslotes nombrados Ohonojaba, los que hemos hallados mui diferente a los que las pone la carta francesa, y son pobladas de negros de Nueva Guinea o Bretaña.*

- *Plano que representa la configuración que forman las yslas a quines se les dio por nombre del Excelentísimo Señor Don Martín de Mayorga, en las quales está el Puerto del Refugio, situado en la latitud S. de 18 grados 38 minutos, y longitud al oriente de París 179 grados 52 minutos, que corresponde a 58 grados 12 minutos al oriente de San Bernardino.*

- *Plano que representa la configuración que hacen las yslas a quien llamamos del Excelentísimo Señor Don Joseph de Gálvez, situado lo más N.E. de ellas por las 19 grados 31 minutos de latitud S. y 179 grados 45 minutos al oriente de París.*

- *Plano que representa la cordillera o placer de las Mil Yslas, según se pudo deducir de las repetidas marcaciones que se les hicieron.*

No MNM consérvanse os seguintes mapas nos que participou Mourelle:

- *Carta náutica de las islas Salomón y archipiélago de Bismarck: con la derrota llevada a cabo por Dn. Francisco Antonio Mourelle a bordo de la fragata Princesa en 1780.*

- *Carta que comprende las Yslas de los Exmos. Sres. D. Martín Mayorga y D. José de Galvez: situadas en la Mar del Sur ultimamte. vistas en el año de 1781 con la fragata Princesa mandada pr. el Alfz. de la misma clase Dn. Francisco Maurelle / construída sobre las observaciones y demarcaciones qe. dho. Oficial y el 1er. Piloto de la Armada Dn. Jose Vazquez practicaron sobre ella en su navegón [sic].*

- *Carta reducida que contiene las tierras de Salomón y varias Yslas comprendidas entre la equinocial y el grado 30 de latitud S.: con las nuevamente vistas el año de 1781 con la Fragata Princesa mandado por el Alférez de esta clase D. Francisco Antonio Maurelle / construída sobre las observaciones y demarcaciones que dicho Oficial y el 1er. Piloto de la Armada Dn. José Vazquez practicaron en su navegación... [sic].*

- *Carta que comprende varias Yslas adyacentes a las de Nueva Bretaña y Guinea en el año 1781 con la Fragata Princesa: mandada por el Alférez de esta clase d. Francisco Antonio Maurelle / conformada sobre las observaciones y demarcaciones que dho. Oficial y el 1er. Piloto de la Armada Dn. José Vasques practicaron en la expresada navegación [sic].*

Quizais tamén foi froito da citada expedición este mapa que non está datado:

- *Yslas de Mal Abrigo / Demarcadas y situads por Dn franco Antonio Mourelle nevegando con la fragta Princesa al Oeste dellas segn manifiesta la Derrota de los puntos de Demarcación.*

En 1790 foi destinado ao despacho da secretaría do vicerrei de Nova España, onde realizou unha importante recompilación dos diarios, mapas e relacións escritas das expedicións marítimas españolas levadas a cabo na costa noroeste de América. Un deses mapas consérvase no AGI:

- *Plano del puerto de San Blas, levantado por el teniente de fragata de la Real Armada don Francisco Antonio Mourelle en 1791.*

E no -MNM, con data de publicación 1794, consérvase:

- *Isla de Rota.*

Tamén en 1790 recibiu o título de cabaleiro da Orde de Santiago. Consérvase este expediente no Arquivo Histórico Nacional. Pasou os últimos anos da súa vida na Península. En 1819 ascendeu a xefe de escuadra e ao ano seguinte finou en Cádiz.

José Buceta Figueroa y Vizoso

Tamén nomeado como Josef Buzeta. Nado en Ferrol en 1755. O seu pai, Pedro Bonifacio Buceta Figueroa, foi mestre maior de carpinteiros de branco do arsenal ferrolán e alférez de fragata graduado. O seu irmán Ángel tamén foi militar. José Buceta iniciou en 1774 a súa carreira militar como cadete e en 1777 foi enviado ao Río da Prata. Como enxeñeiro militar participou na terceira partida da comisión de límites onde levantou os planos topográficos da provincia de Santa Cruz da Serra, segundo indicou nunha Memoria en 1793 o gobernador intendente desta provincia, Francisco de Viedma. Unha rúa da cidade de Santa Cruz da Serra leva o seu nome. Foi autor en 1788 do *"Plano del fuerte que se mandó construír en Saipurú"*. Este plano consérvase no AGI. Finou en 1800 nun enfrontamento con indíxenas en Bolivia.

Pedro Antonio Cerviño Núñez

Nado en Campo Lameiro en 1757. Fillo de Ignacio Cerviño e de Leonor Núñez de la Fuente, foi bautizado na parroquia de Santa María de Moimenta. En 1774 atópase en Bos Aires, onde ingresou na terceira orde franciscana e incorporouse como cadete ao rexemento de infantaría da gornición do Río da Prata. Regresou á Península para realizar estudos militares superiores na academia de matemáticas de Barcelona, centro de formación dos oficiais do corpo de enxeñeiros do exército. Segundo o seu biógrafo, Alberto de Paula, Cerviño foi autor en 1779 de *Problemas astronómicos para cálculos de latitud y longitud a bordo.*

En 1781 volveu a Bos Aires, nomeado polo vicerrei enxeñeiro xeógrafo da comisión de límites encargada de demarcar as fronteiras entre as posesións españolas e portuguesas. Na solicitude de ascenso formulada por Cerviño en 1793, sen prexuízo desta misión, encomendóuselle (xunto co tenente de fragata Miguel Rubín de Celis) recoñecer unha mina de ferro no Chaco, a cen leguas de Santiago do Esteiro na provincia de Tucumán. Conforme explica Celsa Codeseira, nesta misión

recoñeceron a calidade do ferro dun dos meteoritos que caeran varios milenios atrás na zona denominada Campo do Ceo.

En 1796, Cerviño formou parte por orde do vicerrei dunha expedición para realizar un novo recoñecemento das zonas fronteirizas cos indios e para establecer poboacións onde elas.

Estivo implicado na construción dun peirao en Bos Aires e foi director da escola de náutica que se estableceu nesa cidade en 1799. Pechada dita escola en 1806, foi logo director da academia de matemáticas da cidade porteña, a cal, á súa vez, pechou as súas portas tras a morte de Cerviño.

Ademais desta labor docente, Cerviño elaborou distintos mapas e planos e no terreo militar fundou e comandou o Terzo de Galegos, combatendo con éxito ao exército inglés na defensa de Bos Aires, polo cal foi recoñecido como tenente coronel. Colaborou no *Semanario de agricultura, industria y comercio*, segundo xornal publicado no Río da Prata fundado por Hipólito Vieytes. Finou en Bos Aires en 1816.

Na BNB, procedente da colección de De Angelis, consérvanse os seguintes manuscritos:

- *Diario de D. Pedro Antonio Cerviño del reconocimiento de la frontera del Sud.*
- *Diario de un viage de la ciudad de la Asunción á las costas del Pilcomayo.*
- *Diario originales de tres expediciones dirigidas contra los indios chiriguanos de la cordillera de los sauces, en 1800, 1801 y 1805.*

Da mesma colección, consérvanse o seguinte mapa atribuído a Cerviño e a Juan de Insuarte: *Plano del puerto de la ensenada de Barragán... situado en la costa meridional del Rio de la Plata...*

Dos mesmos autores consérvase outro exemplar do mapa no AGI: *Plano de la Ensenada de Barragán, situada en el Río de la Plata.*

Por disposición do secretario perpetuo do Consulado de Bos Aires, Manuel Belgrano, levantou en 1798: *Mapa esférico de parte de la América meridional comprendida entre los 32° y 41° de latitud, en el que se manifiestan el curso del Río*

Negro, el camino de Salinas y demás reconocimientos que se hicieron últimamente en el interior del país.

Así mesmo, Cerviño colaborou tamén no levantamento dos seguintes mapas conservados tamén na BNB:

- *Carta plana de la costa del Brasil, que contiene desde las islas de Sta. Ana hasta la punta Joatinga, copiado de un original portugues impreso en el janeiro, en 1785*

- *Carta esferica de la frontera del sur de Buenos Aires.*

- *Plano Geografico que comprehende la Provincia de Buenosayres.*

Na Biblioteca Nacional da Arxentina consérvase o seguinte mapa:

- *Plano de unos terrenos sobre el margen del Riachuelo (1806). Así como o manuscrito Carta de Pedro A. Cerviño sobre las invasiones inglesas elogiando la acción de los tercios de Gallegos (1807).*

O museo marítimo situado dentro das instalacións da Escola Nacional de Náutica “Manuel Belgrano” leva o seu nome.

Ignacio Sanjurjo-Montenegro Pazos

Nado na Coruña en 1760. Os seus pais foron José Sanjurjo Montenegro e Rosalía de Pazos y Caamaño. O 2 de xullo do ano 1776 sentou praza de garda mariña. Posiblemente a primeira misión na que participou foi a comandada por Antonio de Ulloa para o recoñecemento das costas de Veracruz. No curso desta misión levantáronse varios mapas, un deles atribuído a Pazos denominado “*Verdadero diceño de la Costa y Puerto de la Ciudad de Veracruz*” e que se conserva na BNE.

Posteriormente participou como piloto nos traballos da comisión da terceira partida de demarcación de límites da América meridional comandada por Félix de Azara. Concretamente en 1785, xunto con Pedro Cerviño, explorou o tramo alto do río Paraná, para dirixirse posteriormente cara ao sur do distrito antes de regresar a Asunción.

No ano 1790 traballou como auxiliar do capitán de fragata Martín Boneo na expedición ao río Paraguai por unha suposta violación do tratado de límites da coroa

lusa. Como legado desta misión, na BNB, e procedente da colección de De Angelis consérvase o libro impreso en Bos Aires en 1836 atribuído a “Ignacio de Pasos”:

- *Diario de una navegacion y reconocimiento del Rio Paraguay, desde la ciudad de la Asumpcion, hasta los presidios portugueses de Coimbra y Albuquerque.*

Tamén levantou a “Carta reducida del río Paraguay desde la Assumpción hasta el presidio de Coimbra en el estrecho de Sn Francisco Xavier donde se establecieron los portugueses”. Tomado desta última, consérvase o *Plano del presidio de Coimbra en el río Paraguay*, que foi incluído no *Atlas de Cartas geográficas de los países de la América Meridional* do pontevedrés Francisco Javier Brabo.

En outubro de 1804 de regreso á Península, a fragata *Mercedes* tripulada por Ignacio Pazos foi afundida por barcos ingleses preto de Cádiz, perecendo Pazos e a súa familia.

Non se debe confundir este persoeiro con outro Ignacio de Pazos que aparece nomeado como oficial primeiro do corpo do Ministerio de Mariña no *Estado General de la Armada de 1829*. Este outro Ignacio de Pazos foi condecorado coa Cruz da Mariña e coa de Tarragona e tiña destino en Madrid.

Andrés Baleato Espinosa de los Monteros

Nomeado como Andrés Baleato, naceu en Ferrol en 1766. Foi fillo de José María Baleato, director do obradoiro de instrumentos náuticos da academia de gardas mariñas de Ferrol. Formouse como piloto sobre 1779. Entre 1780 e 1789 realizou varias navegacións polo océano Atlántico. Entre 1790 e 1791 elaborou algúns planos do Río da Prata xunto con Joaquín Gundín e Gaspar Massa.

Posteriormente pasou ao Perú onde estivo unha gran parte da súa vida. Foi autor dunha serie de planos das intendencias nas que se dividía o reino de Perú e do *Plano general del Reyno del Perú en la America Meridional (1796)* mais o *Plano General del Reyno de Chile en la América Meridional (1793)*.

Respecto a estes planos consérvanse na Península (todos eles datados en 1792):

- *Plano de la Yntendencia de Arequipa.*

- *Plano de la Yntendencia de Tarma.*

- *Plano de la Yntendencia de Cuzco.*
- *Plano de las Yntendencias de Huancavelica y Guamanga.*
- *Plano de la Yntendencia de Lima.*
- *Plano de la Yntendencia de Truxillo.*

Todos se conservan no MNM, agás o de Truxillo, do que existe polo menos un exemplar no Arquivo Cartográfico de Estudos Xeográficos do Centro Xeográfico do Exército e outro no AGM.

Desta etapa tamén é o seguinte plano:

- *Plano que comprende la costa desde el puerto del Ancon hta. la pta. de Chilca en el Reyno del Perú: situado su capital Lima en la latitud de 12°2'50" S. y en longitud de 70°50'40" occidental de Cádiz.*

No ano 1794 fúndase a Academia Real de Náutica de Lima, sendo nomeado primeiro profesor. Tamén se lle encarga a dirección do Depósito Hidrográfico desta cidade. En 1802 pasa a exercer de modo interino a dirección da Academia Real de Náutica, cargo que ocupou preto de 20 anos. Nese período elaborou unha serie de cartas das costas peruanas e rematou a obra *Monografía de Guayaquil*.

Das cartas e planos nos que participou Baleato na súa condición de membro da Academia de Náutica de Lima consérvanse:

- *Carta de las costas desde el Cerro de la Arena del Puerto del Ancón hasta el Cerro de las Mercedes del Partido de Yca, en el Reyno del Perú construída en la Academia RI. de Nautica de Lima sobre las obserbaciones y reconocimientos reunidos hasta el año de 1819; Andres Baleato.*
- *Carta de las Costas desde el Callao hasta Santa en el Reyno del Perú: con la Carrera de Vallés, o Caminos de la costa y el que va desde Chanucay hasta la Cordillera de Pária siguiendo un brazo del Rio de Huaura.*
- *Carta esférica de las Costas de Arequipa, desde el Pavellon de Pica hasta el Rio de Ocaña, en el Reyno del Perú.*
- *Carta plana de una parte de la America meridional Que comprende los*

territorios del Perú y Salta: Desde el Paralelo de 16° hasta el de 28. de Latitud Sur y desde 51° hasta 67. de Longitud Occidental del Meridiano de Cadiz.

En 1821, tras proclamarse a independencia de Perú, cae preso e ao ano seguinte logra volver a España. En 1826 publícase a obra *Instrucción para delinear y levantar planos y costas que por disposición del señor Martín Fernández de Navarrete, Director del Depósito Hidrográfico, ha escrito el teniente de navío Don Andrés Baleato*. Un ano máis tarde é nomeado primeiro delineante do Depósito Hidrográfico de Madrid e en 1846 é ascendido a capitán de fragata. Finou en Madrid en 1847.

Baleato realizou numerosos mapas e copias a partir de observacións e recoñecementos doutros autores. No MNM atópanse os seguintes títulos e cuxa copia dixital pode consultarse na Biblioteca Virtual do Patrimonio Bibliográfico:

- *Bosquejo horizontal y Vista de las Yslas de Lobos de Afuera en el mar Pacífico.*
- *Bosquejo horizontal y vistas dela Ysla Gorgona cercana alas Costas de Popayan en el mar pacifico.*
- *Bosquejo orizontal de la situación de las Torres de Buenos aires: y puntos de las inmediaciones de la Ciudad.*
- *Carta Esférica del oceano Pacífico: que contiene desde la Longitud de 46° hasta la de 95° al E del Meridiano de Sn. Bernardino y en ellos las Yslas, y Bajos, que median entre las Costas de California, y las Yslas Marianas.*
- *Carta Esférica que contiene parte de las tierras del Japón, parte de las Yslas Filipinas y el Archipiélago de las Marianas: situadas según el meridiano de Sn Bernardino.*
- *Costas de la Provincia de Biruquete en el mar pacífico y Reyno de Sta. Fé de Bogotá, desde el Río Zabaleta hasta la Punta Garachiné.*
- *Costas de la Provincia de Esmeraldas en el Reyno de Quito: desde el cabo de Sn Francisco hasta la Punta de Mangles del Río Mira.*
- *Costas de Popayán en el mar pacifico, desde la Punta de Mangles del Río Mira hasta el Río Bahuy é Ysla Gorgona.*

- *Costas de Popayan y del Chocó: en el mar pacífico desde la Punta de Guascama hasta el Río Zabaleta y altos de Sn Antonio.*
- *Costas desde Eten hasta las Puntas de la Aguja y de Pisura en el Reyno del Perú.*
- *Costas desde Payta hasta Guayaquil en el Reyno del Perú.*
- *Plano de la Barca al Astillero del río de Maule ó Puerto de las Nueva Bilbao en el Reyno de Chile.*
- *Plano de la Puntilla de Santa Elena: en el Gobierno de Guayaquil.*
- *Plano de una Bahía en la Costa Occidental de America Meridional situada la Ysla de su entrada en Latd. S. de 46°12'.*
- *Plano del Bajo de Sn Matheo y Puntas de la Bahía del mismo nombre: en la Provincia de esmeraldas del Gobierno de Quito .*
- *Plano del Puerto de las Salinas de Huacho en el Reyno del Perú.*
- *Plano del Puerto de Montevideo y costas.*
- *Plano del Puerto e Ysla de Sta. Catalina en la Costa del Brasil.*
- *Plano del Puerto y Río de Pisco en el Reyno del Perú.*
- *Plano General de las montañas Orientales al Reyno del Perú.*
- *Punta de Sta Elena y estado de sus costas contiguas en el mar Pacífico y Gobierno de Guayaquil.*
- *Sonda de la Costa y Surgideros de Santa en el Reyno del Perú.*
- *Yslas del Archipiélago de Otaheti.*

No Arquivo do MNM atópanse os seguintes mapas con copias dixitais que poden verse na Biblioteca Virtual do Patrimonio de Defensa nas que participou Baileto dalgún xeito:

- Carta de la costa NO de América entre la isla de Montagu hasta el Co. Engaño.
- Carta náutica de la Baja California y de la costa occidental de México desde Punta Falsa hasta el río San Pedro.
- Bosquejo de la Ysla del Caño en Costa Rica.
- Carta de la Costa comprendida entre el puerto de Acapulco y el Surgidero de Sonsonate.
- Carta Esférica que comprende una parte del Golfo de la baja California y costa de la Sonora en el mar de Cortés .
- Carta Esférica que contiene parte de la Costa de California y las Yslas que comprende hasta la Longitud de 81° del Meridiano de Sn. Bernardino por el qual está construída.
- Carta Plana de la Ensenada de Panamá desde la Punta de Garachiné hasta el Morro de Cháme con el Archielago de las Perlas.
- Costas desde Panamá hasta las Yslas de Córyba, Montuosa y Ladrones, en el Mar Pacífico.
- Plano del lago de Chapala: situado el Campamto. de Hachichilco en la latd. N. 20°20'21" y al S. 43° E. de la Ciudad de Guadalajara.
- Plano del Puerto de Guaymas: situado en la Costa de Sonora por los 27° 57' 50" de latitud N. Y Longitud de 104° 27' 30" Occidental de Cádiz.
- Plano del Puerto de la Culebra en la parte del S. del Golfo del Papagayo: Situado el Surgidero en Latitud N. 11°01' por la Long. de 79°15' O. de Cádiz.
- Plano de la Rada de Sta. Rosa de Atacames en el Gobierno de las Esmeraldas.
- Plano geometrico de la embocadura del Río de Santiago y ptos. de la Tola.
- Planos de 22 Yslas del Archipiélago Otajeti.

- *Carte de la Nouvelle Hollande et des Archipels situés au Nord et á l'est de cette.*

No AGM consérvanse os seguintes:

- *Plano de la provincia del Darien del Sur: desde Boca-Chica que esta situada a la Latitud N 8° 21' y Long. 297° 26' del meridiano de Thenerife, hasta la boca del rio Sucubti que esta en la latitud de 8° 44' y Longitud de 297° 33'.*

- *Plano del Golfo de Sn. Miguel en la mar del sur: situada la Punta de Garachiné en la latitud 8° 6' y en la longitud 297° 14' del Meridiano de Thenerife y y Bocachica en la latd. de 8° 21' y en Longitud 297° 26'.*

Tamén foi autor de varios manuscritos dos que pór en destaque:

- *Derrota del Callao de Lima a la bahía de Cádiz, en todo tiempo del año.*

- *Situación de algunos puntos de la Alta California e islas del canal de Santa Bárbara.*

- *Descripción de la provincia de Guayaquil.*

Achegas posteriores

Apenas existen mapas do século XIX nas que participaron galegos debido fundamentalmente á independencia dos territorios americanos. É de salientar, neste sentido, o mapa da illa de Cuba que levantou Ramón de la Sagra y Peris.

Conclusiones

Diversos persoeiros galegos formaron parte de misións de exploración de territorios do continente americano. Como resultado levantáronse numerosos mapas que están diseminados en distintas institucións do estado español e tamén do estranxeiro. Danse a coñecer neste traballo os principais traballos cartográficos destes persoeiros que merecen ser postos en valor.

BIBLIOGRAFÍA

Abreviaturas

RAH.DBE -Diccionario Biográfico Español. Real Academia de la Historia

ÁdC-CCG Álbum da Ciencia. Consello da Cultura Galega

ALONSO ROJO, José María, *Pedro Sarmiento de Gamboa*. Universidad de Valladolid
<https://uvadoc.uva.es/handle/10324/19064>

ARNAUD, Vicente Guillermo. (2018) "Manuel Belgrano y el mar" *Boletín del Centro Naval*: 847.

<https://www.centronaval.org.ar/boletin/BCN847/847-ARNAUD.pdf>

AYLÉN ENRIQUE, Laura. (2015) "Un diario de viaje inédito de Basilio Villarino y el mapa de la travesía: más de un siglo de periplo por los archivos" *Corpus*: 5
<http://journals.openedition.org/corpusarchivos/1409>

BIANCHI VILLELLI, Marcia Eliana. (2016) "Mapeando: La Patagonia colonial. Las cartografías de la costa patagónica a fines del siglo XVIII", *Fronteras conceptuales / Fronteras patagónicas*, UNRN,
<https://ri.conicet.gov.ar/handle/11336/106142>

CASTRO LÓPEZ, Manuel. (1909) *El explorador Villarino*, Buenos Aires: Estrach.

___ (1918) *Don Joaquín Gundín: su autobiografía*, Buenos Aires: J. Estrach.

CODESEIRA DEL CASTILLO, Celia. *Cerviño y la revolución científico-cultural en el Virreinato del Río de la Plata*. Instituto de Estudios Históricos de San Fernando de Buena Vista.

<https://historiasanfernando.com.ar/cervino-y-la-revolucion-cientifico-cultural-en-el-virreinato-del-rio-de-la-plata/>

DE LA CRUZ GARCÍA, Sabina. "José Quiroga Méndez", DBE.RAH.
<http://dbe.rah.es/biografias/14338/jose-quiroga-mendez>

DE PAULA, Alberto "Pedro Antonio Cerviño Núñez", DBE.RAH.
<https://dbe.rah.es/biografias/11986/pedro-antonio-cervino-nunez>

DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco. "Francisco de Seijas y Lobera", ÁdC. CCG.
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=257>

DOCOBO DURÁNTEZ, José Ángel et al. (2020) *El legado científico de las Fuerzas Armadas en Galicia y de los gallegos pertenecientes a las Fuerzas Armadas*. Santiago de Compostela: Universidade.
<https://dx.doi.org/10.15304/9788418445064>

DOSIL MANCILLA, Francisco Javier. "Pedro Antonio Cerviño Núñez". ÁdC. CCG.
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=245>

"José Varela y Ulloa". ÁdC. CCG.
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=297>

"José María Baleato". ÁdC. CCG.
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=294>

"José Quiroga". ÁdC. CCG.
<http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=3248>

"Era de los descubrimientos". (2019, feb.) *De la Enciclopedia Libre Universal en Español*.
http://enciclopedia.us.es/index.php/Era_de_los_descubrimientos

FABIANA OLIVEROS, Sandra "Joaquín Gundín". DBE.RAH
<https://dbe.rah.es/biografias/56577/joaquin-gundin>

FERNÁNDEZ PÉREZ, Iván (2012) "A obra científica do matemático e astrónomo galego José Varela Ulloa". *Lucensia* 44: 27-42.

FIGUERERO, Manuel V. (1929) *Lecciones de historiografía de Corrientes*, 1ª parte. Bos Aires.

FRAGA VÁZQUEZ, Xosé Antón. "Pedro Sarmiento de Gamboa". ÁdC. CCG.
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=455>

"Francisco Antonio Mourelle de la Rúa" ÁdC.CCG.
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=371>

GENTINETTA, Martín Alejandro. (2013) "Un marino ilustrado de la Monarquía

borbónica: Basilio Villarino y sus expediciones patagónicas a fines del setecientos". *Protohistoria* 19: 43-70.

<https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/5842428.pdf>

GÓMEZ CANEDO, Lino (1983) *Los gallegos en América*. Consellería de Cultura da Xunta de Galicia: Instituto Gallego de Cooperación Iberoamericana

___(1991) *Los gallegos en los descubrimientos y las exploraciones*., Santiago de Compostela: Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Marcelino. "Pedro Sarmiento de Gamboa". *Diccionario Biográfico Español*. RAE.

<https://dbe.rah.es/biografias/7707/pedro-sarmiento-de-gamboa>

"Francisco Antonio Mourelle de la Rúa". DBE.RAH .

<https://dbe.rah.es/biografias/6471/francisco-antonio-mourelle-de-la-rua>

"Juan de Lángara y Huarte". DBE.RAH.

<http://dbe.rah.es/biografias/11625/juan-de-langara-y-huarte>

LANDÍN CARRASCO, Amancio. (1991) *Galicia e os descubrimentos oceánicos*. Santiago de Compostela: Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno.

-*Los hermanos Nodal*.

https://ejercito.defensa.gob.es/Galerias/Descarga_pdf/Unidades/Antartica/antartica/blog/111217Nodal.pdf

MARÍA BAU, Andrea. "Ignacio Pazos". DBE.RAH.

<http://dbe.rah.es/biografias/81310/ignacio-pazos>

MARTÍN-MERÁS, Luisa. (2007) "Fondos cartográficos y documentales de la Comisión de Límites de Brasil en el siglo XVIII en el Museo Naval de Madrid". *Terra Brasilis*, 7-8-9. <https://doi.org/10.4000/terrabrasilis.402>

MARTÍNEZ MARTÍN, Carmen. (2000) "El legado cartográfico del marino Basilio Villarino sobre los descubrimientos en la Patagonia (1779-1785)". *Revista de Historia Naval* 71: 47-74.

<https://doi.org/10.4000/corpusarchivos.1409>

___(1997) "Aportaciones cartográficas de D. Feliz de Azara sobre el Virreinato del Río de la Plata". *Revista Complutense de Historia de América* 23: 167-192.
<https://revistas.ucm.es/index.php/RCHA/article/view/RCHA9797110167A>

MÉNDEZ BERDASCO, Antonio. (2005) *Contributo para o estudo da história da emigração galega na Argentina*. Buenos Aires: Dunken.

ORTIZ SOTELO, Jorge. *El piloto Andrés Baleato y la cartografía peruana*.
<http://ancienhistories.blogspot.com/2015/04/andres-baleato-espino-sa-de-los-monteros.html>

REY CASTELAO, Ofelia. (2001) "Los gallegos en el Río de la Plata durante la época colonial". *La Galicia austral: la inmigración gallega en la Argentina*. Buenos Aires: Biblos.

RODRÍGUEZ NIEDERHAUSERN, María Concepción. (2007) *Los gallegos en el Río de la Plata*. Pontevedra: Deputación.

SIXIREI PAREDES, Carlos. "Bartolomé García de Nodal". DBE.RAH.
<http://dbe.rah.es/biografias/10332/bartolome-garcia-de-nodal>

___ "Gonzalo García de Nodal". DBE.RAH.
<http://dbe.rah.es/biografias/13583/gonzalo-garcia-de-nodal>

VARESE, Juan Antonio. (2013) "Nuevas investigaciones y recientes naufragios en las costas de Rocha". *Revista Histórica Rochense* 4.
<http://www.revistahistoricarochense.com.uy/category/rhr-no-4/>

VICENTE MAROTO, Isabel, "Francisco de Seijas y Lobera". DBE.RAH
<https://dbe.rah.es/biografias/8003/francisco-de-seijas-y-lobera>

O papel da festa. O proceso da exposición dun documento aparentemente trivial.

Manuel Rial Santos

Ben seguro que cando un pensa na Biblioteca e Arquivo do Museo do Pobo Galego non esperaría poder consultar nos seus fondos o programa das Festas do Carme de Porto do Son de 1989, ou o do *Corpus Christi* de Redondela de 1931. E é que entre os miles de libros, publicacións, cartas, mapas ou imaxes que compoñen o seu impresionante acervo documental e bibliográfico, encóntranse verdadeiras curiosidades e sorpresas, como os programas de festas. Máis de 300 publicacións que van desde o século XIX ata hoxe, que non tiveron no seu día intención de perdurar, só servir para un momento concreto e de vital importancia social: promover as actividades festivas e, de paso, saber quen as financiaba.

Son documentos que achegan puntos de vista diferentes sobre un feito tan relacionado coa nosa identidade como pobo, indo máis alá dos tópicos recorrentes de misa solemne, procesión, orquestras e churrascadas, os programas de festa deixan no papel moitos matices que permiten reflexionar e falar sobre aspectos que constrúen as relacións sociais e de comunidade, e ofrecen valiosísima información local e sobre a época.

En pleno verán de 2016, o claustro do Museo do Pobo Galego engalanouse con bandeiras de cores para acoller a exposición *O papel da festa. Os programas de festas patronais nas nosas coleccións bibliográficas*. Unha mostra que sacaba dos cartafoles e andeis do último andar do antigo convento de San Domingos unhas publicacións descoñecidas e mesmo ás veces desdeñadas como documento.



Unha selección entre trescentos exemplares

Con esta idea, a responsable da biblioteca do Museo do Pobo Galego, Rosa Méndez, xuntara naquel verán nunha mesa da biblioteca de Xaquín Lorenzo unha boa morea de programas de festa que ían máis dun século atrás no tempo. Alí estaban concentrados anos e anos de música, comidas, xuntanzas e xogos. Lembro coller nas mans un programa das festas do Apóstolo de 1880 pensando na emoción dunha persoa veciña da Compostela do momento indo directamente á vespera, a certificar que habería fogos de artificio, como o sentiría hoxe calquera deslizando o dedo polas páxinas dun pdf baixado da web municipal.

Ollando para as dúcias de programas colocados sobre a mesa, comezaba o verdadeiro proceso de creación da exposición, trala idea inicial: construír un relato e seleccionar. Escoller é sempre complexo, e máis cando se trata de dar unha perspectiva xeral de cen anos de festas ao longo de todo o país. Tendo en conta as condicións técnicas da exposición, a disponibilidad de vitrinas e espazo, fíxose un cálculo aproximado que axudou a facer unha primeira distribución.

O criterio cronolóxico, aínda que clásico, é útil para advertir a evolución dos programas de festa, tanto desde o punto de vista dos seus impulsores, dos seus inicios burgueses á súa popularización crecente; como desde o punto de vista visual e gráfico, desde as ilustracións e o branco e negro á fotografía e ás cores psicodélicas.

A escolla de publicacións era máis fácil para os documentos máis antigos, pois son os que menos abundan; no entanto, tratouse de contar cunha representación xeográfica o máis ampla posible. De finais do século XIX e comezos do XX, vanse ordenando os programas de Betanzos, Tui, Santiago de Compostela, Ourense ou A



Coruña. Chegarán xa na ditadura, os programas do san Froilán de Lugo ou as do Lárez de Pontevedra, e os de moitas vilas que se van sumando á colección: Verín, Sarria, Caldas de Reis, Pontedeume, Ribeira, Allariz, Ortigueira, Teo, Muxía, etc. Co paso do tempo, a visión xeográfica será máis ampla aínda coa incorporación de concellos como Rianxo, Cuntis, Xinzo, Pontearreas, A Estrada ou Vedra.

No proceso de selección e de creación do discurso expositivo, había que mergullarse máis alá das portadas, moitas veces deseñadas por artistas de sona, pasando as páxinas dunhas publicacións aparentemente menores, das que se pode extraer moita información directa, con artigos literarios, históricos ou de enxalzamento do patrimonio cultural e natural da zona; e outra indirecta, moi interesante, entre liñas.

1880-1920: Os primeiros programas

Os programas de festa van prosperar nas contornas urbanas, centradas nas celebracións máis destacadas de cada vila e cidade, promovidas por unha clase social máis burguesa, desde as "Ligas de amigos", entidades deportivas ou comerciais, moito antes de que asuman o protagonismo os concellos e as comisións.

Un reflexo dese sentir aristocrático son algunhas das actividades incorporadas nos extensos planos dos días festivos. Por exemplo, o "*paseo de la moda*" que se realizaba de mañá ou á tarde e que consistía en promover encontros sociais na rúa principal ou na alameda lucindo as mellores galas e con acompañamento musical desde os quioscos. En Compostela, por exemplo, chegaba a darse un curioso contraste coas roupas e actitudes na carballeira de Santa Susana, xusto ao seu carón, onde se celebraban as feiras máis destacadas do ano.

Precisamente, *Fiestas en Santiago de Compostela 1880* é o documento máis antigo que figura na colección do Museo do Pobo Galego. A lista de actividades

aínda coincide en bastantes puntos coas actuais: campás e bombas de palenque para comezar, gaiteiros, xigantes, bandas de música, os ansiados fogos de artificio, misa solemne, xogos e, isto si que sería hoxe unha novidade, como curioso final, un “volcán artificial” que colocado no “monte Sarela” imitaba as erupcións do Etna e do Vesubio.



Sen dúbida, outra das actividades curiosas polo novidoso, eran as competicións de “*foot-ball*” que comezaba a popularizarse como deporte entre a burguesía, incluída tamén nos programas entre as diferentes formas de lecer da época.

De todo o escrito nestes documentos é difícil aínda localizar textos en galego, pero curiosamente a única referencia localizada está na publicidade. “O anís do Mono é un espréindido licore sin rival” era un dos varios slogans na nosa lingua do anuncio do representante de bebidas José Casal Juncosa. Era un empresario coruñés, socio de Casares Quiroga entre outros, na propiedade do Atlantic Hotel, relacionado tamén coas Irmandades da Fala.

Vemos, pois, como desde os inicios aproveitouse a ampla repercusión e imaxe positiva transmitida polos programas de festas para anunciarse e evidenciar con que apoios económicos se contaba por parte de comercios, bancos, almacéns, farmacias, xastrerías, garaxes, etc. Un rico compendio do tecido empresarial de cada vila do momento.

1930-1940: Arte gráfica

Outra das riquezas destes cadernos é a colección de deseño gráfico e de ilustracións da época ao longo das súas páxinas. Identificamos portadas de recoñecidos pintores, gravadores, fotógrafos e deseñadores como Maside, Camilo Díaz, Virxilio, Juan Luís, Villafínez, Ángel Bar, Máximo Ramos, Mayer, A. Veiras, Vilasó e Alfonso Costa, entre outros.

Dos tempos da República española consérvanse varios programas, como o do Corpus de Ourense de 1935, no que o presidente da Liga de Amigos, Adolfo



Otero, refírese á insistencia do alcalde para que a organización continuase un ano máis cos preparativos, e láíase porque *“la recaudación no fuera todo lo espléndida que deseábamos y las fiestas requieren”*. Persoas nas comisións que continúan por obriga ou falta de substitución e escasos ingresos despois de pedir. Parece que iso non mudou demasiado.

Tralo golpe de Estado franquista e primeiros anos da ditadura, decae a publicación de programas, retomándose durante a década dos 40, onde as referencias a Franco e aos símbolos do réxime van ser habituais nas páxinas dos festexos.

1950-1960: Reflexo da vida social e política

O inicio do novo desenvolvemento económico, repercute tamén nun aumento de exemplares na colección do Museo, ampliándose ademais a orixe dos programas, pasando das cidades e vilas máis destacadas a obter programas de lugares máis pequenos.

Un caso curioso é o da parroquia da Lamosa (Covelo), onde na publicación da comisión de 1951 recóllense feitos destacados, como a coincidencia coas festas do primeiro alumeado público, ou o repaso en dúas páxinas das diferentes achegas económicas doadas pola veciñanza. As cifras aparecen para dar os parabéns e, ao mesmo tempo, pór en evidencia aos que non colaboraron. Serán, evidentemente

te, os emigrantes os que destaquen na súa xenerosidade, marcando a orixe dos mesmos (Portugal e o Brasil, neste caso).

A creación de industrias, o asfaltado das estradas e a urbanización crecente dos concellos quedan reflectidos nos programas de festa, cun afán propagandístico tanto dos poderes políticos como tamén símbolo de progreso e autoestima do lugar. Algo que non fará máis que medrar nas décadas seguintes coa recuperación da democracia e a necesidade da procura de votos.

De sempre os programas de festa actuaron como reclamo para os foráneos, e como atracción para visitantes, pero tamén como signo de identidade para a veciñanza. O patrimonio actúa como emblema da vila, facendo referencia en imaxes e ilustracións a monumentos como castelos e igrexas, ou tamén a literatos e homenaxes a persoeiros locais destacados.

En canto ás actividades, vese como os programas son cada vez máis parecidos aos actuais, achegando novos estilos de música para bailar. É o verdadeiro despegue das orquestras. Nas festas da Barca de 1951 anúncianse para o primeiro día agrupacións de música galega, "*folión y pandeiradas*" e, a partir de aí, os tres días seguintes terán música de orquestra, neste caso en singular, pois do sábado ao luns "*Los satélites*" non deixaron de soar no porto de Muxía.

1970-1980: As festas, momento para o turismo

Desde os anos sesenta, o turismo vai cobrando relevancia como unha ansiada fonte de ingresos, feito que queda plasmado nos deseños dos programas, coa utilización masiva da fotografía a cores, as praias, os deportes náuticos e o patrimonio cultural e natural son empregados como focos de atracción.

Se antes se mencionaba a propaganda institucional sempre presente nos programas, coa edición e maior apoio económico municipal, o "saúda" de alcalde e corporación municipal non pode faltar nas primeiras páxinas. Os programas de festas son polo tanto, mostra da realidade social e política da época. Mesmo no 1979, o deseño do cartel das festas de Compostela serviu para celebrar a capitalidade de Galicia. Nun mapa do país, a catedral aparece destacada entre os monumentos das principais cidades.

Na década dos 80 decidiuse poñer fin na selección de publicacións, para dar cabo do século completo, deixando a historia recente para a memoria persoal.

Dinamizar unha exposición documental

Unha vez seleccionados os programas e creados os textos que os van acompañar tocaba a súa disposición na exposición. Para dinamizar a mostra e vestila dunha maneira máis informal e menos seria do que por costume se asocia a unha exposición bibliográfica en vitrinas, desenvolvéronse unha serie de actividades, acompañadas dunha ambientación festiva. Coa habilidade e experiencia de Manuel Vilas Tubío, fóronse distribuindo as diferentes vitrinas no corredor do primeiro andar do claustro do museo, e sobre elas unha serie de bandeirolas que vestían de cores o espazo. Ademais, nas paredes incorporáronse algúns carteis de festas conservados nos fondos do museo.




Ademais desta ambientación visual, tamén a houbo sonora, xa que na exposición integrouse música ao vivo. O gaiteiro e traballador do Museo Xurxo Martins ofreceu pequenas “alboradas” coas que chamar a atención do público e encher o corazón de espírito festeiro.

Cos modestos recursos cos que contaba a exposición, tamén se realizaron copias de programas de festas, consultables por parte do público visitante, permitindo unha interacción coas pezas documentais máis directa coa que saír por un momento do rol de espectador, pasando as páxinas de papel e deixando liberdade para ler e interesarse polo que á persoa lle praza.

Do mesmo xeito, ofreceuse un pequeno programa en branco no que cada visitante puidese convidar á súa festa favorita. O resultado final foi moi satisfactorio, tendo que facer varias “edicións” máis do previsto destes cadernos, onde

se escribiron referencias a festas de todo tipo e de lugares tan afastados como o Xapón. Tamén houbo quen se inspirou coas ilustracións de Díaz Baliño, debuxando o seu propio cartel de festa.



No medio do verán, cun público visitante fundamentalmente turista e sen escolares, ofrecéronse unha serie de visitas guiadas abertas e tamén enfocadas a colectivos, como a visita a usuarios do Hospital Psiquiátrico de Conxo.

En definitiva, como se puido observar, dun documento aparentemente menor como son os programas de festa conséguese viaxar dunha maneira amena polos tempos onde as festas patronais eran o momento máis esperado do ano. A través das páxinas destes caderniños, recíbese toda unha información que non é fácil localizar noutros sitios xa que nalgúns lugares é a única publicación que se edita.

As exposicións bibliográficas son unha das actividades fundamentais para visibilizar a labor desta área do Museo do Pobo Galego, que por non entrar no itinerario de visita é bastante descoñecida para o público xeral. A través de accións concretas e dinamizadoras, pódese apelar ao público e chamar a atención sobre a riqueza patrimonial documental e as oportunidades que ofrece para a investigación, consulta e interpretación da nosa historia.

NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

ADRA é unha revista con periodicidade anual.

Os temas que se abordan na revista son todos aqueles relacionados cunha visión ampla da realidade galega desde calquera punto de vista e área de coñecemento, tendo especial incidencia a antropoloxía social acorde cos fins e misión do Museo do Pobo Galego.

O ámbito preferente da revista é Galicia sen deixar de atender miradas cara outras realidades vinculadas coa nosa cultura ou en contraste con ela.

A revista acepta exclusivamente orixinais inéditos, redactados nos seguintes idiomas: galego, portugués, español, francés e inglés. Só se publican artigos en galego, os autores deberán aceptar a tradución de acordo cos criterios que indique o Consello Editorial.

A revista conta cun sistema de avaliación externa. Unha vez recibido un orixinal, de acordo coas especificacións formais abaixo sinaladas, será enviado a dous expertos anónimos quen emitirán un informe que determinará a aceptación ou rexeitamento do manuscrito.

Os autores poderán corrixir unha proba de imprenta do seu artigo, sempre e cando remitan as correccións no prazo

que lle indique o Comité de Redacción que non será superior a 15 días.

O enderezo para o envío de orixinais é:

ADRA. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego.
 Museo do Pobo Galego
 San Domingos de Bonaval
 15703 Santiago de Compostela
 biblioteca@museodopobo.gal

As opinións e feitos consignados en cada artigo son de exclusiva responsabilidade dos seus autores. O Museo do Pobo Galego non se fai responsable, en ningún caso, da credibilidade e autenticidade dos traballos.

Presentación.

Os artigos irán precedidos dunha folla na que figure: título, nome dos autores e autoras e filiación institucional, enderezo postal, teléfono e correo electrónico.

Os orixinais presentaranse vía telemática. A extensión dos artigos será dun mínimo de 20000 e un máximo de 50000 caracteres en letra Arial 12 e incluídas fotografías, planos, gráficos e bibliografía

Os artigos deberán estar precedidos dun resumo en galego e inglés, cunha extensión en torno a 100 palabras, así como de entre 3 e 6 palabras chave.

Imaxes.

As imaxes e ilustracións deben ir en arquivo aparte, en formato jpg, con unha resolución de 300 píxeles por pulgada e indicando a súa posición no texto.

Citas literais.

Cando sexan breves irán incorporadas no texto, se superan as catro liñas, destacarase nun parágrafo separado, sempre entre comiñas. Todas as citas levarán, tras o peche das comiñas e entre paréntese, a referencia que inclúe: apelido, ano de edición e páxinas. Ex.: (González Monje 2011: 138-139).

Notas ao pé.

Se prefire a eliminación das notas ao pé mais de ser necesarias deberán numerarse consecutivamente.

Bibliografía:

A bibliografía limitarase aos libros e artigos citados no texto. Presentarase alfabeticamente ao final do artigo. Se hai varias referencias dun autor irán ordenadas por ano de edición de máis antigo ao máis recente. A forma de presentar as referencias bibliográficas, deben seguir o seguinte modelo:

Libros:

GONDAR PORTASANY, Marcial. (1987) *A morte*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.

RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel, SÁENZ-CHAS DÍAZ, Belén. (2000) *O tecido*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.

Artigos en publicacións periódicas:

BRAÑA REY, Fátima. (1998) "Adaptacións ou cambios. A sala do mar do Museo do Pobo Galego". *Antropológicas* 2: 141-156, Porto.

Participación en obra colectiva:

BERAMENDI, Justo. (2010) "A Galicia de 1909". C. García Martínez (ed.), *Exposición Galega de 1909*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 9-30.

Webgrafía:

Dado o incremento de enderezos de Internet, (libros, artigos, imaxes, etc.) as citas en liña irán xuntas despois do apartado de bibliografía.

Consignaranse do mesmo xeito que nos tipos anteriores incluíndo autores, ano, título e data de consulta. A dirección web incluírase en liña aparte:

Ex.: PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO (2006) *Informe sobre a Cidade da cultura*. [Consulta en liña: 23/05/2012]

<http://www.museodopobo.es/uploads/pdf/Revista%20Adra%204.pdf>

Socios patrocinadores

Aluminios Cortizo
Financiera Maderera S.S.
Televés S.A.

Socios protectores

AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias)
Arumia S.L.
Bodegas Terras Gauda
Caixa Rural Galega S. C. C. L. G.
Clínica Dermalar
CRIXP (Carne de Vacún de Galicia)
Fundación Juana de Vega
Fundación Rodríguez Iglesias
Gadisa Retail S. L. U.
J. J. Chicolino
O 16 casa de xantar
Pedra Salgada S. L.
Progando S.L.
R Cable y Telecable Telecomunicaciones S.A.U.
Restaurante La bodeguilla de San Roque
Restaurante María Castaña



Museo do Pobo Galego

Colabora:



**XUNTA
DE GALICIA**